

infraestruturas

O proxecto de reforma do Anxo Carro terá un investimento de 3,8 millóns. **Páx. 8**

sociedade

Xesús Alonso Montero e Rafael de Vega xa son Fillos Adoptivos da cidade. **Páx. 11**

cultura

A XXV Mostra de Teatro Clásico trae 13 representacións á cidade en marzo. **Páx. 16**

economía

A Valedora dálle ao Concello un mes para entregar as contas do San Froilán. **Páx. 20**

deportes

Lugo acollerá ata o mes de xuño 16 grandes eventos competitivos. **Páx. 30**

A sociedade luguesa despide a súa alcaldesa



Un gran cambio en materia de transportes

A obra da intermodal avanza mentres se presenta unha opción para a estación de autobuses. **Páx. 2-3**

Final da planta de biometano de Coeses

A Xunta denegou a autorización ambiental para a súa construción polas verteduras. **Páx. 13**

A dependencia centra o debate na Deputación

O Pleno esixirá á Xunta que retire as reformas que fixo á lei porque deterioran a atención. **Páx. 29**

Ruta Cabalar de Orbazai



A segunda edición terá lugar o vindeiro 22 de marzo. **Páx. 12**

Grupo de Teatro Bengala



Andrea Maseda e An González son as promotoras do grupo. **Páx. 18**

Asociación de Empresarias



Entrevista á presidenta do colectivo lucense, Anjhara Gómez. **Páx. 21**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel · 982 253 890

· 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es

A restruturación dos transportes

O remate da nova estación Intermodal, previsto para final de ano, implicará cambios de calado na estética da cidade

A nova estación Intermodal e o paso subterráneo que cruzará a cidade de Lugo baixo as vías do tren estarán en funcionamento o vindeiro ano.

Así foi anunciada polo delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, que visitou as obras que se están levando a cabo na actual estación de tren xunto ao director xeral de Alta Velocidade e de Construcións de Adif, Juan Pablo Villanueva; a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarelos, e o presidente da Deputación, José Tomé, que resaltaron e agradeceron o compromiso do Goberno de Pedro Sánchez en mellorar as infraestructuras da provincia.

O proxecto, no que o Goberno de España está a investir un total de 22,3 millóns de euros, está actualmente na fase de execución do paso inferior, que permitirá conectar as diferentes marxes da estación; así como na construción do novo edificio central, que contará con modernas instalacións para os viaxeiros. Este proxecto está a ser levado a cabo sen interrupción no tráfico ferroviario, grazas á coordinación entre Adif e as autoridades locais.

O mandatario provincial, José Tomé, valorou o avance das obras e subliñou a importancia desta infraestrutura para mellorar as comunicacións da provincia, destacando que “articula o territorio e establece unha conexión directa con A Coruña”.

Tomé resaltou que esta actuación complementa as obras en marcha entre Ourense, Monforte e Lugo, que permitirán a conexión directa

da provincia coa alta velocidade, mellorando tanto a mobilidade de viaxeiros como o transporte de mercadorías

“A estación Intermodal de Lugo, unha vez rematada, conectará as liñas ferroviarias de alta velocidade e mellorará notablemente a accesibilidade da cidade, converténdoa nun punto clave da rede de transportes de Galicia. Ademais, a nova infraestrutura tamén facilitará a conexión coa liña ferroviaria de Lugo-Ourense, unindo de forma directa a cidade lucense coa alta velocidade”, subliñou o mandatario provincial.

Así mesmo, José Tomé valorou as numerosas actuacións que o Goberno está a levar a cabo para transformar a mobilidade lucense, que ademais da modernización da liña ferroviaria que une a cidade con Ourense ou a unión con Santiago, o Ministerio de Transportes traballa simultaneamente en dous eixos: a finalización da autovía A-54, que estará rematada este mesmo ano, e a conexión a través do tren, sobre a que esta mesma semana se adxudicou o estudo de viabilidade.

O presidente da Deputación tamén resaltou o importante investimento destinado ao mantemento de infraestructuras, como é o caso da A-6, na que vai destinar máis de 30 millóns de euros para seguir avanzando na optimización das súas medidas de seguridade mediante as reparacións do seu firme. Súmanse aos 20 millóns xa executados, polo que o Goberno superará os 50 millóns destinados ao acondicionamento desta autovía.



O PP denuncia a “desaparición” de Lugo do mapa do Corredor Atlántico

O PP expresou a súa inquietude pola “desaparición de Lugo do mapa do Corredor Atlántico para o horizonte 2030”, tras analizar o Plan Director para Galicia presentado recentemente polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. Ante esta situación, propuxo e conseguiu a no Pleno da Deputación de Lugo esixir ao Goberno de España a elaboración dun novo Plan Director do Corredor Atlántico que garanta a conexión da provincia coa alta velocidade e contemple inves-

timentos en infraestructuras para evitar o illamento da provincia de Lugo e garantindo a conexión coa alta velocidade, así como comprometerse con investimentos en infraestructuras” e “cumprir coa súa parte do financiamento en materia de dependencia”. Cos votos a favor dos deputados do Partido Popular e do BNG saía aprobada a iniciativa. O portavoz do Grupo Provincial, Antonio Ameijide, explicou que o Corredor Atlántico é “clave para o desenvolvemento loxístico e a

conexión de núcleos urbanos” e lamentou que “nin sequera aparece o nome de Lugo no mapa. Este abandono suporá que a provincia quede desconectada en termos de mobilidade e desenvolvemento económico”, afirmou. Ameijide denunciou que “Lugo ten unha estación sen trens e segue fóra da alta velocidade”. Ademais, criticou que o Goberno de España non contemple a execución de variantes como Os Peares-Canabal ou Rubián..



koleccioname

C/ San Pedro 28



SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

LEYDAK
cocinas

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335



A actual Estación de Autobuses podería ser o Gran Parque Central

O Bloque Nacionalista Galego de Lugo presentou o seu proxecto para transformar o espazo da actual Estación de Autobuses unha vez que entre en funcionamento a futura estación intermodal. A proposta contempla a creación dun gran parque urbano que mellore a paisaxe da cidade e reforce os espazos verdes no centro.

O Gran Parque Central situarase no espazo que actualmente ocupa a Estación de Autobuses, unha área de máis de 6.500 metros cadrados, converténdose nunha gran zona verde a carón do centro urbano. En total, abarcará máis de 27.000 metros cadrados e contará con áreas de xogo infantil, espazos de convivencia e un centro cultural de referencia como o Vello Cárcere.

O voceiro do BNG e tenente de alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroso, xunto con Antón Bao, responsable local da formación, e outros cargos e militantes, defenderon a iniciativa. "É unha proposta que

o BNG defendeu desde que xurdiu o proxecto da Estación Intermodal. Queremos converter este espazo nun parque urbano que beneficie á cidadanía", explicou Bao.

O PROXECTO. As infografíaas presentadas polo BNG amosan unha gran zona verde que incluíría un aparcadoiro soterrado para eliminar definitivamente os problemas de estacionamento no centro de Lugo. "Incluso poderíamos estudar a conexión co actual aparcadoiro da Praza da Constitución", explicou Arroso.

Ademais, a proposta inclúe a creación dunha parada para as liñas de transporte interurbano que desexen deterse nesta zona, sen que isto altere a idea central de converter a área no que denominaron Parque Central de Lugo, unha nova praza verde integrada no casco histórico.

Dentro do proxecto, o BNG propón a construción "dun túnel soterrado para vehículos" que conecte a rúa Dinán coa avenida Anxo López Pérez,

permitindo "practicamente eliminar o tráfico rodado e gañar un novo espazo peonil de máis de 27.000 metros cadrados, case tres hectáreas en total, que partiría desde a Muralla".

O proxecto do BNG tamén busca contribuír á loita contra o cambio climático mediante a creación de novas zonas de sombra que axuden a regular a temperatura nos espazos públicos.

Arroso instou á Xunta de Galicia a desenvolver este proxecto "con diálogo e consenso tanto social como político" e subliñou que "coa transformación do espazo que hoxe ocupa a Estación de Autobuses, a Xunta ten a oportunidade de demostrar o seu compromiso con Lugo a través do investimento e da mellora da cidade".

O BNG xa rexistrou unha proposición para o próximo pleno na que insta á Xunta a estudar a viabilidade deste proxecto co obxectivo de converter o terreo da Estación de Autobuses no gran parque central de Lugo.

Estudarán a conexión con Santiago por tren

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible adxudicou por 357.857,50 euros a redacción dun estudo de viabilidade para mellorar a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela, co obxectivo de seguir desenvolvendo o tren en Galicia.

Os traballos permitirán analizar o reforzo da conectividade entre ambas as cidades mediante unha nova variante entre a liña León - A Coruña e o Eixe Atlántico de Alta Velocidade, conseguindo unha conexión máis eficiente entre Lugo e as principais cidades galegas da cornixa atlántica.

O estudo, adxudicado á UTE Tema Enxeñaría S.L. e Fulcrum, Planificación, Análise e Proxecto, S.A.U.,

desenvolverase en dúas fases: a primeira, na que se realizará un estudo de mobilidade en Lugo para analizar os fluxos de viaxeiros, identificar necesidades e estimar a demanda de novos servizos de transporte; e a segunda, na que se definirá o novo trazado, que incluírá a variante e melloras na liña actual. Posteriormente, estudarase as alternativas e a súa rendibilidade socioeconómica en función da demanda e os tempos de viaxe.

A posta en marcha deste estudo coincide co desenvolvemento das obras das novas estacións en Lugo e Santiago de Compostela e súmase ás melloras no desenvolvemento das liñas e estacións de Galicia.

O BNG e comerciantes critican a Liña Conecta

O concelleiro do BNG de Lugo, Alexandre Penas, cualificou de "desafortunada, rozando incluso o insulto aos lucenses" a iniciativa presentada pola Xunta de Galicia en Lugo.

A crítica refírese á posta en marcha da nova Liña Conecta entre Lugo e A Coruña, operada pola empresa Arriva desde principios de xaneiro, e que as autoridades destacaron especialmente con respecto ao traxecto directo de Lugo ao centro comercial Marineda City.

Penas criticou que "a Xunta segue sen mostrar un proxecto claro para Lugo, non é razoable que o concelleiro veña presentar como medida estrela o incremento das conexións da nosa cidade cun centro comercial

da Coruña". O BNG considera que esta medida ataca directamente ao pequeno comercio da cidade, especialmente no centro. "Non sabemos se este é o centro de negocios que a Xunta valoraba para Lugo", engadiu Penas.

A Federación de Comercio de Lugo súmase ás críticas á Xunta, considerando que a conexión entre Lugo e o centro comercial da Coruña é unha medida resultaría "totalmente perxudicial" para a cidade e, en particular, para o comercio de proximidade lucense, xa que, no momento actual, o comercio do centro de Lugo "está a sufrir as consecuencias das obras, que semellan non ter fin, e que necesitan apoio para atraer visitantes á cidade".

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



A ponte de As Saamasas levará o nome do ex alcalde Notario Vacas

O Goberno local de Lugo levou este mes á sesión plenaria unha proposición conxunta asinada polo viceportavoz do Grupo municipal Socialista, Pablo Permuy, e polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Rubén Arroxó Fernández.

A proposición ten como obxectivo trasladar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a proposta do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para denominar a ponte de As Saamasas, que cruza o río Miño no municipio dentro da ruta da N-540, co nome do seu promotor e executor, Tomás Notario Vacas.

“A figura de Tomás Notario Vacas está profundamente vinculada co desenvolvemento de infraestruturas clave para os lucenses, moitas das cales foron executadas durante a segunda metade do século XX”, explican desde o Concello de Lugo. A Alcaldía de Lugo recibiu o pasado 14 de xaneiro unha comunicación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, na que, por acordo unánime da súa xunta

directiva, se solicitaba que se considerase o nomeamento da ponte de As Saamasas en honra a Tomás Notario Vacas, en recoñecemento aos seus méritos e á súa vinculación coa cidade e a provincia de Lugo.

Tras estudar a solicitude, constatouse que a infraestrutura non é de titularidade municipal, senón que pertence ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. Por este motivo, o Executivo abordou a petición no próximo Pleno de febreiro e enviará ao Goberno central co respaldo da Corporación.

Esta foi aprobada por unanimidade aínda que o Grupo Municipal do PP presentou unha emenda porque consideraban que iniciativa é “insuficiente”.

Malia que non foi aceptada, os populares votaron a favor pero pediron “unha maior implicación e que o Concello asuma un rol máis activo, en vez de ser un intermediario. A memoria de Notario Vacas e o recoñecemento ao seu legado merecen algo máis que un trámite sen compromiso”, conclúen.

A reconstrución do muro de Frai Plácido Rei Lemos está para acabar

O Goberno de Lugo está a piques de rematar os traballos de reconstrución do muro na rúa Frai Plácido Rei Lemos, a falta de instalar o mobiliario público e realizar os últimos remates da obra. O proxecto, que busca mellorar tanto a accesibilidade como a integración paisaxística, avanza de forma significativa.

O tenente de alcalde de Lugo, Rubén Arroxó, explicou que un dos principais obxectivos da obra é crear un percorrido accesible para toda a veciñanza. A nova infraestrutura contará cunha rampla accesible que partirá do final do Paseo Vila de Foz e rematará na rúa Cidade de Viveiro, conectando o barrio de Recatelo co Parque, eliminando así barreiras arquitectónicas e facendo da cidade un lugar máis inclusivo.

Arroxó tamén destacou que a obra mellorou a integración do muro coa paisaxe, ao tempo que se eliminou a barreira arquitectónica causada pola diferenza de cotas. A solución aplicada consistiu en “escalonar o muro



en distintos bancais, o que reduce o impacto visual da estrutura”, apuntou o tenente de alcalde.

A reconstrución tamén inclúe a creación de novas zonas verdes. No primeiro bancal, máis próximo á rúa Frai Plácido Rei Lemos, construíuse unha área completamente axardinada, o que contribúe á creación dun pulmón verde na cidade. Isto non só mellora a estética da zona, senón que tamén axuda a reducir a temperatura do pavimento durante os días

de calor. No segundo bancal, situado un pouco máis arriba, atopárase unha praza con arboredo, un espazo pensado para o descanso da veciñanza, que tamén mellora a integración do muro coa contorna e suaviza o impacto visual.

Con estas melloras, o Goberno de Lugo continúa avanzando na transformación da cidade, facendo dela un lugar máis accesible, verde e coidadosamente integrado coa súa paisaxe.



A Asociación Trapero Pardo solicita a reparación de rúas no barrio da Cheda

Desde a Asociación Trapero Pardo do Barrio da Residencia, solicitan á Concellería de Vías, Obras e Infraestruturas do Concello de Lugo que inclúa nos orzamentos do ano 2025 a reparación de diversas rúas no Barrio da Cheda, que actualmente carecen de beirarrúas adecuadas para os peóns.

Entre as rúas máis afectadas, a Asociación menciona a Rúa Marqués de Ombreiro, onde, en sentido descendente, a media rúa os viandantes deben camiñar por un terreo de herba e terra ou polo carril bici, xa que a beirarrúa desaparece.

De igual maneira, a Rúa Río Mandeo presenta un problema semellante, xa que, ao descender pola rúa, aproximadamente a metade do seu percorrido, queda sen beirarrúas, sen beiravías e sen ningún tipo de protección para os peóns, o que supón un grave risco para a súa seguridade. Ante esta situación, a Asociación Trapero Pardo insistiu na necesidade de realizar unha reforma integral do Barrio da Cheda, con especial atención a estas rúas mencionadas, que requiren unha solución urxente para garantir a seguridade e o benestar dos veciños e viandantes. A solicitude subliña a importancia de que estas obras se inclúan nos orzamentos municipais do próximo ano para poder levar a cabo as reformas necesarias.

Rematan os traballos de mellora estética na contorna da Muralla

Os traballos de mellora estética na contorna da Muralla de Lugo, na zona do Carril dos Fornos, no barrio da Tinería, veñen de ser rematados. Esta intervención, acometida pola Xunta, centrouse na eliminación dos elementos de protección perimetral que se instalaban durante as escavacións arqueolóxicas realizadas na área. Estes elementos causaban un impacto visual negativo sobre o Monumento.

O delegado, Javier Arias, comprobou os resultados da intervención, destacando o “importante cambio estético” que experimentou a zona, especialmente trala retirada do valado de chapa galvanizada que delimitaba o perímetro do terreo escavado. Este valado foi substituído por unha varanda de madeira “máis acorde co espazo e sen tanto impacto visual”, destacou Arias.

Ademais, tamén se eliminou o peche de táboas de madeira que estaba situado xunto ao adarve, na parcela próxima ao aparcamento do hospital Quirón.

Neste espazo, colocouse unha nova varanda metálica, cun acabado en pintura efecto forxa e de cor negra, que resulta máis baixa e permeable. O delegado explicou que este deseño é similar ao das varandas empregadas en outras intervencións previas realizadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na Muralla.

Arias subliñou que, a pesar de ser unha actuación aparentemente pequena, resulta de gran importancia tanto para os visitantes como para os veciños de Lugo, que agora poden desfrutar dunha mellor vista da Muralla sen o impacto visual das anteriores estruturas.

GALO

¡A DOMICILIO!

982 247 076 RECATELO N°1

¡CON GLOVO Y JUST EAT!

Un novo proxecto busca continuar co impulso de melloras en Recatelo

Rubén Arroxo, tenente alcalde e concelleiro responsable de Mobilidade de Lugo, reuniuse con veciñas e veciños do Carril dos Loureiros para dar a coñecer os detalles dun novo proxecto que busca continuar co impulso de melloras no barrio de Recatelo.

Este proxecto, que forma parte do proceso de peonalización das rúas da zona, ten como obxectivo crear un novo espazo máis accesible e cómodo para a cidadanía.

Arroxo explicou que este encontro é só unha das numerosas xuntanzas que se celebraron ao longo da fase de elaboración do proxecto, que tiveron como fin atender as necesidades dos veciños e veciñas. “O noso obxectivo é avanzar na mellora do barrio e, en particular, crear un novo espazo útil para a xente que reside na zona”, subliñou.

O proxecto contempla a conversión do Carril dos Loureiros nunha plataforma única de preferencia peonil. Aínda que a rúa será peonalizada, manterase o acceso a vehículos, pero con velocidade reducida para residentes e para as labores de carga e descarga. Ademais, a renovación incluírá a actualización dos servizos soterrados, como a rede de abastecemento e o saneamento, mellorando así a infraestrutura da zona.

Un dos aspectos máis destacados deste proxecto será a creación de novas zonas verdes ao longo da rúa, que permitirán xerar espazos de sombra para que os veciños poidan disfrutar do paseo durante as xornadas de calor. Tamén se instalará alumeadado LED de baixo consumo, garantíndose unha iluminación uniforme e eficiente.

O Goberno de Lugo está a investir 367.346,38 euros nesta actuación, que será executada pola empresa Construcciones Sanle SA. O proxecto



ten como finalidade mellorar tanto a funcionalidade como a estética do barrio, facendo de Recatelo un espazo máis agradable para os seus habitantes e para todas as persoas que visiten a zona.

Rubén Arroxo destacou que, coas melloras previstas no Carril dos Loureiros, Recatelo consolidarase como unha zona de paso importante entre o centro da cidade e o Parque de Rosalía. “Este proxecto mellorará a calidade de vida da veciñanza, ao tempo que fomentará a mobilidade sostible e o desfrute dos espazos públicos”, afirmou o Tenente Alcalde, quen tamén destacou que a actuación serve como un modelo de participación cidadá.

Con esta iniciativa, Lugo continúa avanzando na transformación dos seus barrios, promovendo a integración da mobilidade peonil e a mellora dos servizos urbanos.

ASFALTADO. Comezan os traballos de renovación do firme que se levarán a cabo nas rúas Celso Emilio Ferreiro, Tino Prados e Xosé Crecente Vega. A actuación, que conta cun investimento de 72.596,37 euros, ten como obxectivo renovar as vías coa pavimentación deteriorada e garantir a boa calidade e imaxe da rede de vías urbanas municipais.

Para iso, o Goberno de Lugo proce-

derá á reconstrución do paquete de firme en todo o seu espesor, de modo que os defectos na capa base non afecten á capa de rodadura.

Ademais, instalarase unha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, o que permitirá un selado do firme ante a acción da auga superficial, asegurando a súa durabilidade a longo prazo.

Unha vez pavimentadas as vías, realízarase a adaptación dos rexistros á nova cota da superficie e instalarase unha nova base para os contedores. Finalmente, tamén se renovará a sinalización vertical e horizontal das rúas. O prazo de execución dos traballos é de 10 semanas.

Tamén comezou o asfaltado de sete vías na contorna do barrio de San Fiz co fin de mellorar as infraestruturas nas zonas periurbanas da cidade.

As vías que se verán beneficiadas por esta intervención son: a Corredoiroira entre as vivendas 23, 22, 19 e 23, a Pista de acceso ao Camiño da Igrexa, o Camiño da Costa, a Pista de acceso á Igrexa, a Pista de acceso aos chalés, o Acceso á Tolda e a Rúa das Laxes.

Nos tramos que contan actualmente cun asfalto en quente, os traballos consistirán na reconstrución do paquete de firme en todo o seu espesor para evitar que os defectos na base afecten á capa de rodadura.



Atrásanse as obras de peonalización de Bolaño Rivadeneira e Montevideo

As obras de peonalización que se están a levar a cabo no marco do Proxecto Corazón Verde volven a atrasarse ao conceder, o Concello de Lugo, unha ampliación de 38 días laborais.

Esta obra afecta a un treito clave do Centro Histórico da cidade, comprendido entre a porta da Muralla de Bispo Odoario e a Praza de Ferrol, concretamente nas obras de peonalización e humanización das rúas Montevideo e Bolaño Rivadeneira.

A decisión foi adoptada despois de que a empresa encargada do proxecto, Xestión Ambiental de Contratas, presentase unha solicitude explicando os motivos que influíron no retraso dos traballos.

Segundo a empresa, a aparición de restos arqueolóxicos na rúa Bolaño Rivadeneira e as inclemencias meteorolóxicas, especialmente episodios de choiva, afectaron directamente á execución das labores de pavimentación e, en menor medida, ás de movemento de terras. Estas condicións obrigaron a suspender algúns xiros de traballo dentro do prazo inicialmente previsto.

Despois de estudar a solicitude, os técnicos municipais consideraron que os motivos expostos afectan ao

cronograma de traballo e, por iso, decidiron autorizar a prórroga. A nova data límite para a finalización das obras será o próximo 6 de maio.

DENUNCIA A EUROPA. A Asociación Lugo Monumental anunciou que levará á Unión Europea os graves prexuízos causados polos continuos retrasos nas obras da zona de Montevideo e Santo Domingo da cidade amurallada.

Segundo a organización, a situación é “escandalosa”, xa que unha obra que inicialmente ía durar 306 días xa acumula 727, o que representa un 238% máis do tempo previsto.

Lugo Monumental sinalou que a verdadeira causa deste retraso non son as chuvias, como argumenta o goberno local, senón a paralización dos traballos durante os meses de verán, cando apenas se avanzou.

A Asociación tamén critica as continuas prórrogas que se concederon ás obras, sendo a quinta no caso de Montevideo e a cuarta no de Santo Domingo. Este feito xera unha gran incerteza entre os empresarios, que non poden confiar nos prazos anunciados polo goberno para realizar as previsións de compra e o deseño das súas campañas comerciais.

estudios
rafer

Un nuevo año, una nueva oportunidad. Certifica tu futuro con Estudios Rafer

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL
Titulaciones oficiales para el empleo

MEJORA TU EMPLEABILIDAD

Estudios muy demandados que garantizan la estabilidad y seguridad laboral



ADMINISTRACIÓN
MARKETING
FINANZAS



OBRA CIVIL
COMPETENCIAS DIGITALES
LOGÍSTICA



SOCIOCULTURAL
TURISMO
MEDIO AMBIENTE

Estudios Rafer pone en marcha un Programa de Formación dirigido a desempleados y trabajadores, dentro del Plan formativo para el empleo de Galicia. Fórmate con nosotros

- CERTIFICADOS PROFESIONALES
- 100% GRATUITOS
- TITULACIONES OFICIALES PARA LA ESTABILIDAD LABORAL

www.estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es
666 483 504 / 982 22 26 49

DIGALICIA Tu Formación Digital

PROGRAMA GRATUITO DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

INSCRÍBETE GRATIS

LA FORMACIÓN DIGITAL PARA AUTÓNOMOS Y TRABAJADORES DE PYMES

www.digalicia.es

672 06 33 31

Proxectan un novo canil no Parque dos Paxariños

O Goberno local de Lugo presentou á Xunta de Galicia unha proposta para a construción dun novo canil no Parque dos Paxariños.

O concelleiro Miguel Fernández reuniuse coa directora de Patrimonio Natural para presentar unha parcela municipal na zona do Parque dos Paxariños como ubicación para esta dotación, comprometida polo Executivo autonómico.

A parcela, cunha superficie que oscila entre os 3.000 e os 5.000 metros cadrados, cumpre cos requisitos do Goberno autonómico e é considerada unha ubicación idónea tanto pola súa localización como pola alta poboación de mascotas na zona, segundo sinalou o concelleiro de Transición Ecolóxica.

Miguel Fernández, acompañado do xefe de Servizo de Medio Ambiente, Miguel Negral, detallou que a parcela proposta ten as condicións necesarias para albergar esta infraestrutura, que se presenta como unha necesidade moi demandada pola cidadanía.

“Con esta dotación ampliamos este servizo para toda a cidade, que xa conta con catro canís en diferentes puntos: no carril das Estantigas, no centro histórico, ao lado da carballreira de Fingoi, en Serra de Ancares e no parque de Frigsa”, afirmou Fernández.

Unha vez presentada a proposta, o Concello de Lugo atópase a espera de que os técnicos da Xunta estuden a localización plantexada.



O PP esixe a apertura diaria e a accesibilidade dos vestiarios do ‘Paciño’

O Partido Popular de Lugo reclamou ao Goberno local que os vestiarios dos Anexos do Pazo Provincial de Deportes, coñecido como ‘Paciño’, permanezan abertos todos os días da semana.

“Gastaron 236.000 euros en habilitar uns vestiarios que só se poden usar durante as fins de semana, negando o seu uso entre semana aos centos de nenos e nenas que adestran cada día no Paciño”, denunciou Antonio Ameijide.

O PP denunciou que, a pesar de que de luns a venres, entre as 16:00 e as 23:00 horas, hai equipos adestrando nas pistas, estes non poden empregar os vestiarios porque “PSOE e BNG decidiron que non teñen dereito a usalos entre semana e só os abren durante as fins de semana para as competicións oficiais”.

Para Ameijide, esta situación é “un verdadeiro despropósito”, xa que se está a negar o uso dunhas instalacións moi necesarias e demandadas pola cidadanía. Por iso, desde o PP continuarán reclamando a apertura diaria dos vestiarios para que “to-

dos os nenos e nenas que acoden a adestrar teñan un espazo axeitado para cambiarse”.

Ademais de esixir a súa apertura diaria, o PP tamén denunciou a falta de accesibilidade dos vestiarios, xa que as súas dimensións impiden o acceso dunha persoa en cadeira de rodas.

O PP lembrou que a normativa de accesibilidade esixe que as portas de acceso cumpran con certos requisitos para garantir a seguridade: un ángulo de apertura mínimo de 90º, un ancho de paso libre mínimo de 80 cm, sendo 100 cm o recomendable; un zócolo metálico na parte inferior da porta (aproximadamente 40 cm) para evitar roturas polo rozamento de cadeiras de rodas ou outros elementos de axuda e unha altura libre mínima de 220 cm no oco da porta. Porén, os vestiarios do Pacito teñen portas de 74 cm de ancho, polo que non cumpren coa normativa vixente. “Investiron 236.000 euros en rehabilitalos e nin sequera foron capaces de cumprir coa normativa de accesibilidade”, criticou Ameijide.

Lugo opta a 20 millóns de fondos europeos para a zona Norte

O Concello presentou o Plan de Actuación Integral (PAI) co que concorrerá á convocatoria de fondos europeos da Estratexia EDIL. O proxecto, denominado Novo Norte, busca transformar os eixos nordés e noroeste da cidade cun investimento total de 20 millóns de euros. Entre as principais actuacións previstas, destacan a rexeneración da Avenida da Coruña e a súa contorna, melloras na accesibilidade da nova estación Intermodal e unha serie de medidas de sostibilidade ambiental e social.

“Este proxecto ten como obxectivo transformar a principal arteria da zona norte nun gran bulevar verde con prioridade peonil, conectando co centro histórico e o resto da cidade”, explicou Alvarellos. Para iso, reordenarase o tráfico e os aparcadoiros, ampliando os espazos para peóns, creando novas zonas de lecer e incorporando elementos vexetais que melloren o entorno.

Así mesmo, construírse unha nova senda verde que conectará a Avenida da Coruña co barrio da Milagrosa, con itinerarios deseñados para prio-

rizar a mobilidade peonil e inspirados nos “woonerf” holandeses.

O plan contempla a introdución de sensores de control de aparcamento, cámaras de identificación de matrículas, pasos peonís intelixentes e un sistema de detección de viandantes para mellorar a seguridade viaria. Tamén se instalarán estacións de alugueiro e recarga de bicicletas eléctricas, fomentando un transporte alternativo máis sostible.

Na mesma liña, prevese a implantación dun novo sistema de transporte colectivo, cun tren eléctrico de batería de litio con capacidade para 56 pasaxeiros, que mellorará a conexión da zona norte co resto da cidade. Ademais, sinalarase unha ruta turística para poñer en valor o patrimonio arquitectónico da área.

MÁIS INICIATIVAS. Na zona da Intermodal, o Concello propón instalar un sistema mecanizado que mellore a accesibilidade entre a praza Conde Fontao e Miguel de Cervantes, contemplando opcións como escaleiras mecánicas, ramplas ou ascensores.

Esta actuación suporá un investimento de 5,2 millóns de euros.

O PAI tamén inclúe un eixo social cun orzamento de 800.000 euros, destinado á ampliación do Centro Social da Milagrosa e á creación da iniciativa “Parroquia 55”, un espazo físico e virtual para reconectar con lucenses que emigraron, ofrecéndolles información sobre emprego e emprendemento. Este servizo situarase na futura Casa do Migrante, no Castiñeiro, para asesorar á poboación migrante na súa integración. Ademais, o Goberno local prevé a rehabilitación do Parque da Milagrosa mediante un programa de emprego que facilitará a contratación de persoas desempregadas de colectivos vulnerables. No ámbito medioambiental, o proxecto contempla a creación de zonas de confort climático, a modernización da rede de saneamento na zona norte para previr inundacións e a mellora do abastecemento de auga nos polígonos industriais. Tamén se instalarán placas fotovoltaicas nos depósitos municipais de auga, reducindo o consumo enerxético.

A Deputación e MVRO únense para reclamar o Museo da Romanización



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, vén de manter no Pazo de San Marcos un encontro coa Plataforma en Defensa do Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando (MVRO). Na reunión, a Deputación e entidade veciñal integrada por máis dun cento de colectivos compartiron que o Museo da Romanización é un proxecto “irrenunciable” para cidade de Lugo e para a provincia. Coincidiron en que esta dotación cultural “é fundamental para que Lugo poida amosar todo o que ten para ofrecer” e nese sentido lembrou que hai máis de 15.000 pezas de diversa cronoloxía altoimperial e baixoimperial recuperadas ao longo de 30 anos de escavacións que

se encontran almacenadas en diferentes dependencias municipais ou en domicilios particulares pola falta dun espazo apropiado.

A deputada explicou tras o encontro que a Xunta non cumpriu con Lugo porque “o compromiso adquirido, que pasaba porque o Goberno galego fixese un museo por provincia. Si levou a cabo ese compromiso na Coruña, en Ourense e en Pontevedra, pero non cumpriu con Lugo, e vai sendo hora de que o faga”. Nese sentido, valorou García Porto os 500.000 euros anunciados polo Executivo autonómico como insuficientes e lamentou que “descarguen” en Lugo e nos lucenses a súa responsabilidade de protexer o patrimonio arqueolóxico sendo a Administración coas competencias.



Veciños da Milagrosa solicitan melloras na rúa Manuel Murguía

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa insta á Concellería de Vías e Obras do Concello de Lugo a acometer melloras na Rúa Manuel Murguía, debido á ausencia de beirarrúa nun dos seus marxes.

“O lateral dereito en sentido ascendente carece de beirarrúas, o que supón un problema para os peóns”, explican, por iso piden que se repare urxentemente esta situación, “xa que por esta rúa transita diariamente un número significativo de persoas e vehículos”.

Concretamente, a vía conecta o Barrio da Milagrosa e o Centro co Barrio de Paradai, “o que incrementa a súa importancia dentro da mobilidade urbana da cidade”, sosteñen.

Por todo isto, a Asociación de Veciños insiste en que se inclúan as obras necesarias nos orzamentos municipais do ano 2025 para solucionar esta problemática e mellorar a seguridade e accesibilidade da zona.

O PROXECTO GAMA

A aposta estratéxica de Altri na innovación e sustentabilidade no sector téxtil


Desde Greenfiber sosteñen que o termo “macrocelulosa” non se axusta ao proxecto de fibras téxtils que se está a desenvolver en Palas de Rei

A clave do proxecto GAMA reside na súa eficiencia, na súa capacidade de optimizar os procesos produtivos, e non na súa dimensión

A filial de Altri, Greenfiber, aclara que o termo “macrocelulosa” non se axusta ao proxecto de fibras téxtils que está a desenvolver para Palas de Rei, Lugo. Segundo a empresa, a planta de fibras téxtils que se proxecta terá unha capacidade de produción un 40 % inferior á doutras plantas do sector en España e até un 60 % máis baixa que as instalacións situadas nos países escandinavos, referentes europeos na industria.

Pedro Baptista, director de Operacións de Altri en España, subliña que, para dimensionar un proxecto como o de GAMA, é necesario analizar a iniciativa desde diferentes puntos de vista, e desde ningún deles, asegura, encaixa o prefixo “macro” para describir a planta de Palas de Rei. “GAMA non é unha macrocelulosa”, remarca.

Un dos puntos clave que destaca Baptista é o consumo de materia prima. O proxecto GAMA terá un consumo de madeira de 1,2 millóns de toneladas ao ano, moi por baixo dos 13,3 millóns de toneladas que se consumen en proxectos similares en Brasil. A planta de Altri en Figueira da Foz, Celbi, tamén consome aproxima-



damente 2,5 millóns de toneladas anuais. “A nosa planta en Palas de Rei non ten comparación coas grandes instalacións que se están a desenvolver noutros continentes”, indica o executivo.

A produción de GAMA, na súa primeira fase, será de 250.000 toneladas anuais de fibras celulósicas e 60.000 toneladas de Lyocell. Esta cifra é tamén moito menor comparada coas 500.000 toneladas que producen as empresas do sector do papel en España, ou os entre 2,5 e 3,5 millóns de toneladas das fábricas en Brasil. Respecto ao tamaño do proxecto, Baptista tamén subliña que GAMA non se pode cualificar como unha macrocelulosa. A planta ocupará unha parcela de 366 hectáreas, das que 112 serán dedicadas ás plantas de celulosa

e Lyocell, e o resto manterase verde. “Non hai ningún proxecto industrial no mundo que teña esta atención á integración co medio ambiente”, destaca. Neste sentido, a clave do éxito de GAMA reside na súa eficiencia, na súa capacidade de optimizar os procesos produtivos, e non na súa dimensión.

EFICIENCIA E INNOVACIÓN

A eficiencia do proxecto GAMA vén, en gran parte, dos investimentos en I+D realizados por Altri ao longo dos anos. A fábrica de Palas de Rei foi pensada para ser un proxecto circular, no que non se prima a capacidade de produción, senón a eficiencia e a sustentabilidade. O resultado

será unha planta que aproveita os recursos de forma máis eficiente, minimizando o impacto ambiental.

Gabriel Sousa, director de Innovación de Altri, destaca que a investigación e desenvolvemento (I+D) son fundamentais para engadir valor á industria e ao sector. “Levamos máis de 10 anos investigando as aplicacións das fibras vexetais de orixe celulósica na industria téxtil e, desde hai 5 anos, temos unha alianza co CITEVE e co CENTI, dous centros tecnolóxicos especializados no sector téxtil e en materiais avanzados”, afirma Sousa.

Grazas a esta colaboración, hoxe en día, Altri conta cunha gran base de coñecemento técnico e científico que permitirá a creación dun Lyocell de alta calidade en GAMA: 100 % renovable, biodegradable, resistente, suave e cunha pegada de carbono mínima.

GAMA é, por tanto, un proxecto que exemplifica a integración da ciencia e a tecnoloxía no desenvolvemento de materiais sostibles. “Comezamos a deseñar a planta piloto en 2020, e catro anos despois, xa podemos transferir esta innovación á escala industrial”, conclúe Gabriel Sousa. A través deste proxecto, Altri reafirma o seu compromiso coa innovación, a sustentabilidade e a mellora continua na industria téxtil, nun momento clave para a transición cara a un futuro máis respectuoso co medio ambiente.



A Xunta pídelles ao Concello que poña da súa parte para abrir o aparcadoiro do IES Ollos Grandes

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, fixo un chamamento ao Concello de Lugo para que convoque "o antes posible" a xunta local de seguridade, co fin de avanzar na firma dun convenio que permita a apertura ao público do aparcadoiro do IES Ollos Grandes "coas garantías legais necesarias".

Arias recordou que, durante a reunión mantida o pasado 8 de xaneiro, a alcaldesa de Lugo se comprometeu a convocar este órgano de coordinación "o máis axiña posible". Porén, o aparcadoiro continúa pechado, "cando a súa apertura axudaría a aliviar a escaseza de prazas de estacionamento na área".

O delegado explicou que a aprobación deste convenio é un "procedemento clave" para definir as competencias da Xunta e do Concello en materia de tráfico e seguridade viaria neste espazo de titularidade autonómica. Isto permitiría que a Policía Local se encargue da vixilancia e a tramitación de denuncias por infraccións de tráfico no aparcamento.

Arias tamén lembrou que a Xunta ten a intención de abrir o aparcadoiro do IES Lucus Augusti unha vez finalicen as obras de rehabilitación integral que actualmente está levando a cabo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no centro educativo.

O Goberno Local de Lugo aclarou que segue á espera dunha resposta da Xunta de Galicia respecto ao borrador do convenio para a apertura do aparcadoiro do Ollos Grandes. Segundo indicaron, o documento foi remitido ao servizo correspondente da administración autonómica o pasado 24 de xaneiro, pero ata o momento non recibiron nin a conformidade nin propostas de modificación.

O proxecto de reforma do Anxo Carro terá un investimento de 3,8 millóns

O estadio Anxo Carro, sede do Club Deportivo Lugo, experimentará unha importante reforma e mellora cun investimento de 3.820.388 euros. As obras, que comezarán o próximo 1 de xullo e terán un prazo de execución de 12 meses, permitirán que o recinto conte cun aforo total de 6.344 persoas e prevese que a renovación estea finalizada para o inicio da tempada 2026/2027.

O anuncio foi realizado polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, quen confirmou a publicación da licitación das obras e cualificou este proxecto como un "salto de calidade" tanto para o club como para a cidade, co obxectivo de impulsar ao CD Lugo cara ás máximas categorías do fútbol profesional.

Esta remodelación súmase á recente ampliación da concesión demanial aprobada pola Xunta, que permitirá ao club xestionar o estadio durante os próximos 30 anos. O presidente autonómico destacou o papel do CD Lugo non só no ámbito deportivo, senón tamén no seu impacto social e o seu labor en favor do deporte feminino, o fútbol base e a inclusión. Durante o acto de presentación, o presidente do club, Tino Saqués, expresou a súa satisfacción e agradecemento a todas as institucións implicadas. "Hoxe é un día de gran significado para todos nós. Un día que marca un antes e un despois na historia do Club Deportivo Lugo e da nosa cidade. Tras anos de esforzo, traballo e perseveranza, presentamos con orgullo as reformas do estadio Anxo Carro e a renovación da cesión do campo por parte da Xunta durante outros 30 anos", declarou.

Saqués subliñou que a última reforma do estadio tivo lugar no ano 2000, polo que era necesaria unha modernización. "A remodelación



da nosa casa non é só unha actualización de infraestruturas; é unha declaración de intencións, un compromiso firme coa nosa afección, cos nosos xogadores e coa nosa terra", afirmou. Ademais, resaltou que o Anxo Carro debe ser "un fogar" para os afeccionados e un referente no panorama futbolístico nacional.

Ao acto asistiron diversas autoridades, entre elas Diego Calvo, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes; Elena Candia, vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia; José Ramón Lete, secretario xeral para o Deporte; e Javier Arias, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo. Tamén participaron representantes do Concello de Lugo, da Federación Galega de Fútbol e do Estudio OLA Arquitectura SLP, responsable do deseño do proxecto.

O PROXECTO. O Estadio Anxo Carro sufrirá importantes melloras co proxecto que contempla a renovación completa do estadio, cunha reforma integral das súas gradas e infraestruturas. O proxecto, cun

orçamento de case 4 millóns de euros, centrarase na construción dunha nova grada fixa no Fondo Sur, así como na mellora das instalacións en Preferencia.

O obxectivo principal desta reforma é unificar as gradas do Anxo Carro, con maior distancia entre as prazas e melloras na accesibilidade e comodidade dos asistentes. A nova grada do Fondo Sur será fixa, e o estadio contará cun revestimento metálico de cor vermella que unificará a imaxe do recinto e dotará de cor a toda a súa periferia. Ademais, o estadio pasará a estar completamente cuberto, xa que as actuais gradas de Xeral 1 e 2 quedarán protexidas das inclemencias metereolóxicas.

A capacidade do estadio tamén sufrirá modificacións. Se antes contaba con 7.133 asentos coa grada sur actual, agora pasará a 6.344, xa que se reducirán as prazas en todas as gradas, agás no Fondo Norte, onde se alcanzará un aforo de 1.000 persoas. Con todo, a nova disposición mellorará a xestión do

espazo e permitirá maior comodidade para os asistentes.

Outra das melloras será a ampliación da distancia entre os asentos nas gradas e as instalacións tamén se adaptarán á normativa vixente en relación cos accesos, aseos, zonas de restauración e espazos adaptados para persoas con discapacidade, buscando facelo máis inclusivo e accesible para todos.

Ademais, o proxecto inclúe a substitución das barandas de seguridade que non cumpren a normativa actual por outras que si o fagan en todas as gradas, e a nivel de pavimento, eliminaranse desniveles para mellorar a accesibilidade e a seguridade. Tamén se mellorarán os exteriores do estadio para facer a instalación máis atractiva e mellorar a súa imaxe.

Con esta reforma, o CD Lugo e a cidade dan un paso máis cara á modernización das súas instalacións deportivas, co obxectivo de fortalecer o vínculo coa afección e proxectar unha imaxe renovada do club e da cidade no ámbito nacional.

Remata a obra da Confederación Hidrográfica na rúa Serra de Meira

O Concello de Lugo recibiu oficialmente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) a obra destinada a reducir o risco de inundacións do río Rato na contorna da glorieta da rúa Serra de Meira.

Esta intervención, que supuxo un investimento de case 597.000 euros por parte da CHMS e duns 177.500 euros a cargo do Goberno Local, non só resolve os problemas de inundación da zona, senón que impulsa o Plan Paradai e supón un gran avance no desenvolvemento urbanístico do barrio.

As obras, iniciadas a finais do pasa-

do mes de xuño, cumpren o obxectivo de atallar as crecidas do río Rato, especialmente na rotonda de Serra de Meira. Agora, queda pendente a renovación e ampliación da rúa, un proxecto que depende da Xunta.

A adaptación da infraestrutura viaria entre a glorieta de Serra de Meira e a avenida Adolfo Suárez non require modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, polo que non existen impedimentos para que as fases restantes se executen con prontitude.

Detalles da intervención no río Rato Para levar a cabo estas melloras foi

necesario expropiar cinco parcelas, cunha superficie total de 1.336 metros cadrados, dos que 330 foron afectados de forma permanente e os restantes 867 ocupáronse temporalmente.

A actuación incluíu a limpeza, adecuación e ampliación do leito do río en dous metros de ancho, aumentando a capacidade de desaugadoiro nun tramo de 165 metros augas arriba do soterramento do río Rato. Ademais, demoleuse o muro da marxe dereita do río, cuxa cantería foi desmontada e reutilizada para construír un novo muro.

PAR BIOMAGNETICO

¡¡Corrige tus desequilibrios!!

Según el Dr. Goiz,
La gran mayoría de las
enfermedades comienzan con
la asociación de
microorganismos patógenos:
virus, bacterias, parásitos
y hongos.

¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



Lugo perde a súa alcaldesa, falecida por un infarto

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, faleceu despois de sufrir un infarto o venres, 28 de febreiro, xusto antes da lectura do pregón do Entroido, que foi suspendido, así como se cancelaron todas as actividades organizadas polo Concello de Lugo no marco do Entroido, e todos os actos oficiais, debido a este suceso.

Nun primeiro momento, foi atendida por compañeiras da Corporación municipal ata que chegou a ambulancia que a levou ao HULA para facerlle as probas pertinentes, xa que ao principio pensaban que podía ser un mareo resultado da forte gripe que atravesaba e da que deu conta durante o pleno municipal celebrado o xoves.

Porén, despois dos estudos realizados, determinouse que a causa do esvaecemento fora un infarto, polo que foi trasladada posteriormente ao CHUAC por se requiría unha actuación cirúrxica, pero debido ás complicacións durante a noite, acabou falecendo.

LOITO OFICIAL. O Concello de Lugo declarou tres días de loito oficial no termo municipal desde as 13.00 horas do sábado, 1 de marzo, ata as 13.00 horas do martes 4 de marzo.

Durante este período, a bandeira do Concello estivo a media asta no exterior da Casa Consistorial e no resto das dependencias municipais.

Ademais, o salón de plenos, onde se instalou un libro de condolencias, permaneceu aberto o sábado, o domingo e o luns, de 10.00 a 14.00 horas, para que tanto cidadáns como representantes institucionais se achegaran para amosar as súas mostras de afecto.

O acto máis simbólico foi o minuto de silencio que se gardou ás 20.00 horas do sábado 1 de marzo diante do Concello, no que participaron centos de persoas, entre as que se atopaban todos os compañeiros da Corporación Municipal, do PSOE, así como amigos, familiares e veciños e veciñas de Lugo, que quixeron render homenaxe á súa memoria.

Compañeiros de Goberno, membros da Corporación municipal e seres queridos quixeron agradecer as numerosas mostras de afecto recibidas nas últimas horas, destacando o legado e compromiso da alcaldesa co desenvolvemento da cidade.

Pola súa parte, Ana Abelleira, concelleira de Xuventude, sostivo entre salaios que “a cidade de Lugo débelle esta honra a Paula Alvarellos, unha

muller irrepitible e única, que marchou moi cedo e deixou moito por facer e nos deixa ese compromiso a todos os que quedamos aquí de traballar por ela”.

PAULA ALVARELLOS. Paula Alvarellos Fondo, natural de Ponteceso e nada en 1963, formouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, completando a súa especialización cun Mestrado en Tributación e Asesoría Fiscal no Centro de Estudos Financeiros.

Ao longo da súa carreira profesional, destacou como docente no Mestrado da Avogacía da USC en Lugo e como colaboradora en IFFE Business School. Exerceu tamén como avogada en Lugo para ACOUGA e foi membro do Consello Social da USC, ademais de desenvolver unha ampla traxectoria como avogada e mediadora. O seu compromiso coa política levouna a dar o salto ao PSOE lugués en 2019, ano no que, tras as eleccións municipais, pasou a formar parte do Goberno de Lara Méndez como tenente de alcaldesa. O seu labor institucional consolidouse cando, en xaneiro de 2024, asumiu a Alcaldía de Lugo, en substitución de Méndez, quen deixou o cargo para



presentarse ás eleccións ao Parlamento galego.

Durante o seu mandato, traballou en proxectos clave para a cidade,

en colaboración co BNG, formación que tamén lamenta profundamente a súa perda na cidade de Lugo, que hoxe está de loito.

REACCIÓNS POR TODA GALICIA

Desde a Corporación municipal e o equipo de Goberno de Lugo lamentaron esta perda “irreparable” e agradecen “de corazón todas estas mensaxes de apoio, que confirman a pegada que deixou en tantas persoas”. Así, din que “quen tivo a sorte de compartir con ela esta aventura, de traballar ao seu lado, sabe que Paula Alvarellos foi moito máis que unha alcaldesa. Era unha persoa próxima e empática, alguén que sabía escoitar, unir equipos e crear espazos de confianza e motivación. Sempre honrada e íntegra, o seu compromiso co Concello e coa súa xente ía máis alá da responsabilidade institucional: era unha convicción persoal, unha forma de entender a política desde a proximidade e a humanidade”.

Pola súa parte, o PSdeG manifestou a súa profunda dor polo pasamento de Paula Alvarellos, e destacaron a súa figura “non só como unha gran alcaldesa, sempre comprometida cos problemas da cidadanía e o desenvolvemento da cidade, senón tamén como unha militante traballadora, próxima e leal, sempre disposta a sumar polo ben co-



mún”. Desde o PSOE da provincia de Lugo tamén quixeron expresar o seu agarimo cara a Paula Alvarellos: “A súa pegada queda en cada proxecto no que se implicou, en cada veciño e veciña aos que escoitou e en cada avance que conseguiu para Lugo”.

Lara Méndez e Jose Ramón Gómez Besteiro, non só compañeiros, senón tamén amigos da rexedora, lamentaron a súa marcha. “Foise unha amiga, unha colaboradora

estreita coa que compartín charlas, risas e anos de xestión, unidas polo noso amor a Lugo”, comentaba Méndez, mentres que Besteiro falaba dela como “unha boa amiga, alcaldesa de Lugo e unha muller que viviu por e para a súa cidade”.

Figuras como o presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, tamén se sumou ás mensaxes de dor pola nova, cualificando a Alvarellos como “progresista, loitadora e

comprometida con Lugo”. Tamén o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, lamentou pasamento e sostivo que sempre traballou por Lugo con “lealdade e dedicación”. Desde a Deputación Provincial de Lugo, expresaron a súa “profunda tristura e alagaron a súa traxectoria como servidora pública comprometida, que dedicou a súa traxectoria ao progreso da súa cidade e ao benestar da súa veciñanza”.

Pola súa parte, o BNG de Lugo, Esquerda Unida e o Partido Popular de Lugo trasladaron o seu pésame aos familiares e, os populares, explicaron que “a súa perda lévanos a reflexionar sobre a importancia do compañeirismo, do respecto e do compromiso co servizo público”.

Pola súa parte, colectivos como Lugo Monumental, a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), a Asociación de Veciños Centro de Lugo, SOS Milagrosa Lugo Norte ou Asociación Penitenciaria Concepción Arenal, entre outros; expresaron tamén a súa dor polo falecemento da alcaldesa de Lugo, poñen en valor o seu “compromiso persistente e inquebrantable co benestar dos nosos veciños e o desenvolvemento da nosa cidade”, así como destacan o seu “carácter firme e decidido, era unha muller de trato próximo e amábel, sempre disposta atender aos veciños”. Finalmente, destacaron “o seu compromiso coa xustiza en todos os seus ámbitos, co ser humano, porque cría nas persoas e daba todo en cada cousa que facía”.

A CIG concentrouse na cidade para denunciar o abuso das altas médicas



A Confederación Intersindical Galega (CIG) denunciou o “aumento desmesurado e abusivo” das altas médicas durante unha concentración celebrada fronte ao edificio do Instituto Nacional da Seguridade Social en Lugo.

O secretario comarcal de CIG Lugo-A Mariña, Antonio Niño Saavedra, afirmou durante o acto que o obxectivo de “reducir as baixas médicas e os longos períodos de recuperación” é, en realidade, diminuír o absentismo laboral.

Criticou duramente as actuacións da Inspección médica da Seguridade Social e do Sergas, aos que cualificou de realizar unha “persecución sistemática e abusiva” contra os traballadores.

Segundo Niño, cúlpase de xeito inxusto aos empregados da súa situación de incapacidade temporal, cando “na maioría dos casos son as malas condicións laborais e a deficiente atención do sistema sanitario público as verdadeiras responsables”.

O representante sindical tamén sinalou que na provincia de Lugo “temos unha poboación activa envellecida, o que conleva un maior número de baixas”. Por iso, considerou que as altas médicas están xestionándose baixo un

“criterio económico” e non por razóns médicas.

“Quen deberían velar pola nosa saúde son agora os mesmos que nos sitúan nunha situación de vulnerabilidade”, concluíu Niño.

NUTRICIONISTAS. Montse Valcárcel, parlamentaria do BNG, reuniuse co colexio de nutricionistas e con profesionais do sector afectados polos recortes que o Sergas levará a cabo a partir do 28 de febreiro nos postos de nutricionista en Atención Primaria.

Na provincia de Lugo, o recorte será especialmente duro, xa que se reducirán de 15 a 6 os postos de nutricionistas, o que implicará que os profesionais teñan que desprazarse por toda a provincia, aumentando os custos e complicando o acceso aos servizos. Un exemplo sería o persoal que traballa en Lugo, que tamén terá que desprazarse a localidades como O Corgo ou A Fonsagrada.

Este recorte tamén suporá unha redución no número de días de consulta en cada centro de saúde, o que, segundo o BNG, levará a un aumento nas listas de espera e a un empeoramento na calidade asistencial. A deputada nacionalista alertou de que instaurar e manter hábitos saudables é fundamental.

Lugo estuda adherirse á Rede de Cidades que Camiñan este ano

Representantes da Rede de Cidades que Camiñan reuníronse co Concello de Lugo para estudar a posible adhesión da cidade a esta iniciativa.

Segundo anunciou Rubén Arroxo, desde a Tenencia de Alcaldía valorárase esta incorporación, pois “permitirá avanzar nos principais obxectivos de mobilidade, como facer das e dos peóns o centro da mobilidade e convertelos nos protagonistas do espazo público”.

A Rede de Cidades que Camiñan é unha asociación internacional sen ánimo de lucro que integra actualmente 87 cidades e 3 deputacións, sumando un total de 9.759.037 habitantes.

O seu obxectivo é a mellora do espazo público para fomentar a camiñabilidade, a mobilidade sostible, a accesibilidade universal, a seguridade viaria e a calidade do medio ambiente urbano, ademais de impulsar a autonomía infantil.



Arroxo subliñou que “proxectos como a cidade dos 5 minutos, nos que traballamos desde a Tenencia de Alcaldía, fanos avanzar nestes obxectivos”. Ademais, destacou os servizos que a rede ofrece ás administracións asociadas, como visitas técnicas, campañas de promoción, actividades formativas e asesoramento técnico.

Tamén difunde boas prácticas en accesibilidade universal e mobilidade

sostible, ademais de promover os atractivos turísticos e ambientais dos concellos membros a través da súa web, a Revista Ekko e as redes sociais.

A posible adhesión de Lugo a esta rede reforzaría o compromiso da cidade coa mobilidade sostible e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes, consolidando iniciativas que fomentan un urbanismo máis accesible e centrado nas persoas.

Instalan composteiros comunitarios na cidade

Instaláronse os primeiros composteiros comunitarios, dirixidos a veciños e veciñas que residen en bloques de pisos e que non dispoñan dun terreo propio para realizar compostaxe na súa vivenda.

Cada composteiro comunitario está composto por cinco módulos para achegar os residuos orgánicos, un caixón estruturante e un cartel informativo sobre o funcionamento do sistema. As instalacións están pechadas cun valado perimetral para garantir a seguridade e unha xestión ordeada do proceso.

O proceso de compostaxe estará

baixo a supervisión dos mestres composteiros de EcoLugo, que revisarán semanalmente factores como o nivel de enchido, a temperatura, a humidade e a aireación, realizando os volteos necesarios para asegurar unha descomposición eficiente. O resultado será un compost de alta calidade, que se caracterizará polo seu olor a bosque húmido, e estará dispoñible para os veciños e veciñas para enriquecer hortas e xardíns.

As catro áreas de compostaxe que se están a instalar esperan procesar aproximadamente 70 toneladas de biorresiduos ao ano.

O Sindicato Labrego Galego celebra o XIX Encontro da Secretaría das Mulleres

Os días 8 e 9 de marzo, Lugo acollerá o XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, un evento clave para fortalecer a sementeira feminista no rural galego. Baixo o lema ‘Labregas organizadas. Feminismo e loita pola nosa Terra’, as participantes abordarán diversas cuestións relacionadas co feminismo e o papel das mulleres no sector agrario.

O evento terá lugar no Vello Cárcere e comezará o sábado 8 de marzo ás 11.30 coa benvinda das afiliadas da comarca e das compañeiras da Plataforma Feminista de Lugo, contando coa intervención de María Ferreiro Santos, responsable da Secretaría das Mulleres do SLG.

A primeira mesa de debate versará sobre a representación e transformación das políticas públicas desde unha perspectiva labrega e feminista.

A tarde estará dedicada á historia das mobilizacións labregas en clave de memoria e resistencia, con Ana Cabana como relatora. Máis tarde, as asistentes participarán nunha videoconferencia con Bilal Vialba Seivane, integrante da Vía Campesina. A xornada rematará ás 19.30 horas coa participación na manifestación feminista organizada pola Plataforma Feminista de Lugo.

O domingo 9 de marzo, as actividades continuarán cunha dinámica de traballo sobre a organización e empoderamento das labregas, seguida dun intercambio de sementes.

DOWN LUGO



O Círculo das Artes de Lugo foi o escenario da gala benéfica Diez Raz10nes, un evento solidario que logrou reunir fondos en apoio á asociación Raiolas e Down Lugo. A gala ofreceu aos asistentes un menú exclusivo composto por 10 pratos elaborados por 12 cociñeiros de prestixio, quen deleitaron os padais co seu talento culinario.

A vila acolle en maio o XI torneo de mus

A asociación LugoMuseiros organiza a undécima edición do torneo de mus Muralla de Lugo – Memorial Luciano Sánchez, que se celebrará o vindeiro 10 de maio no Círculo das Artes.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, reuniuse con representantes da entidade organizadora, que prevé reunir a unhas 100 parellas procedentes de Galicia e doutras comunidades como Asturias e Castela e León.

Arias felicitou á agrupación por manter esta iniciativa, que consi-

dera un dos torneos de mus “máis prestixiosos da comunidade”. Ademais, destacou o impacto positivo que supón para a cidade, tanto a nivel económico como promocional, xa que cada ano atrae a decenas de afeccionados ao mus e aos seus acompañantes, que visitan Lugo con motivo do campionato. O evento consolidouse como unha cita de referencia para os amantes deste tradicional xogo de cartas, reforzando así a súa relevancia dentro do panorama competitivo do mus en España.

Xesús Alonso Montero e Rafael de Vega xa son Fillos Adoptivos

Xesús Alonso Montero e Rafael de Vega recibiron os respaldo do Pleno para ser Fillos Adoptivos de Lugo en recoñecemento ás súas destacadas achegas ao campo da educación e a sanidade, dous dos servizos públicos máis esenciais para o benestar e igualdade da cidadanía. Este recoñecemento destaca o traballo e compromiso destes dous referentes lucenses en áreas clave para a sociedade.

Xesús Alonso Montero, recoñecido intelectual e académico, deixou unha pegada indeleble na formación de xeracións de estudantes en Lugo. Entre 1960 e 1975, Alonso Montero exerceu como profesor no IES Lucus Augusti e na Escola de Maxisterio, e foi un activo defensor da lingua galega e da cultura galega. Trasládouse a Santia-

go de Compostela, onde ocupou a cátedra de Literatura Galega e foi presidente da Real Academia Galega entre 2013 e 2017. O seu compromiso coa identidade galega transcendeu fronteiras e fixo que o recoñecemento a súa figura sexa tamén unha reivindicación da lingua galega a nivel nacional e internacional. Esta proposta de nomeamento chega tras a solicitude de exalumnos, compañeiros e veciños que queren render tributo ao seu legado.

Por outra banda, Rafael de Vega destacou na súa traxectoria como médico e director do Hospital Municipal de Lugo, onde loitou pola mellora das condicións sanitarias da cidade e pola creación dun novo hospital. A súa visión innovadora e compromiso co dereito universal

á saúde foron fundamentais para modernizar a sanidade lucense. De Vega tamén foi deputado nas Cortes republicanas, onde se destacou pola súa loita pola igualdade no acceso aos servizos sanitarios. A súa traxectoria foi truncada en 1936 cando foi asasinado polos sublevados franquistas. A súa figura simboliza a loita pola xustiza social e os dereitos humanos na cidade. Mentres houbo unanimidade para o nomeamento de Rafael de Vega, a proposta da Alcaldía, o BNG votou en contra do de Alonso Montero ao tratarse "dunha figura que non crea consenso entre a veciñanza após os seus posicionamentos polémicos en diferentes temas". Esta segunda proposta foi levada a cabo debido á petición de diferentes grupos de veciños.

Máis de 200 prazas para participar de balde nas actividades de Xuventude

A área de Xuventude e Deportes do Concello vén de presentar a súa programación de actividades para os próximos meses, que se extenderán ata o mes de xuño. A oferta inclúe unha ducia de actividades, mantendo as máis demandadas e de maior éxito das edicións anteriores, e engadindo novas propostas de interese para os mozos e mozas da cidade.

Algunhas das actividades que se repetirán debido á súa popularidade son as rutas de sendeirismo e o curso de monitor de tempo libre, que permite obter un certificado oficial para exercer este traballo.

Tamén se inclúen novidades como o curso Lugo Comunica, que ten como obxectivo mellorar a expresión e ensinar as técnicas para a elaboración de discursos e a arte da oratoria, e un novo club de debuxo, que abre as portas a todas aquelas persoas interesadas no mundo do arte.

A programación, dirixida a mozos e mozas de entre 14 e 35 anos, tamén inclúe actividades como zumba, ioga, cociña, radiocontrol, excursións e xornadas de divulgación, que este ano estarán centradas en dar a coñecer as propostas de ocio e laborais da Ribeira Sacra. A maior parte das actividades terán lugar na Casa da Xuventude, que acollerá as 230 prazas dispoñibles para os participantes. Os cursos e clases comezarán ao longo dos meses de febreiro e marzo, e prolongaranse ata o 15 de xuño.



O BNG reúnese co sector do taxi para reclamar uns seguros "xustos"

O BNG reuniuse con representantes do sector do taxi en Lugo para informar sobre as iniciativas que o partido está a impulsar para instar ao Goberno do Estado a adoptar medidas que garantan ao sector do taxi pólizas de seguro "razoables".

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, denunciou o incremento "desmesurado e inxustificable" que se está a producir neste tipo de seguros, xa que están pasando de pagar arredor de 800 ou 1.000 euros a afrontar tarifas que poden chegar ata os 10.000 euros, "o que fai inviable a actividade".

Para o BNG, o Goberno debe actuar de inmediato contra esta suba "que está dificultando o traballo dos profesionais do taxi e afectando directamente ás persoas usuarias", polo que insta a que a Dirección Xeral de Seguros interveña para "evitar que as aseguradoras realicen estas

prácticas". Os nacionalistas explicaron que non atopan ningunha xustificación para subir os seguros dos taxis, xa que non houbo un aumento da sinistralidade nin ningunha situación distinta á do ano pasado. Sospeitan que puido haber un pacto entre as aseguradoras ao aplicar a subida de maneira simultánea, "algo que é ilegal, poñendo en risco o sustento de moitas persoas e un servizo público esencial".

Así, solicitan á Administración pública que investigue esta situación "para poñerlle freo" e propoñen alternativas, xa sexa mediante sancións, establecendo un límite ás tarifas dos seguros de taxi ou a través de cambios na lexislación. Javier Vázquez, en representación dos taxistas, advertiu que a situación é "especialmente grave no rural", onde moitas licenzas están a ser paralizadas á espera dun cambio na situación.



Unha iniciativa conxunta busca paliar os accidentes causados polo sono

Unha innovadora iniciativa foi lanzada en Galicia co obxectivo de abordar un dos problemas máis perigosos para a seguridade vial: a somnolencia ao volante.

A través dun acordo entre as áreas sanitarias de Lugo, A Mariña e Monforte, e a Xefatura Provincial de Tráfico, búscase sensibilizar á poboación sobre os perigos que representa o cansazo e a fatiga ao conducir, ao tempo que se facilita o diagnóstico e tratamento dos trastornos do sono. O proxecto foi presentado polo xerente da área sanitaria, Ramón Ares Rico, acompañado polo xefe do Servizo de Neumoloxía do HULA, Luis Pérez de Llano, e o responsable da Xefatura Provincial de Tráfico, Alberto Rodríguez Fernández, así como participou o presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos, Alejandro Sánchez Pérez-Mel, quen subliñou a importancia de sensibilizar á poboación sobre os efectos secundarios de certos medicamentos, moitos dos cales provocan somnolencia.

Esta iniciativa desenvolverase ao longo de tres fases e estará en marcha inicialmente ata o verán. A primeira fase céntrase na divulgación das enfermidades relacionadas co sono, como a apnea do sono, que afecta a un número considerable de persoas.

Na segunda fase, o proxecto enfocase en analizar os accidentes de tráfico relacionados coa somnolencia, co fin de identificar ás persoas involucradas e ofrecerlles revisións médicas e tratamentos axeitados.

Na terceira fase, realizaranse probas específicas aos condutores profesionais e á poboación adulta en xeral, e ofreceranse pautas para previr accidentes causados pola somnolencia ao volante. Este proxecto pioneiro ten como obxectivo reducir os accidentes causados pola somnolencia ao volante, cun enfoque particular nas persoas maiores e nos profesionais do volante, que teñen un maior risco de padecer este trastorno.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es



Reforzo da cobertura no rural con novas torres de telecomunicacións

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) vén de rematar a instalación dunha nova torre na parroquia lucense de Gondar, que dará servizo á zona oeste do Concello.

Javier Arias, delegado territorial da Xunta, destacou a importancia desta actuación impulsada polo Goberno autonómico, subliñando que “supón un avance clave para mellorar as comunicacións no rural de Lugo, o que resulta esencial para facilitar o asentamento de poboación e o desenvolvemento económico destes núcleos”.

Ademais, lamentou que o Concello de Lugo estea a atribuírse a execución destes traballos, cando é a Xunta quen financia tanto a construción das torres como as conexións eléctricas necesarias.

Explicou que, na maioría dos casos, as torres de telecomunicacións instálense en terreos cedidos por particulares, comunidades de montes ou os propios Concellos, grazas a un

convenio asinado entre AMTEGA e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). No caso de Gondar, a cesión do terreo veu por parte dun particular.

A Xunta instalará proximamente outras dúas torres no municipio, concretamente nas parroquias de San Pedro de Mera e Santa María Alta, co obxectivo de mellorar a cobertura nos núcleos de Bacurín, Carricova, O Burgo, Hospital, San Pedro de Abaixo, San Pedro de Arriba, Cabanas, Alta, Locai, Marcoi, Riobó, Vilariño e Torible. En total, o Goberno autonómico destinará preto de 700.000 euros a estas tres infraestruturas.

Así mesmo, AMTEGA iniciará traballos similares en núcleos rurais de Vilalba, Mondoñedo e Láncara.

A construción destas torres forma parte dun plan complementario da Xunta de Galicia para mellorar as telecomunicacións no rural, en paralelo aos compromisos do Estado, que é o responsable desta competencia.

Vilachá de Mera celebrará o Día de San Xosé o 22 e 23 de marzo

Os veciños de Vilachá de Mera, no termo municipal de Lugo, festexarán o Día de San Xosé os vindeiros 22 e 23 de marzo con diversos actos relixiosos e actuacións musicais.

O sábado 22 de marzo, ás 13.30 horas, oficiarase a misa solemne en honra ao patrón San Xosé, que dará paso a unha animada sesión vermú a cargo do dúo Eclipse.

Pola noite, os asistentes poderán gozar dunha gran verbena na que o dúo Eclipse e a orquestra La Fórmula serán os encargados de poñer música e animación.

O domingo 23, tamén ás 13.30 horas, terá lugar a misa solemne, seguida dunha nova sesión vermú, nesta ocasión co dúo La Hora Bruja, que seguirá animando aos veciños. Unha celebración que combinará a



tradición relixiosa coa música, facendo desta festa unha cita ineludible para todos os veciños e visitantes que queiran desfrutar dunha fin de semana chea de festa e devoción.

“A actividade fomenta o contacto coa natureza e cos animais”

Os organizadores da II Ruta Cabalar de Orbazai esperan unha “alta participación”

Jessica Fernández

O Grupo Cabalar de Orbazai, composto por Sergio, Álex, Carla e Ariadna; organiza a II Ruta Cabalar de Orbazai, que terá lugar o vindeiro 22 de marzo despois de ter celebrado a primeira edición en 2024, na que “todo saíu moi ben”.

O Grupo Cabalar de Orbazai xurdiu da man da idea de promover a ruta cabalar, xa que eles tiñan cabalos e coñecían a xente de Orbazai que tamén os tiña e, despois de participar noutras rutas cabalares pensaron que podía ser “unha boa idea” promover unha alí.

Así, puxérona en marcha, “a pesar de ser difícil” e “saíu todo moi ben e tivo moi boa acollida”. Participaron na ruta arredor de 50 xinetes e logo moitas máis persoas se uniron á comida. “Organizamos unha ruta e paseo pola mañá de 21 km nos que os xinetes percorremos cos nosos cabalos unha ruta ben sinalizada e na que fomos por zona de natureza, non camiñamos moito por asfalto, o que gustou moito. A xente desfrutou porque fomos por sendeiros, pasamos polo río Mera, polo Miño, vimos montes forestais... todo cara a zona de Friol e Ombreiro”, explica Sergio. Así, di que este tipo de actividades “fomentan o contacto coa natureza e cos animais, polo que cada vez se fan máis rutas destas co fin de pasar un rato entretido e unírnos as persoas que temos cabalos”. Ademais, non só participaron persoas de Orbazai e Lugo en xeral, viñeron xinetes da Pontenova, de Outeiro de Rei, de Pontevedra, de Palas de Rei... “A xente trae os seus cabalos en camións ou en remolques e desfrutan desta experiencia, ao igual que os animais, xa que van ao seu ritmo percorrendo a natureza, e logo cando nós imos comer, eles tamén comen e descansan”, explica.

Para a ruta deste ano, os organizadores esperan que a participación aumente, que “o primeiro ano é normal que a participación sexa baixa, xa que non se sabe como vai ser, como vai saír, como sairá a comida... pero todo nos saíu ben e iso fai que máis xente queira participar desta iniciativa”, sosteñen.

Este ano, a ruta será da mesma lonxitude, 21 km, pero cambiarán os lugares polos que vai, para non repetir, e polo camiño haberá uns pinchos para os xinetes. Xa ao mediodía, de volta a Orbazai, haberá sesión vermú e terá lugar a comida, que terá un prezo de 27 euros para os adultos e de 15 euros para os menores de 14; e á que xa se poden apuntar as



persoas interesadas chamando aos organizadores, o número de Sergio é 682 503 716; o de Álex é 622 283 117, e o de Carla é 603 722 085.

Despois da comida, na que esperan arredor de 150 persoas, o prato forte virá coa música, xa que este ano contarase co Grupo Jaque e a Dundeneta para amenizar a tarde. Ademais, tamén haberá sorteos para adultos e pequenos. “É unha festa para todas as persoas, o ano pasado viron veciños e xente á que lle gusta os cabalos, nenos e maiores, é dicir, é unha festa aberta”, comentan.

A POSTA EN VALOR. A Ruta Cabalar que se desenvolverá o 22 de marzo en Orbazai ten xa os seus primeiros adeptos confirmados, tanto para participar cos seus cabalos como para a comida e a festa de despois, xa que é un evento que gustou na súa primeira edición e, iso, os organizadores nótano. “Estamos contentos coa valoración da xente, que nos felicitou porque quedaron moi contentos. Estaba todo moi ben organizado e contamos co pavillón que nos deixou a comunidade de montes. A verdade é que nos axudamos moito entre as asociacións de Orbazai, poñémonos de acordo e úsanse moito os locais”.

Ademais, poñen en valor tamén a colaboración doutros colectivos, como ganderías, empresas de servizos agrarios e da Xunta, que este ano contribuirá a que esta iniciativa se celebre e poidan traer dous grupos de música, xa que o ano pasado só trouxeron a un “porque non sabemos por onde movernos e gañamos algún carto nos sorteos e na venda de rifas”. Porén, critican o “pasotismo” do Concello de Lugo: “A verdade é que o Concello de Lugo non participa nestes temas. En ningún momento nos apoiaron, e aínda seguimos esperando pola contestación dunha carta que lles enviamos solicitando os permisos para a Ruta Cabalar do ano pasado, porque a ruta pasaba por varias estradas”. Con todo, sosteñen que, debido ao apoio da veciñanza e a boa acollida, seguirán fomentando “poñer en marcha esta ruta cada ano e, cada vez, contar con maior cantidade de xinetes posibles, poder facer máis actividades, etc. Estamos abertos a propostas que nos poidan facer os participantes da ruta. Comentáronnos o de integrar carreiras de cabalos, pero é complicado porque faría falta unha pista concreta e contar co servizo de ambulancia, pero non se descarta”, conclúen.

Denegan a autorización ambiental ao proxecto do biometano

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sustentabilidade, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, denegou a autorización ambiental ao proxecto de construción dunha planta de biometano na localidade de Coeses, a dous quilómetros da cidade de Lugo. Este organismo, que é o competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos chans, considera que o informe “preceptivo e vinculante” da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que declara “inadmisíbel a vertedura” foi fundamental para esta denegación.

A Confederación emitira informes nos meses de maio e setembro do ano pasado nos que concluíu que “a documentación achegada polo promotor era insuficiente para realizar o informe en materia de verteduras”. Ademais, sinalaba “múltiplas deficiencias que debían ser emendadas tendo en conta o caudal indicado e o sistema de depuración descrito”.

O informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural en xullo do ano pasado xa condicionaba a viabilidade do proxecto ao informe da Confederación no que se garante a calidade das augas “do medio acuático receptor e que a vertedura ao arroyo Vilalvita cumpra, en todo momento, os límites establecidos no seu plan hidrolóxico vixente para os distintos parámetros físico-químicos”.

Dado o conxunto de informes desfavorables “e que o promotor non achega novos elementos de xuízo na alegación presentada no trámite de audiencia” denégase a autorización ambiental integrada.

A noticia foi acollida con alegría por un colectivo veciñal, que baixo o nome de Plataforma Lugo non quere



cheiros, levaba meses protestando por este proxecto, situado en plena zona natural aínda que moi preto da cidade. As manifestacións en contra foron tamén secundadas tanto polo BNG como polo PSOE, quen levou este tema a Pleno e tamén ao Parlamento Gallego, instando á Xunta a retirar o seu apoio ao proxecto.

REACCIÓNS. Non faltaron as mostras de alegría por esta decisión tan esperada, que implicaría que a construción da planta non levaría a cabo, aínda que a situación non está completamente pechada, xa que a empresa ten un mes de prazo para interpoñer un recurso de alzada.

A alcaldesa de Lugo manifestou que esta decisión “pon de relevo a forza do movemento veciñal e a importancia da mobilización social” e engadiu que “resulta preocupante que a Xunta de Galicia declarase prioritario un proxecto que agora se demostra inviable, visto o seu impacto ambiental e as graves deficiencias técnicas que foron sinaladas polos informes. Esta situación reflicte a necesidade de maior rigor e responsabilidade á hora de avaliar este tipo de iniciativas, asegurando que os intereses xerais dos veciños estean sempre por encima de calquera outro criterio”.

O presidente do colectivo veciñal, Julio Rodríguez, asegurou que os veciños están contentos, pero mantéñense ás expectativas. “O paso máis importante está dado, pero non nos fiamos, porque hai tempo para alegar e non cremos que a empresa o deixe pasar xa que levan tres anos pagando polo alugueiro das terras”. Rubén Arroxo, tenente alcalde e portavoz do BNG, valorou de forma positiva a decisión da Xunta de rexeitar a autorización ambiental integrada para a planta de biometano que se quería instalar no monte veciñal de Coeses.

Aínda así, Arroxo expresou a súa prudencia, xa que o proceso aínda non está completado. “O proxecto tiña carencias, pero a maior delas foi que a Xunta de Galicia, baixo o control do PP, declarase este proxecto como iniciativa empresarial prioritaria”, declarou.

Arroxo felicitou á veciñanza por manter “unha loita exemplar e constante ao longo do tempo contra a posible construción da planta”. Sinalou que “o BNG sempre estivo ao lado da veciñanza, tanto a nivel institucional como apoiando as mobilizacións que organizou” e valorou positivamente o traballo realizado polo grupo parlamentario e polo Goberno municipal de Lugo.

A Feira do Entroido de Nadela celebrou o seu 160 aniversario



A Asociación de Veciños San Xoán de Pena organizou unha nova edición da tradicional Feira do Entroido de Nadela, que se desenvolveu de maneira festiva e chea de actividades para todas as idades.

A xornada contou coa exposición e venda de produtos acompañada pola animación dun grupo de música tradicional, o chef Santi Almuiña Casas pronunciou o pregón oficial e pola tarde actuaron Diego Flâneur & Ünder, coa súa composición Canción Feira de Nadela.

Ademais, celebrouse o tradicional baile de entroido, no que participaron persoas de todas as idades, coa música da Charanga Santa Compañía e Verónica Cambón. O evento culminou ás 19.00 horas co Concurso de Traxes de Entroido, que contou con tres modalidades: infantil, adultos e grupal.

Durante todo o día, os asistentes puideron degustar as tradicionais filloas de Muimenta, un dos pratos máis esperados da feira.

A celebración contou co apoio da Xunta de Galicia e a Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo, que facilitou o acceso gratuito ao evento e colaborou na súa difusión. Ademais, para facilitar os despraza-

mentos, habilitouse un servizo especial de bus urbano que conectou o centro de Lugo con Nadela cunha frecuencia de 30 minutos. Cristina López, da Tenencia de Alcaldía, destacou o valor cultural e económico das feiras tradicionais como a de Nadela, resaltando a súa importancia na preservación da cultura local e na promoción do comercio sostible.

Entre as actividades destacadas tamén houbo unha exposición fotográfica sobre a historia da feira, organizada en colaboración coa veciñanza de Nadela. Como parte desta celebración, o Goberno municipal de Lugo rendeu tributo a Castela, o gran artista que chegou á cidade en 1932 para ser homenaxeado polas Irmandades da Fala. O Concello instalou unha placa conmemorativa no lugar onde se tomou a histórica fotografía do evento, o 19 de xuño de 1932.

A Feira de Entroido de Nadela, con 160 anos de historia, celebrou tamén un evento especial para conmemorar este aniversario. A xornada arrincou ás 13.00 horas cunha animada sesión vermú, seguida polo tradicional Cocido e de baile pola tarde.



*Clinica dental
Mosquera Otero*





Regist. San. Galicia: C27-001318V

- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

O PP de Lugo pide unha ordenanza que regule o uso dos locais sociais

O Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo denunciou a falta de transparencia e regulación no uso dos locais sociais municipais na zona rural, sinalando que esta situación está a xerar desigualdades no acceso a estes espazos. Din que, actualmente, non existen criterios claros e públicos sobre o seu uso, cesión ou reserva, o que favorece prácticas arbitrarias.

Esta proposta, que foi rexeitada no Pleno recollía que o Goberno

local “está a fomentar o clientelismo e a arbitrariedade ao favorecer a algúns usuarios na utilización destes espazos”.

O Partido Popular subliña que debería haber unha ordenanza que regule de maneira clara e pública o uso destes espazos evitando estas prácticas e garantiría que os locais sociais cumpran a súa verdadeira función: estar ao servizo de toda a cidadanía, sen favoritismos políticos nin discrecionalidade.

Empezan as obras na estrada N-VI, que conecta coa LU-P-2902, en Meilán

Comezan as obras de acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que conecta a N-VI coa estrada provincial LU-P-2902, atravesando o núcleo rural de Guntín, na parroquia de Meilán.

Esta intervención, enmarcada no Plan Único da Deputación de Lugo, conta cun investimento de 120.800 euros e permitirá reforzar a seguridade viaria e mellorar a accesibilidade na zona.

“Estamos a mellorar unha vía esencial para os veciños e veciñas, garantindo un acceso máis cómodo e seguro. Este tipo de actuacións contribúen a fixar poboación no rural e a dotar os núcleos de comunicacións en condicións”, sinalou a edil do Concello de Lugo, Ana Gon-

zález Abelleira.

A intervención inclúe o reforzo do firme con aglomerado en quente e a instalación de nova sinalización, asegurando unha mellor circulación tanto para vehículos como para peóns. “Seguimos comprometidos coas infraestruturas do rural porque entendemos que unha boa rede viaria mellora a calidade de vida e facilita a actividade económica nas parroquias”, subliñou a concelleira.

Ademais, dentro das actuacións da brigada municipal e do Parque Móbil, esta semana finalizará o asfaltado dunha pista no núcleo de Rozas, en Teixeira, reforzando a rede viaria municipal noutra das zonas prioritarias de actuación.

Impulsan o silvopastoreo nos montes comunais de Outeiro

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a través da súa área de Rural, destinará 30.000 euros para mellorar as infraestruturas e servizos nos montes comunais da parroquia de San Salvador de Outeiro.

O obxectivo desta inversión é reforzar o aproveitamento multifuncional do monte, promovendo o silvopastoreo e a xestión micolóxica, ademais de contribuír á prevención de incendios.

O deputado de Rural, Daniel García, e o concelleiro de Infraestruturas de Lugo, Alexandre Penas, visitaron este venres a parroquia para reunirse coa comunidade de montes e abordar os proxectos que se desenvolverán con esta axuda económica.

Entre as actuacións previstas inclúese a mellora dun camiño que facilitará o pastoreo rotatorio do monte e o estudo dun plan para regular e sinalizar as zonas con aptitudes micolóxicas.



Durante a visita, tanto García como Penas destacaron a singularidade da comunidade de montes de Outeiro pola súa proximidade á cidade de Lugo. Ambos valoraron positivamente a súa xestión multifuncional, que combina o uso forestal co silvopastoreo, permitindo aproveitar os recursos naturais do monte e reforzando a súa función como barreira contra os

incendios forestais.

A comunidade de montes de Outeiro está formada por 13 comeneiros e comeneiras que xestionan preto de 200 hectáreas de terreo. Nesta superficie compatibilizan o uso forestal coa cría de gando vacún, cabalar e ovino, consolidando un modelo sostible de aproveitamento do monte.

O SLG mobilízase pola denegación de axudas ás novas granxas



O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) organizou en Lugo unha concentración diante da delegación da Xunta de Galicia para esixir un aumento do orzamento para as axudas de incorporación e mellora do sector agropecuario.

A mobilización chega despois de que a Consellería de Medio Rural denegase unha gran parte das solicitudes de axudas, deixando fóra ao 74 % das granxas que solicitaron plans de mellora.

O SLG denuncia que o orzamento para 2024-2027 é insuficiente, e alerta de que o 70% das persoas titulares de granxas se xubilán nos próximos anos, mentres que só se espera que se cubra un 5 % dos abandonos. Isabel Vilalba Seivane, secretaria xeral do SLG, cuestiona a es-

casa dotación económica e crítica a falta de apoio ás persoas novas que queren incorporarse ao sector.

Diante desta situación, o SLG solicitou unha serie de medidas urxentes, como a convocatoria inmediata das axudas para 2025, a dotación de fondos suficientes para garantir que ningunha granxa quede fóra das axudas, e cambios nos criterios de concesión para garantir a igualdade de oportunidades. Ademais, exige a creación dun comité de seguimento para mellorar a transparencia na xestión das axudas.

A organización sindical advertiu que, se non se corríxen estas deficiencias, a situación pode desincentivar a incorporación de novas persoas ao sector agrícola e pecuario.



San Pedro de Mera prepárase para a 9ª Festa da Xuventude

O vindeiro 5 de abril de 2025, a localidade de San Pedro de Mera (Lugo) celebrará a 9ª edición da Festa da Xuventude, un evento que promete unha noite chea de música, gastronomía e diversión.

O cartel musical deste ano contará coa actuación de Cinema e do recoñecido DJ Adolfo Valiño, que porán o ritmo nunha festa que se converteu nunha cita imprescindible para a mocidade da zona.

Ademais, quen merque a camiseta oficial do evento por 15 euros poderá gozar dunha cena de balde, que incluírá empanada, churrasco, sobremesa e café.

As camisetas están dispoñibles en varios puntos de venda, como Peluquería Sabela, Centro Muñoz Balaguer, Tenda Bicos de Mami, Mesón de Crecente, Taberna Rodrigo, Carnicería Chus e José e Talleres San Pedro.

O evento desenvolverase nun campo cuberto con carpa, garantindo a diversión sen importar as condicións meteorolóxicas.

EXCLUSIVAS
APOL
¡NOS TRASLADAMOS!
MUY PRONTO NOS
ENCONTRARÉIS EN
PRAZA DA MILAGROSA, N.º 7
PAPELERÍA - LIBROS DE TEXTO
MATERIAL ESCOLAR - REGALOS ORIGINALES
ENMARCACIÓN PROFESIONAL



O Pleno rexeita o proxecto de humanización do PP para a travesía de Nadela

O Partido Popular de Lugo vén de presentar un proxecto para a humanización da travesía da antiga N-6 ao seu paso por Nadela, unha actuación longamente demandada polos veciños que non logrou o respaldo do Pleno. O obxectivo desta iniciativa é mellorar a seguridade, a accesibilidade e a calidade de vida nesta zona, que continúa dividida por unha estrada nacional que perdeu a súa función de alta capacidade.

Os populares instan ao goberno local a informar sobre as xestións realizadas co Ministerio de Transportes para o traspaso desta vía. Lembran que, a pesar de que o executivo municipal recoñeceu en comisións que se estaban mantendo negociacións co Ministerio, os anos pasan sen avances reais. Xa en setembro de 2023, o PP levou o tema ao Pleno municipal, esixindo un impulso nas xestións co Goberno central. En 2024 conseguíuse unanimidade para incluír Nadela nun plan de mellora dos accesos a Lugo, pero ata o momento seguen sen novidades.

A proposta presentada polo Partido Popular inclúe medidas concretas para mellorar a travesía, entre elas, a construción de beirarrúas axeitadas, a instalación dunha iluminación efi-

ciente, a creación de zonas verdes e mobiliario urbano e a redución dun dos tres carrís actuais para habilitar unha zona de aparcadoiro.

Tamén reclaman a reparación urxente dunha tubaxe de saneamento que verte augas residuais sen tratar, o que xera contaminación, malos cheiros e unha proliferación de insectos na zona. "O goberno local presume de ecoloxista, pero na práctica non é capaz de canalizar un tramo de apenas 100 metros", critican dende o PP. A revitalización de Nadela tamén pasa pola recuperación da súa carballeira, un espazo emblemático que acolle a única feira tradicional do Concello de Lugo. "É un punto de encontro para a veciñanza e unha parte fundamental da identidade da zona. Queremos que recupere o seu esplendor e se converta nun referente para os residentes e para todos os lucenses", sinalan os populares.

A proposta inclúe a mellora da iluminación na rotonda que conecta a A-6, a A-54, a LU-546 e o corredor Sarria-Monforte; a instalación de redutores de velocidade e pasos de peóns, a eliminación de sinalización en desuso e a ampliación do percorrido do autobús urbano para que chegue ata a rotonda.

Nace a Federación de Asociacións de Veciños Lugo Rural Importa



Nace un novo colectivo social en Lugo, a Federación de Asociacións de Veciños Lugo Rural Importa, unha entidade que xorde co obxectivo de reforzar a representación veciñal en toda a provincia, con especial énfase no ámbito rural.

A federación nace co compromiso de promover a transparencia, a participación cidadá e a defensa dos dereitos dos veciños, sen intereses partidistas nin condicionantes externos.

Inicialmente integrada por catro asociacións veciñais da cidade, as cales decidiron unir forzas para mellorar a súa capacidade de acción e representatividade.

Do mesmo xeito, estas asociacións conforman a primeira Xunta Directiva, que se expandirá á medida que se sumen novas entidades.

As asociacións fundadoras e os seus respectivos representantes son a Asociación Carpe Diem-Lugo, cuxa representante é Cecilia Vázquez García, que asume o cargo de presidenta da federación; pola súa parte, tamén está a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva Xuntos por Lugo, representada por Antonio Abuín Barreiro, quen ocupa o cargo de vicepresidente. Ademais,

forma parte a Asociación Cultural, de Veciños e Comerciantes do Barrio de San Antonio de Padua, cuxo representante é Fernando Mallo Fernández, que desempeña a función de secretario; e, finalmente, a Asociación Barrio de Paradai, representada por D. Miguel Couto Alonso, quen exerce como tesoureiro.

Un dos principios fundamentais da federación é a súa total independencia de calquera opción política, co obxectivo de representar e defender os intereses dos veciños e veciñas de Lugo de maneira transparente, dialogante e firme.

As principais razóns que motivaron a súa creación son a falta de espazos reais de participación veciñal na toma de decisións, a necesidade dunha maior transparencia na xestión das entidades locais e nos órganos de representación cidadá, a ausencia de interlocución directa entre os veciños e as administracións públicas, o que dificulta a atención oportuna ás demandas cidadás; e a urxencia de outorgar maior protagonismo ás asociacións das zonas rurais, que adoitan quedar relegadas nas políticas municipais e provinciais.

O Goberno substitúe unha estrutura de paso no Rego de Pías, no Veral

A concelleira de Cohesión Social e Territorial, Ana González Abelleira, visitou a parroquia de San Vicente do Veral para avaliar o progreso dos traballos de substitución dunha estrutura de paso no Rego de Pías.

Durante a inspección, estivo acompañada por representantes veciñais, cos que compartiu información sobre a intervención, cuxo obxectivo é optimizar a comunicación na zona e reforzar a seguridade viaria tanto para condutores como para peóns.

Esta obra forma parte do Plan Deputación 2024, un programa de investimentos destinado á modernización das infraestruturas municipais. Atendendo ás peticións trasladadas pola comunidade local, tamén se procederá á ampliación das barreiras de seguridade co propósito de mellorar as condicións do paso.

Coun investimento superior aos 35.000 euros, o proxecto contempla a instalación dun novo tubo de 1.800 milímetros de diámetro, a reposición do firme con grixo e a súa posterior pavimentación mediante tripla rega asfáltica.

Ademais, a edil acompañou aos veciños na revisión doutras actuacións levadas a cabo en resposta ás súas demandas, entre elas a instalación de puntos de luz en Soñar, a limpeza de cunetas na estrada que une Penarrubia e Adai, así como diversas melloras complementarias na canalización de augas, colocación de sumidoiros e instalación de reixas para asegurar un correcto drenaxe.

Por outra banda, o Concello, a través do seu Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos da Deputación, levará a cabo unha serie de melloras nas parroquias de San Amaro, Castro e Conturiz, co obxectivo de reforzar a seguridade viaria e optimizar o abastecemento de auga.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Destinarán 4.000 euros para a Feira do Libro

O Concello de Lugo mantivo unha reunión coa Federación de Librarías de Galicia para avanzar na organización da próxima Feira do Libro de Lugo. No encontro, anunciouse que a Tenencia de Alcaldía destinará unha subvención de 4.000 euros para a celebración do evento, que, como en anos anteriores, terá lugar na Praza Maior.

O tenente alcalde, Rubén Arroso, destacou a importancia deste apoio, subliñando que reafirma o compromiso do Concello coa promoción da lectura e da cultura, especialmente en lingua galega. "A Feira do Libro é unha cita imprescindible para achegar a literatura á cidadanía e fortalecer o sector do libro en Lugo, cunha especial aten-

ción ao galego", declarou Arroso. Desde o Concello de Lugo valórase moi positivamente esta colaboración, xa que garante a continuidade dunha das citas culturais máis relevantes do ano. "A lectura é unha ferramenta esencial para o coñecemento, e a Feira do Libro permite destacar o papel fundamental das librarías e dos autores e autoras galegas", engadiu Arroso.

A Feira do Libro de Lugo, que cada ano reúne escritoras e escritores, editoriais e lectorado, continuará a ser un espazo de encontro para a cultura e a literatura. O evento seguirá promovendo especialmente a creación en galego e fomentando o hábito lector entre todas as idades.

A XXV Mostra de Teatro Clásico de Lugo trae 13 representacións

A XXV edición da Mostra de Teatro Clásico de Lugo traerá un total de 13 representacións ao Auditorio Municipal Gustavo Freire durante o mes de marzo.

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroso, xunto á concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentaron a programación desta nova edición, que se desenvolverá ao longo de todo o mes.

"Quixemos facer unha programación extensa, de calidade e para todos os públicos", destacou Ferreiro, que engadiu: "Continuamos a concentrar a mostra no mes de marzo, facilitando a afluencia do público e a difusión da programación de Teatro Clásico".

Este ano, a Mostra contará cunha importante aposta polas compañías galegas que empezaron a producir obras clásicas. As entradas estarán dispoñibles a través do portal do Concello de Lugo, a un prezo de 8 euros para os espectáculos para público adulto e 3 euros para os espectáculos familiares. Ademais, as persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG gozarán dun 30 % de desconto. Tamén se poderá adquirir un bono para toda a programación para público adulto a un prezo de 50 euros.

A Mostra terá lugar no Auditorio Municipal Gustavo Freire, debido a que a programación se realiza con moitos meses de antelación, o que impediu a posibilidade de trasladar as representacións ao Fuxan os Ventos. Rubén Arroso animou ás lucenses a acudir ao teatro e desfrutar da calidade das obras que se presentarán ao longo do mes de marzo. A programación tamén

inclúe unha "gran presenza feminina", con dúas actividades realizadas integramente por mulleres e catro obras completamente galegas. En total, as obras desta edición acumulan sete premios de teatro a

PROGRAMA

- 13 de marzo, 20.30 horas: La dama duende de Mic Producciones.
- 14 de marzo, 20.30 horas: Nada se sabe de Culturactiva.
- 15 de marzo, 18.30 horas: La vida es juego de Ultramarinos de Lucas.
- 16 de marzo, 19.00 horas: Frío de A Feroz.
- 20 de marzo, 20.30 horas: El Avaro de Atalaya.
- 21 de marzo, 20.30 horas: Estebanillo González de Teatro Guirigai.
- 22 de marzo, 20.30 horas: Mala vida e pior morte de Ricardo III de Produccións teatrais excéntricas.
- 23 de marzo, 19.00 horas: El viento es salvaje de Las niñas de Cádiz.
- 27 de marzo, 20.30 horas: Casa de Muñecas de Secuencia 3 Artes Comunicación.
- 28 de marzo, 20.30 horas: Las locuras para el veraneo de Noviembre Teatro y Teatro Español.
- 29 de marzo, 20.30 horas: Mulleres que viven soas de Berrobambán.
- 30 de marzo, 19.00 horas: Tebanas de la Compañía Ay Teatro.



nivel galego e estatal.

O programa da XXV Mostra de Teatro Clásico comezará o 23 de febreiro co espectáculo Quen ocupa esa cadeira. 25 anos de Mostra de Teatro Clásico de Palimoco Teatro na Praza Maior, e continuará durante todo o mes de marzo cunha ampla variedade de obras que inclúen títulos como La dama duende de Mic Producciones, Nada se sabe de Culturactiva, La vida es juego de Ultramarinos de Lucas, Frío de A Feroz, El Avaro de Atalaya, Estebanillo González de Teatro Guirigai, Mala vida e pior morte de Ricardo III de Produccións teatrais excéntricas, El viento es salvaje de Las niñas de Cádiz, Casa de Muñecas de Secuencia 3 Artes Comunicación, Las locuras para el veraneo de Noviembre Teatro e Teatro Español, Mulleres que viven soas de Berrobambán, e Tebanas da Compañía Ay Teatro. Este ano, a Mostra de Teatro Clásico promete ser unha das edicións máis completas e de maior calidade, cunha programación que abarca tanto espectáculos para público adulto como para público familiar, e con importantes compañías e traballos premiados que chegarán a Lugo para ofrecer unha experiencia cultural única.

FEDERACIÓN DE BANDAS



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, mantivo un encontro co presidente da Federación Galega de Bandas. Nesta xuntanza, Ferreiro estivo acompañada por David Fiuza, director da Banda Municipal de Lugo, e compartiron propostas "para ampliar a programación cultural de Lugo coas actividades que nos propoñían desde a Federación Galega de Bandas".

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

Convocan o premio de deseño para o cartel do Arde Lvcvs 2025

O Concello de Lugo acaba de convocar o concurso para elixir o deseño do cartel anunciador da vixésimo cuarta edición do Arde Lvcvs, a festa de recreación histórica que terá lugar en xuño de 2025. O gañador do concurso recibirá un premio de 1.900 euros.

O proceso de selección do cartel será realizado en varias fases. Inicialmente, as propostas creativas, que deberán cumprir determinadas bases e especificacións, poderán presentarse ata o 24 de marzo no Rexistro Municipal. Os deseños deben ser orixinais, de formato A3 e técnica libre, e deberán reflectir o espírito da festa, facendo especial fincapé na reconstrución histórica e na volta á época da fundación de Lugo.

As bases completas do concurso, que serán publicadas na próxima semana no BOP, na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) e nas páxinas oficiais do Arde Lvcvs e do Concello, establecen que os deseños deben incorporar elementos como a cor vermella como tonalidade dominante, e textos que fagan referencia ao evento en números romanos, á súa distinción como Festa de Interese Turístico Internacional e ás datas de celebración (12, 13, 14 e 15 de xuño). Ademais, os deseños deben representar o mundo romano e castrexo, elementos fundamentais da festa.

O proceso de selección do cartel constará dunha votación popular en liña, que se levará a cabo nas redes sociais do Arde Lvcvs. Durante unha semana, o público poderá votar os carteis que máis lle gusten, e o 50% dos deseños máis votados pasarán á segunda fase, na que serán avaliados por un xurado composto por expertos en deseño gráfico, ilustración e sectores culturais relacionados coa festa. Este xurado será o encargado



de seleccionar a obra gañadora.

A Casa da Xuventude acollerá o 16 de abril, a partir das 11.00 horas, o acto de descubrimento do cartel seleccionado, que estará exposto ao público durante un mes.

O concelleiro de Xuventude, Jorge Bustos, animou ás e os lucenses a participar neste concurso, resaltando a oportunidade que supón para os artistas e deseñadores gráficos lucenses dar a coñecer o seu traballo a través dunha das festividades con maior proxección internacional da cidade.

PATROCINIOS. O Concello de Lugo aprobou o plan de patrocinios do Arde Lvcvs 2025, unha iniciativa que busca fortalecer a ambientación, a programación e a difusión da festa a través da colaboración con empresas privadas.

Este modelo permitirá que entidades de distintos sectores apoiem o evento mediante achegas económicas, garantindo maior visibilidade nos espazos oficiais, materiais promocionais e soportes dixitais.

O plan establece seis categorías de patrocinio adaptadas ás diferentes posibilidades económicas das empresas interesadas. O nivel básico, denominado patrocinio Lexionario, require unha achega de 1.500 euros

e incluí presenza en redes sociais, na web oficial, en carteis e no programa da festa. O patrocinio Optio, cunha contribución de 3.000 euros, engade a participación na reunión de patrocinadores cunha nota de prensa. No nivel Centurión, cunha achega de 6.000 euros, os patrocinadores obtención anuncios na prensa e unha publicación exclusiva nas redes sociais oficiais do evento.

Os niveis superiores ofrecen maior visibilidade nos soportes do evento. O patrocinio Prefecto, con 10.000 euros, outorga mupis exclusivos, presenza no vídeo oficial e 10 entradas para o circo. As empresas que opten polo patrocinio Tribuno, cunha contribución de 15.000 euros, contarán cun número superior de mupis exclusivos e un reforzo na publicidade individualizada. Finalmente, a categoría máis alta, o patrocinio Legado, para quen achegue 18.000 euros, brindará a máxima visibilidade, con 30 bandeirís no centro histórico, presenza destacada en materiais de difusión e privilexios exclusivos na promoción do evento.

A captación de patrocinios levarase a cabo mediante un procedemento aberto, onde as ofertas económicas determinarán a adxudicación, garantindo unha xestión transparente e competitiva.



Entregan os premios do Certame Trapero Pardo e convocan o Anxel Fole

Foron entregados os premios do XXX Certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo, un concurso dirixido a mozos e mozas de 12 a 18 anos dos centros de ensino de Lugo.

O xurado estivo composto por Manuel Fernández Vázquez, escritor; Xosé Manuel Castro Castedo, profesor de Lingua e Literatura Galega en Educación Secundaria; Teresa Pena Moreda, directora da Biblioteca Municipal de Lugo; e Margarita Calderón Fernández, pedagoga da Concellería de Educación.

Tras a deliberación, os gañadores das distintas categorías foron Noelia Álvarez Castro, estudante do IES Ánxel Fole, quen recibiu o primeiro premio na categoría de 12 a 14 anos polo seu relato 'O Pazo', sendo galardoada cun lote de libros e 200 euros. O segundo premio foi para Laura González Blanco, do CPR Divino Maestro, coa obra 'Amina', recoñecida cun lote de libros e 100 euros. Naiara Pérez Ferreiro, tamén do CPR Divino Maestro, obtivo o terceiro premio co relato 'O reino dos soños', e recibiu un lote de libros e 70 euros.

Na categoría de 15 a 18 anos, María Fernández Escariz, do IES Ánxel Fole, foi galardoada co primeiro premio polo relato 'Pola Noite', cunha dotación de 250 euros e un lote de libros.

O segundo premio foi para Carme Pereira Troncoso, do CPR Maristas, coa obra 'Sombras no Peirao', que recibiu 130 euros e un lote de libros. Este certame pon de manifesto o talento e a paixón pola escrita da mocidade de Lugo.

ANXEL FOLE. A concelleira anunciou a convocatoria do XXVII Certame de Narración Curta Ánxel Fole. A obra gañadora recibirá un premio de 4.000 euros e será publicada por Edicións Xerais de Galicia. "Trátase dunha cita imprescindible tanto para as nosas escritoras como para a lingua galega", destacou Ferreiro.

O certame está aberto á participación de todas as persoas interesadas, sempre que as obras estean escritas en galego. Poderán presentarse tanto novelas curtas como conxuntos de relatos, cunha extensión mínima de 50 páxinas e máxima de 100, o que equivale a entre 90.000 e 180.000 caracteres con espazos.

Cada autora poderá presentar cantos textos desexa, sempre en envíos separados. As obras deberán remitirse por vía telemática ao correo electrónico cultura@lugo.gal. As bases estarán dispoñibles no BOP, e o prazo de presentación rematará 30 días despois da súa publicación.

TEMPADA DO
COCIDO
DA FONSGRADA

OS MELLORES
PRODUCTOS
DA FONSGRADA

Lacón, Cachola,
Soá, Butelo, Grellos,
Chorizos, Garavanzos
e Patacas

III FAIXA
A TÓA RESERVA IIIII
982 22 78 02

Lubre
mesón - viñoteca

SALÓN DEL
AUTOMÓVIL
DE LUGO

automóvil
NUEVO
7-9 MARZO

automóvil
OCASIÓN
14-16 MARZO

Sorteo de
6.000€
el concurso se celebrará durante el evento*

Horario continuo
11:00 a 21:00
Domingo hasta las 20:00h.

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO

Fundación
Torres e Exposicións
de Lugo

“As nosas obras son unha viaxe vivencial para o espectador”

Andrea Maseda e An González son as promotoras do novo grupo de teatro Bengala, que entra no panorama cultural de Lugo para mostrar o seu teatro físico

Jessica Fernández

“O espazo do teatro é o lugar perfecto para facer unha reflexión conxunta entre elenco e espectador no que saiamos con máis preguntas coas que entramos”. Andrea Maseda e An González veñen de lanzar a súa primeira obra *En carne viva*, unha obra de teatro físico na que durante 50 minutos, público e intérpretes levan a cabo unha viaxe que busca “emocionar e impactar, tanto física como psicolóxicamente co fin de conseguir un despertar reflexivo e que quen nos veña ver saia remexida por dentro e coa sensación de que estivo nun espazo que lle traspasou”, destacan. As promotoras deste novo grupo de teatro na cidade de Lugo son profesionais do teatro físico, que conxuga teatro, elementos audiovisuais, danza, música... mentres que reflexiona “sobre temas sociais a través da arte”. Así, destacan que a convicción no proceso de creación é “ser paridoras de preguntas. Vivimos nun mundo moi convulso e hai que falar diso, e a arte ten que ter un papel nesa reflexión”.

Así, a través do teatro físico queren chegar á sociedade lucense, ensinando esta disciplina nova para Lugo: “O teatro físico non debe confundirse co teatro danza, xa que este

ten momentos de danza e momentos de texto, pero o teatro físico é un xénero en si mesmo no que o texto se mestura co movemento nunha sinerxía constante. Aquí trabállase todo con secuencias de accións físicas con texto, polo que todo ten un sentido, non son partes separadas, senón que o movemento vén da emoción que xera o texto”, explican.

AS ARTISTAS E BENGALA As dúas Andreas destacan polo seu compromiso co teatro e a sociedade, e con este compromiso decidiron poñer en marcha o seu proxecto en Lugo. Andrea Maseda estudou Comunicación Audiovisual e o mestrado en Xestión Cultural para logo traballar en diferentes proxectos sociais e educativos, ata que un día “se cruzou no meu camiño o teatro e empecei como actriz para quitarme os medos escénicos; era como unha ferramenta persoal. Despois, coñecín a Andrea e ensinome o teatro físico e namorei. Así, empezamos a traballar xuntas e, como tiñamos un obxectivo común e a mesma forma de facer as cousas, decidimos poñer en marcha este proxecto xuntas”.

Pola súa parte, An González destaca que sempre quixo ser bailarina, polo que marchou a Madrid a estudar a

Carreira de Artes e Danzas, pero por erro escolleu a especialidade de teatro físico, do que tamén namorou, polo que cambiou o seu rumbo e seguiu estudando interpretación e dramaturxia. “Estiven en Londres nunha compañía de teatro físico e logo marche a Arxentina a facer un mestrado de Xestión Cultural mentres que me formaba en danza e teatro, ata que volví a Lugo e cruceime con Andrea”, argumenta.

Con esta motivación por crear o seu propio proxecto, nace Bengala, un nome que elixiron despois dunha gran busca dun termo que definise o seu tipo de teatro. “Bengala marabillounos porque son eses instrumentos para dar luz nos lugares máis escuros; polo que é unha alegoría do que queremos facer co teatro. Queremos presentar temáticas en espazos nos que nos se adoitan falar desas cousas que son difíciles. Queremos propoñer preguntas e tamén dar esperanza a través da arte, co fin de chegar a un entendemento común”, explican.

Por iso mesmo, Bengala chega ao panorama cultural lugués como unha alternativa, xa que non había ningunha compañía de teatro físico. “Queremos diferenciarnos e mostrar a paixón por contar os problemas do



século XXI sobre os que queremos reflexionar nun espazo para a mostra artística. Só a través da arte podemos achegarnos ás respostas, polo que crearemos obras que aporten á sociedade e que pode funcionar como unha catarse. Ademais, como obxectivo, queremos recuperar á xente nova, que veña ao teatro e que se enganchen ás nosas obras”.

UN CAMINO LONGO. Aínda que o camiño de Bengala comezou coa representación no Auditorio Fuxan os Ventos de *En carne viva* o pasado 16 de febreiro, seguirán representando e mellorando a obra, intentando levala a onde lles deixen para ofrecer ao público unha experiencia única nun espazo teatral. Por iso, sosteñen que “nós o que precisamos é que nos deixen ensinar o que facemos, que veñan vernos e confiar en nós para programarnos. Facemos un teatro necesario e necesitamos a oportunidade de ensinalo; é dicir, que nos abran a porta. E, despois, farémolo todo con moita disciplina, traballo e amor”, argumentan.

Destacan que van funcionar como

cooperativa con Vórtice, polo que unha das actividades serán as representacións teatrais e outra será dar formación sobre distintas artes vivas a través de obradoiros para a mocidade, como alumnado de Secundaria e Bacharelato, con propostas como os concursos de artes vivas. “Nos institutos faremos un traballo de formación que combinaremos coa representación de pezas orixinais nos diferentes lugares nos que nos deixen ou nos inviten”, explican. “A colaboración é necesaria para que os proxectos novos saian adiante”, polo que poñen en valor a axuda da Área de Cultura do Concello de Lugo para poder representar a súa primeira obra no novo auditorio, pero, sobre todo, agradecen a “todas as persoas individuais que nos están apoiando como poden: amigas, veciñas, familiares, artistas... que axudan a facer os vídeos, as fotos, os materiais... É moitísimo curro e fano só por crer no proxecto e confiar en nos, xa que estamos arriscando todo por isto, e o apoio dá alento para seguir. Estamos emocionadas con todo o que estamos recibindo”, conclúen.

A Biblioteca Pública acolle un ‘escape room’ da figura de Castelao

A Xunta pon en marcha unha iniciativa educativa que combina xogo e literatura para achegar a figura de Castelao aos escolares de sexto curso de Educación Primaria de Lugo. Trátase dun *escape room* denominado *Pescudando en Castelao*. O tesouro das cousas, que se desenvolverá na Biblioteca Pública de Lugo entre o 10 de marzo e o 21 de abril. O delegado da Xunta, Javier Arias destacou a boa acollida da iniciativa entre os centros educativos do municipio, con trece colexios xa inscritos. Ademais, lembrou que o prazo para anotarse permanece aberto ata o vindeiro venres, día 28. O *escape room* propón un reto no que os estudantes, convertidos en “detectives literarios”, deben resolver pistas e enigmas baseados na vida e obra de Castelao. Durante unha hora, os participantes deberán investigar entre os libros e

ilustracións do autor para descifrar unha mensaxe oculta. Só superando todas as probas lograrán desbloquear o enigma final antes de que remate o tempo.

O obxectivo desta actividade é transmitir ás novas xeracións a relevancia da obra de Castelao e fomentar o interese pola literatura galega, destacando o seu papel fundamental na consolidación da identidade cultural de Galicia. Ademais, a proposta busca reforzar o traballo en equipo e desenvolver habilidades de resolución de problemas entre os escolares.

O proxecto parte da Dirección Territorial de Cultura e da Biblioteca Pública de Lugo co propósito de converter este espazo nun referente cultural para a mocidade. Segundo os resultados desta edición, podería chegar a ampliarse a outros puntos da provincia nun futuro.

Promoven, un ano máis, os hortos escolares nos centros de ensino

O Goberno de Lugo aprobou a licitación do proxecto das actividades de hortos escolares nos centros de ensino públicos para os e as estudantes de sexto de Infantil, que se executará durante os meses de marzo, abril, maio e xuño.

A Tenencia de Alcaldía, a través da Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento, dá continuidade un ano máis a esta iniciativa, que buscará que os nenos e nenas de 6º de Infantil vivan unha experiencia enriquecedora, na que a estimulación dos sentidos xoga un papel fundamental.

A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, destacou que estas actividades teñen como obxectivo utilizar o traballo no horto como recurso educativo para sensibilizar aos alumnos sobre o medio natural, a súa conservación e a importancia da concienciación ambiental. “Estas actividades tamén teñen un enfoque educativo para espallar as tradicións galegas relacionadas



co inicio da primavera”, explicou Ferreiro.

“O traballo no contorno natural é unha actividade de gran interese nas primeiras etapas educativas, xa que permite aos máis pequenos experimentar e coñecer de forma consciente e responsable a natureza, ao mesmo tempo que se achegan á música, as cantigas e as celebracións tradicionais”, engadiu a concelleira.

Durante o desenvolvemento deste proxecto, realizaranse sete sesións en cada centro educativo, nas que dous monitores/as traballarán cos estudantes para preparar e cultivar os hortos que xa existen nos centros. A actividade tamén incluírá catro sesións en dúas escolas infantís entre os meses de marzo e xullo, e 17 horas ao final do curso para pechar cada un dos hortos.



A USC fai balance desde que o Campus Terra recibiu a súa acreditación

O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio López, presentaron en Lugo o proceso de avaliación da acreditación do Campus Terra.

Este procedemento busca facer balance do traballo desenvolvido pola USC desde a acreditación outorgada pola Xunta en 2021 e preparar a renovación da mesma para os vindeiros anos.

Durante a súa intervención, José Alberto Díez destacou o apoio do Goberno galego a esta iniciativa, que considerou unha "gran oportunidade para a provincia de Lugo". Ademais, subliñou que a Xunta leva investidos máis de 8,8 millóns de euros no Campus Terra desde a súa creación, co obxectivo de consolidalo como un referente científico e social nos ámbitos relacionados coa sustentabilidade económica, social e medioambiental dos recursos da terra.

Tamén lembrou que a estratexia de acreditación dos campus, pioneira en España e impulsada pola Xunta desde 2013, permite garantir financiamento propio e específico para mellorar o posicionamento e a cali-

dade docente e investigadora. Ata o momento, o goberno autonómico ten destinado máis de 35 millóns de euros a esta liña de actuación, fortalecendo a identidade e as potencialidades de cada campus galego.

O proceso de avaliación conta cun Comité externo que analizará documentalmente a traxectoria e o traballo realizado desde 2021, ademais de revisar o Plan estratéxico para os próximos catro anos. Ademais, os expertos realizarán entrevistas con diversos grupos de interese, incluídos investigadores, empresas, estudantes e grupos de investigación.

As visitas a infraestruturas científicas serán unha parte fundamental da avaliación. Entre os centros que se inspeccionarán atópanse o Hospital Veterinario Rof Codina, o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIO-VET), a Aula de Habilidades Clínicas da Facultade de Veterinaria e o Laboratorio de Automatización de Procesos Robotizados da EPSE.

Finalmente, a decisión do comité determinará a renovación da acreditación, podendo incluír recomendacións estratéxicas para a mellora do Campus Terra nos vindeiros anos.

O Festival A Candeloria pecha o cartel de 2025

A organización do Festival A Candeloria presentou oficialmente o seu cartel definitivo para a edición de 2025, que terá lugar no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo os próximos 4 e 5 de abril.

Este ano, o evento contará con 14 cabezas de cartel que animarán o fin de semana en Lugo: o venres, estarán Boikot, Koma, Sons of Aguirre & Scila, Sara Socas, Pigs Parliament, Jordi Panico; mentres que o sábado será o turno de Narco, Dakidarría, Lendakaris Muertos, Kaos Urbano, Crim, Flow Toxo, Abaixo cu Sistema, Jordi Panico.

A organización tamén confirmou que, a diferenza de edicións anteriores, este ano non se habilitarán espazos para acampada, polo que se recomenda aos asistentes planificar o seu aloxamento con antelación.



O regreso de A Candeloria promete ser unha festa inolvidable para os amantes da música, a cultura e a diversión. Co cartel tan impresionante, as expectativas están moi altas para esta icónica celebración que pon a Lugo no mapa dos grandes festivais do ano.

O Museo de Lugo recibe a colección de armas de Rafael Iglesias Cimadevilla

O Museo Provincial de Lugo recibiu unha valiosa doazón que enriquecerá o seu patrimonio histórico. A recepción desta colección foi formalizada pola deputada de Cultura, Iria Castro, e a directora do Museo, Aurelia Balseiro.

A colección de armas de Rafael Iglesias Cimadevilla, coleccionista e afeccionado ao tiro deportivo, foi entregada pola súa viúva e consta de 159 pezas que reflicten a evolución técnica e científica das armas de fogo

desde o século XVIII ata o XX.

Entre as pezas destacadas atópanse un trabuco de pistón pertencente a un capitán carlista morto na contenda co bando isabelino, así como unha escopeta de canón de arame e un trabuco da casa Aldecoa, datadas entre 1750 e 1820.

A maioría das pezas corresponden aos séculos XIX e XX e foron fabricadas na localidade guipuscoana de Eibar, un centro neuráxico da industria armamentística nesta época.

EN BREVE

EXPOSICIÓN. O Museo Provincial albergará ata o 20 de abril a mostra *Habitar o baleiro*, un proxecto fotográfico e de textos do colectivo do mesmo nome, que se dedica a documentar o despoboamento e a vida no rural de Galicia. A exposición reúne corenta imaxes capturadas polo fotógrafo Brais Lorenzo ao longo dunha década, no contexto do seu traballo de documentación do rural galego.

ABRAHAM CUPEIRO. O músico sarriao Abraham Cupeiro presenta o seu próximo traballo discográfico, titulado *Loira*, un álbum cheo de contrastes e emocións que combina temas eufóricos con pezas máis íntimas. Iniciar a súa xira de presentación de *Loira* o 3 de maio no Auditorio de Ourense e seguirá o 16 de maio no Auditorio Fuxan os Ventos.

NÉBOA. Desde o 15 de febreiro pode visitarse na galería Néboa a exposición *Subir ao ceo*, a nova mostra individual do artista coruñés Alejandro Rego (A Coruña, 1993). A exposición, que poderá visitarse ata o 29 de marzo, mergúllase nunha exploración visual innovadora e reflexiva, centrada na fronteira entre a pintura e a fotografía.

TOURIÑÁN. Xosé A. Touriñán e David Perdomo volven unirse para ofrecer unha nova proposta teatral tras o éxito de *Corentena*, que o ano pasado acadou un grande seguimento ao recoller as conversas cómicas que os dous cómicos mantiveron durante a pandemia en Instagram. Baixo o título de *Corentena · Game Over* a súa nova xira promete mesturar dúas realidades: a dos personaxes reais no escenario e a doutros que aparecerán a través dun videoxogo creado especialmente para a ocasión, onde o público terá a oportunidade de interactuar. A xira levará ao dúo por diversas cidades e estará en Lugo o 6 de xuño.

O curso de cultura galega tradicional de Cántigas e Frores será en abril

A Asociación Cultural Cántigas e Frores anuncia a nova edición dun dos eventos máis especiais e esperados da súa programación: o 42º Curso de Cultura Tradicional Galega.

O prazo de inscrición xa está aberto e o curso celebrarase os días 17, 18 e 19 de abril. O custo da matrícula será de 65 euros para o público xeral e de 55 euros para os socios da Asociación Cultural Cántigas e Frores.

A edición deste ano chega cargada de novidades, e para celebrar o Día das Letras Galegas, que nesta ocasión estará dedicado ás cantareiras, a asociación renderá un merecido

homenaxe ás mulleres que tanto traballaron pola nosa cultura, así como ás que continúan co seu legado.

Este ano, o curso contará con catro mestres de excepción: Rúth Pérez, na especialidade de Baile Tradicional; Nébeda Piñeiro, na especialidade de Canto Tradicional; Lucía Comesaña, na especialidade de Gaita; e Marilú Campos, na especialidade de Percusión Tradicional.

Contarase tamén con Ana Nogareda Mato, de Na Ristra, quen impartirá un faladoiro sobre os tipos de panos de pescozo, seguido dun obradoiro para aprender a colocalo.

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Celta...)

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 14 €

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

Chegar e encher de:

- FRONTIÑA
- CHARCUTERÍA
- CONVELADOS
- ASADOS DE PORCOS, COÑILLOS...
- PANADERÍA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENDEIRA CACHENA

Servimos a -HOSTELERÍA -COLEXIOS -DOMICILIO

PREPARACIÓN CALDES E LUGAS CALDES PARA CONVELADOR

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO

Éche o que hai!!!

- BRANDA GOURMET
- BOGEGA
- PETISCOS
- DELICATESSEN
- PRODUTOS
- CALIBRE PREMIUM

A CEL presenta un novo programa de formación financiado polo Goberno

A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) formará a máis de 1.260 persoas traballadoras da provincia grazas a un programa de formación financiado polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, con fondos do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia. O obxectivo desta formación é mellorar a cualificación e recualificación dos traballadores lucenses en competencias clave, co fin de reforzar a competitividade das empresas da provincia.

Isabel Rodríguez subliñou que o Goberno destinará máis de 700.000 euros para financiar esta iniciativa, que permitirá formar a máis de 1.260 traballadores de centros de traballo situados en Lugo e a súa provincia. “A concesión destas axudas responde á necesidade de adaptar os coñecementos e habilidades da poboación activa, especialmente en sectores estratéxicos e na mellora das capacidades para a transición ecolóxica”, explicou Rodríguez.

A programación formativa, que contará con máis de 1.260 prazas, estará dirixida ao persoal de empresas con centros de traballo en Lugo e provincia. Os cursos, cunha duración de 60 horas, impartiranse na modalidade de teleformación a través da plataforma formate.es, especializada en formación para o emprego subvencionada. A inscrición estará aberta durante os dous próximos meses ou ata esgotar as prazas.

Os interesados en participar poden obter máis información e inscribirse a través da web da CEL, www.cel.es, ou chamando ao 982231150. A inscrición manterase aberta ata completar as prazas.

A Federación de Veciños pide que se reinvesta o 50 % do canon da auga

A Federación de Veciños Lucus Augusti denunciou que o Concello de Lugo recadou e transferiu á Xunta de Galicia aproximadamente 14 millóns de euros en concepto de “canon da auga” nos últimos anos, “sen recibir nin un só euro de retorno para o saneamento rural do municipio”.

Segundo a Federación, este importe, recadado dos petos dos cidadáns de Lugo, foi utilizado pola Xunta “exclusivamente para sanear concellos gobernados polo Partido Popular”, deixando á marxe a capital lucense.

Así, consideran que esta situación é unha “clara inxustiza” e reclaman que, polo menos, o 50% do recadado en cada municipio se reinvesta obrigatoriamente no mesmo.

A proposta da Federación propón

que o outro 50% do recadado co “canon da auga” poida destinarse a pequenos concellos que necesiten apoio financeiro, sempre baixo criterios obxectivos como a extensión da zona rural, o número de núcleos rurais e a dispersión da poboación. Así mesmo, insisten en que a distribución destes fondos non debe depender da cor política dos concellos beneficiados.

Actualmente, unha gran parte da zona rural do Concello de Lugo carece de saneamento, a pesar de ter achegado 14 millóns de euros en concepto de canon da auga.

A Federación de Veciños Lucus Augusti considera que a Xunta de Galicia está desatendendo as súas obrigas coa cidade e esixe unha redistribución xusta e equitativa destes fondos.



Vinte lucenses participan no obradoiro dual de emprego Salus Lugo

Vinte lucenses comezaron a súa formación no ámbito socio-sanitario e socioeducativo a través do obradoiro dual de emprego Salus Lugo, unha iniciativa promovida polo Concello de Lugo e financiada cunha subvención autonómica de 421.000 euros.

Este obradoiro, que ofrece unha formación práctica e remunerada, terá unha duración de nove meses e combina aprendizaxe teórica nas instalacións do CEI Nodus co traballo efectivo en centros de referencia como Aspnaís, Cogami e San Vicente de Paúl.

Os participantes do programa son remunerados co salario mínimo interprofesional durante o período de formación, o que lles permite compaxinar a súa formación con traballo real no sector.

O obradoiro conta con dúas especialidades diferenciadas. A primeira, Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en

institucións sociais, permite aos alumnos obter un certificado de profesionalidade de Nivel 2. A segunda, Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade, é pioneira en Lugo e outorga un certificado de profesionalidade de Nivel 3.

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvallos, destacou a importancia desta iniciativa, subliñando que “a especialidade de promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade impártese por primeira vez na provincia, sendo unha oportunidade excepcional para formar profesionais altamente cualificados neste eido”. Este obradoiro forma parte do compromiso do Concello de Lugo coa formación de profesionais no ámbito socio-sanitario, permitindo aos participantes mellorar as súas posibilidades laborais nun sector con alta demanda de traballadores cualificados.

CEI NODUS



O CEI-Nodus foi o escenario da xornada Xustiza Social, impulsada pola Rede TIL de Técnicos/as de Inserción Laboral de Lugo. Esta iniciativa celebrouse con motivo do Día Mundial da Xustiza Social, unha data que se conmemora cada 20 de febreiro.

O PP presentou un Plan de Xestión da Auga

O Partido Popular de Lugo presentou un Plan Integral de Mellora da Xestión da Auga co obxectivo de solucionar os problemas de cortes constantes, fugas masivas e a falta de abastecemento no rural, que foi rexeitado no Pleno.

Ameijide denunciou que os principais contratos vinculados á xestión do ciclo da auga en Lugo levan 14 anos caducados, sen que se presentara unha solución viable por parte do goberno local.

O Plan Integral de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga que propoñen contempla a licitación urxente

dos contratos de xestión das ETAP e EDAR; o reforzo inmediato do persoal municipal; a garantía de reparación de avarías 24 horas, os 7 días da semana; un plan de control e a reparación de fugas para reducir o desperdicio de auga potabilizada; a renovación progresiva das tubaxes; a dotación progresiva de abastecemento e saneamento ao rural; a creación dun servizo municipal de limpeza de fosas sépticas para aqueles veciños que aínda non dispoñen de saneamento; e o fomento do uso de auga reciclada para rego, baldeos e usos industriais.

A Valedora dálle ao Concello un mes para entregar as contas do San Froilán

A Valedora do Pobo deu a razón ao Partido Popular e emitiu dous requirimentos para que o Concello entregue as contas do San Froilán 2023, despois de que o Goberno local “se negase a facilitar a información solicitada polo PP en varias ocasións”, din os populares.

Os concelleiros populares Javier Vázquez e Mar Carballas explicaron que a súa solicitude de información está baseada en que, segundo a liquidación de 2023, o San Froilán supuxo un gasto de 1,2 millóns de euros. “Queremos fiscalizar ata o último céntimo, porque a día de hoxe non se sabe con claridade onde foi parar

ese diñeiro. Carballas explicou que o PP pediu as contas en cinco ocasións distintas, tanto por rexistro como en comisións, pero “o Goberno local presentou diversas escusas para denegar o acceso á documentación”. Entre as xustificacións, o goberno mencionou a falta de persoal na área de cultura e a “imposibilidade material” de elaborar os informes solicitados, argumentos que o PP considera inxustificables.

Por iso, o PP presentou en agosto unha queixa ante a Valedora do Pobo, que en novembro de 2023 deu a razón ao Grupo Popular. Porén, a pesar da recomendación da

Valedora, o Concello non entregou a información, o que levou a un segundo requirimento en xaneiro.

Nos informes emitidos pola Valedora, recoñécese que a actuación do Concello limita de maneira “inxustificada” o dereito fundamental da oposición a exercer as súas funcións de control e fiscalización. A Valedora tamén lembra que a súa recomendación de facilitar a información non implica a elaboración de informes a medida, tal e como o Goberno local alegaba.

A Valedora advirte que o Concello debe responder no prazo dun mes, ou “se enfrontará ás consecuencias”.

“O motor económico da provincia tamén está nas mulleres”

Anjhara Gómez é a presidenta da Asociación de Empresarias de Lugo

Jessica Fernández

Anjhara Gómez Rodríguez, (Lugo, 1981), avogada, investigadora predoctoral no eido da historia rural contemporánea e presidenta de Asociación Mulleres Empresarias de Lugo (AELU), pon en valor a acción do colectivo en prol das mulleres da provincia.

Cando e con que motivación xorde a Asociación Mulleres Empresarias?

A Asociación Mulleres Empresarias de Lugo xorde hai 37 anos, nun momento no que a situación das mulleres era moi diferente á situación actual en canto á súa proxección sociolaboral. O traballo das mulleres era fundamental pero non tiña proxección externa. Así, a asociación foi un mecanismo social imprescindible para o impulso da muller a nivel social. As mulleres, en Galicia, sempre foron un motor familiar e económico, xa que exercían de apoio na sombra, dándolles impulso aos homes e aos fillos para que puideran traballar e estudar. É dicir, eles podían diversificarse grazas ao sacrificio da muller e a asociación nace para sacar á luz ese traballo das mulleres.

Cales son os obxectivos da Asociación?

Nos temos dúas liñas principais de traballo: apoiar e axudar ás mulleres para que se poidan establecer laboralmente e crezan como empresarias ou emprendedoras; e, a outra, o empoderamento feminino, a toma de conciencia das mulleres do seu valor coas súas características e talentos propios. Isto materialízase facendo un traballo de orientación laboral e empresarial, axudándolles e facer trámites e presentar solicitudes de calquera tipo. Do mesmo xeito, a través de proxectos que convocamos todos os anos, fomentamos a independencia das mulleres como persoas con aspiracións e inquecandanzas. Teñen que darse conta de que o seu traballo de apoio ás familias non debe soterrar o seu propio desenvolvemento como persoa. Ademais, os éxitos poden ser compartidos, xa que moitas veces un matrimonio funda unha empresa e ás veces a mullerponse á marxe voluntariamente, e pódese camiñar ao lado. Para nós o feminismo é un eixo transversal a todas as nosas accións; non reclamamos o recoñecemento da igualdade porque este é un dereito inherente a tódalas mulleres, xa somos iguais en dereitos e deberes, pero si que invocamos unha posta en práctica efectiva deste dereito.

Estase avanzando ou aínda queda moito por facer para acadar unha igualdade real?

Socialmente, imos saíndo dunha

sociedade con un carácter marcadamente machista. O recoñecemento dos dereitos das mulleres é moi recente historicamente, polo que poderíamos considerar que estamos nunha infancia do desenvolvemento da igualdade da muller. Por iso, hai moitos comportamentos que saen por inercia, non por vontade de querer ser machistas. Nós facemos cursos de empoderamento feminino sobre todo enfocados nas zonas rurais, onde incluso en ocasións as mulleres veñen coas súas parellas e vemos como eles disfrutan destas actividades e intégranse. A igualdade será efectiva se tamén integramos ao outro 50 % da poboación, xa que queremos que nos recoñezan e nos dean o noso lugar. Non pode haber unha visión partidista do feminismo, non ten sentido excluír unha parte, así estás rexeitando a igualdade. Aquí todos temos que unírnos no camiño cara á igualdade, xa que nos afecta a todos os membros da sociedade.

“O carácter das mulleres no rural ou no urbano é parecido; somos netas das nosas avoas e somos todas mulleres rurais, incluso as urbanas”

Hai diferenzas entre e muller do rural e a do ámbito urbano?

As mulleres son mulleres en calquera lugar, e, concretamente, as mulleres galegas da provincia de Lugo teñen unhas características concretas, xa que aínda que temos núcleos urbanos, en xeral é case todo rural. Por iso, o carácter das mulleres no rural ou no urbano é parecido; somos netas das nosas avoas e somos todas mulleres rurais, incluso as urbanas. Con respecto ao emprendemento, non hai grandes diferenzas, só os sectores, e cada vez menos. Nós temos arredor de 150 socias de toda a provincia e vemos que hai actividades propias do ámbito rural, como unha gandaría, pero actividades económicas propias da urbe, como as relacionadas coas novas tecnoloxías, cada vez implántanse máis na zona rural. Por iso, é tan importante o investimento das administracións públicas, que teñen capacidade e responsabilidade de expandir as conexións na zona rural, así como mellorar e posibilitar unha igualdade de acceso aos servizos. Así, promóvese

o emprendemento na zona rural, e isto repercute no asentamento da poboación. Se levas servizos e outras actividades diferentes das do sector primario, que xa está moi mecanizado e necesita menos man de obra, consegues que arraigue a poboación. Ademais, hai que posibilitar o retorno da xente que marcha estudar e podería volver, o que supón recuperar capital humano, mellorar e manter poboado o territorio. En definitiva, as mulleres que emprenden son valentes e contan cunha dose de creatividade e de capacidade de resolución.

Cales son as actividades que se promoven desde a Asociación?

Nós traballamos con outra asociación irmá, Deidades, que está especificamente dedicada a traballar con mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Póñennos en contacto con mulleres que necesitan acompañamento e estamos implicados nese traballo de empoderamento feminino. Logo, nós como asociación temos a función principal de asesorar e acompañar a empresarias e emprendedoras. Cando unha empresaria xa leva un percorrido tratamos de mantelas informadas das novidades fiscais, modificacións que poidan afectar aos diferentes sectores, así como na tramitacións que poidan precisar realizar e tamén facemos cursos de reciclaxe en sectores como as novas tecnoloxías. Outra actividade da asociación é a organización dos premios Son Muller. Estes, lévanse facendo sete anos e a idea é visibilizar os traballos femininos que contribúen ao mantemento socioeconómico da provincia. Estes premios están abertos as nosas asociadas e ao resto de empresarias, ademais de que se poden presentar proxectos consolidados ou de primeira creación, que estean en núcleo urbano e rural, e de calquera sector. O obxectivo é recoñecer o traballo, xa que, se algo non se ve, non existe; e o motor económico da provincia tamén está nas mulleres. Por outro lado, todos os anos



poñemos en marcha proxectos que están financiados pola Deputación de Lugo cos que tratamos de elaborar accións concretas que permitan mellorar a vida das socias, como formación en técnicas, autocoidado, seguridade, facturación electrónica... todo isto permite manter as empresarias ao día das novidades e darlles as ferramentas que necesitan para adaptarse aos cambios que se van producindo. Estes proxectos elaboranse ano a ano e complementa o labor de acompañamento que facemos a diario desde a asociación.

Hai necesidades para seguir mellorando?

Nós colaboramos coa Deputación de Lugo, co Concello, coa Xunta e con outras entidades. Sempre nos sentimos escoitadas, pero as posibilidades van máis aló. Estamos nunha situación de inestabilidade porque a asociación é sen ánimo de lucro e formada principalmente por autónomas, polo que non podemos poñer unha carga económica moi grande sobre elas, porque estamos para apoiar, e non para esixir; por iso, precisamos o apoio das administracións para facer o noso traballo, porque estamos a desenvolver un traballo tamén de interese social. A nosa intención é o benestar social e o crecemento das mulleres, cada céntimo investido na asociación é ben investi-

do. O da inestabilidade dígoos porque para levar a cabo os proxectos temos que contratar técnicas e estes teñen que ser renovados cada ano o que provoca certa precariedade na nosa capacidade de intervención.

Cales son os proxectos de futuro?

A asociación vaise manter, xa que nós sempre nos sentimos apoiadas e queremos seguir facendo os nosos proxectos de maneira anual, así como seguir co noso traballo de acompañamento. Eu estou convencida de que estamos a facelo ben e estou bastante satisfeita do traballo que se fai. Intentamos ofrecer todo ese apoio e pedímolles que depositen esa confianza en nós. Vivimos un momento histórico no que hai dificultade para crear comunidade e a forza está na comunidade. É dicir, o amparo e as cousas conséguense en grupo, porque así temos capacidade de acción fronte ao resto da sociedade e fronte ás administracións. Se as mulleres emprendedoras e empresarias de Lugo están lendo esta entrevista, convídoas a que se poñan en contacto con nós porque o grupo é o que nos fai ter forza á hora de pedir, reclamar e construír algo conxuntamente co interese de todas. É importante unir eses esforzos e ás mulleres empresarias de Lugo. Estamos a disposición de todas elas no CEI Nodus.

Marfer
INFORMÁTICA

SERVICIO TÉCNICO
LUGO Y PROVINCIA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo. Tel.: 982 263 084. www.imarfer.com - correo@imarfer.com

AO NOSO CARÓN

Arranca no CIS a unidade de radiodiagnóstico que atenderá a 15 concellos

A Unidade de Radiodiagnóstico do Centro Integral de Saúde de Lugo (CIS), situado no barrio da Residencia, comezou a funcionar en febreiro. Este novo servizo atenderá os pacientes remitidos desde os centros de Atención Primaria da súa área de cobertura, sumándose ao servizo xa operativo na Praza do Ferrol. Segundo o Sergas, esta ampliación permitirá duplicar a capacidade asistencial na capital lucense, facilitando a realización dun maior número de placas-probas de radioloxía convencional e reducindo os tempos de espera.

A Unidade está situada na planta principal do CIS e conta con instalacións modernas e funcionais, que inclúen varias salas e un equipo

de radioloxía dixital de última xeración. As radiografías serán realizadas a pacientes remitidos desde os servizos de Atención Primaria de Lugo cidade, Baleira, Begonte, Castro de Rei, O Corgo, A Fonsagrada, Friol, Guntín, Meira, Outeiro de Rei, A Pastoriza, Pol, A Pontenova, Ribeira de Piquín e Taboada.

A apertura desta nova sala permitirá reorganizar as axendas e redistribuír as probas de radioloxía simple solicitadas polos profesionais de Atención Primaria, reducindo ao máximo os tempos de espera. Só no pasado ano, no centro da Praza do Ferrol realizáronse 17.238 radiografías convencionais solicitadas polos facultativos de medicina de familia.



Entregados os premios do concurso infantil da Policía Nacional

A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolleu o acto de entrega dos premios do concurso infantil de debuxo convocado con motivo do Bicentenario da Policía Nacional. A Secretaría Xeral da Lingua, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, colaborou coa Comisaría Provincial lucense na organización.

No acto entregáronse os premios aos catro primeiros clasificados de cada categoría, que recibiron un lote de libros, un diploma acreditativo e un calendario no que se recompilan os debuxos galardoados. Na entrega participaron o delegado territorial da Xunta, Javier Arias, a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e o comisario xefe da Policía Nacional de Lugo, Luis Miguel Romera, entre outras autoridades.

Na primeira categoría venceu Mateu

Almuina Gayoso (CEIP Plurilingüe de Nadela), Ariel Echeverry Cruz (CEIP Monforte de Lemos), Alma González Gómez (CEIP San Xoán, de Becerreá) e Noela Insua Requeijo (CEIP Antía Cal Vázquez, de Muras).

Na segunda categoría o primeiro premio foi para Carmen Bustabad Fernández (CEIP de Celeiro), seguida de Martín Fernández Carrera (CEIP Plurilingüe de Nadela), Martina López Candia (CEIP Península da Paz, de Cervo) e Gonzalo Porto Ingerto (CEIP Plurilingüe O Corgo).

E na terceira categoría os afortunados foron Sonia Mora Seijo (CEIP de Celeiro), Branca Fernández Guerreiro (CEIP Quiroga Ballesteros, de Lugo), Gonzalo Gómez Rodríguez (CEIP Plurilingüe O Corgo) e Cristian Prieto Gómez (CEIP Antía Cal Vázquez, de Muras).

A Deputación licita dous proxectos de obra no Corgo e Portomarín

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un novo investimento para mellorar a mobilidade da provincia por un importe de 2,23 millóns de euros en diferentes actuacións que afectan a estradas de todo o territorio. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, tras a sesión celebrada esta mañá na que detallou que entre as diferentes actuacións, a institución licita tres proxectos e adxudica outros tres para mellorar seis estradas provinciais con 1,5 millóns de euros.

En Portomarín, a empresa Construcciones Carballeira SL resultou adxudicataria da mellora dun tramo de algo máis de dous quilómetros da LU-P-4901, que conecta a aldea de Camporredondo coa parroquia de Castromaior, por Nespereira. O prezo da adxudicación é de 53.700,66€ para o treito que vai do inicio da vía ó punto quilométrico 2,022. O proxecto inclúe a reapertura de cunetas e a reparación do pavimento e o prazo de execución será de 2 meses desde o inicio dos traballos. “Esta vía provin-

cial enlaza a estrada nacional 540 e a autonómica LU-633, ambas con moito tráfico”, valorou a Deputada.

Finalmente, no Corgo, adxudicou a Francisco Gómez y Cía os traballos de mellora de dous tramos do cinto comarcal, a estrada LU-P-1611. Con este proxecto, que conta cun prezo de adxudicación de 541.999,99 euros, a institución provincial rehabilitará dous treitos da vía: do seu inicio ao punto quilométrico 5,600 e do tramo comprendido entre os puntos quilométricos 6,600 e o 7,535.

Familias afectadas pola falta de pediatras reúnense co Sergas

As familias dos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito, que levan meses con protestas pola falta de atención pediátrica no seu centro de saúde de referencia, recibiron resposta, desde a xerencia da área sanitaria de Lugo, ás súas reclamacións. “As autoridades sanitarias recoñecen que a situación non é idílica e aseguran que o seu obxectivo é evitar demoras nas revisións infantís, así como garantir que as citas anula-

das sexan reasignadas correctamente”, explican.

Afirmaron desde o Sergas ao colectivo “que o servizo está cuberto dentro das súas posibilidades, pero xustifican a situación pola falta de persoal dispoñible. Engaden que, na medida en que lles sexa posible, seguirán buscando solucións e cubrindo as ausencias mediante distintas xestións. Sinalan que teñen que facer numerosos movementos

e xestionar múltiples opcións para tratar de chegar a todos os puntos necesarios”.

A petición das familias, comprometéronse a que, desde os centros de saúde, se reprogramen automaticamente as citas canceladas polo sistema, sen que sexan as nais e pais quen teñan que estar pendentes de chamar para solicitar unha nova consulta. Tamén seguen agardando resposta por parte da Xunta de Galicia.

castro de rei

Licitan a xestión da residencia de maiores municipal por catro anos

O Concello de Castro de Rei iniciou o proceso de licitación para a xestión da residencia de persoas maiores e con discapacidade severa da localidade. O novo contrato, cun orzamento base de 4.653.311,52 euros, terá unha duración de catro anos.

A empresa que actualmente xestiona o centro, Troncoso Casares SL, decidiu non acollerse á prórroga dispoñible, polo que se abre a oportunidade para que outras entidades opten a prestar o servizo. O alcalde, Francisco Balado, recoñeceu que a diferenza de custos respecto á adxudicación anterior foi determinante. “Os prezos de hai catro anos quedaron desfasados debido ao incremento dos custos laborais e de subministracións”, indicou.

O custo anual estimado do servizo ascende a 1.163.327,88 euros. Ta-



mén se estipularon as tarifas máximas que os usuarios deberán aboar segundo o grao de asistencia que precisen, variando entre 1.479,12 e 1.910,53 euros mensuais.

Actualmente esta residencia, que está completa e con lista de agarda, conta cun total de 53 prazas, das que 34 son residenciais e outras 19 para grandes dependentes.

Ademais, as bases inclúen unha taxa anual de 9.000 euros para a empresa adxudicataria, aínda que este importe podería ser axustado en función das ofertas recibidas. As entidades interesadas en participar no proceso de licitación dispoñen de prazo ata as 23:59 horas do 17 de marzo para presentar as súas propostas a través da plataforma da Xunta.

“Somos un pilar fundamental no eido cultural de Portomarín”

Noemí Vázquez Viña, presidenta de Asociación Cultural Río Miño, destaca a dinamización do colectivo, xunto con outras asociacións, no municipio

Jessica Fernández

Fálenos dos comezos da Asociación Cultural Río Miño de Portomarín.

É unha asociación que se creou en 1988, aínda que se orixinou antes, porque a xente quedaba para facer pequenas xuntanzas para difundir a música e a danza galega; pero como asociación xorde nese ano. A principal motivación é crear e manter viva, a través da música e a danza, a nosa cultura e tradición. Todas as asociacións culturais temos ese obxectivo: que a cultura non se perda.

Que valores e obxectivos promove?

Un dos nosos valores é o compañeirismo, xa que somos unha asociación de 56 integrantes, que para ser en Portomarín está moi ben, entón, sobre todo, o obxectivo é crear interese pola nosa cultura en toda a xente e concretamente nos nenos e nenas, que son o futuro para poder seguir mantendo isto, e que sexan conscientes da importancia da nosa cultura; é dicir, que non se perda nin quede no esquecemento. Outro obxectivo é facer un intercambio de coñecemento entre os nosos integrantes, xa que temos socios desde os 4 ata os 90 anos, fomentando así a interxeracionalidade e que sexa un grupo unido: somos todos un.

Dos valores, tamén destacamos o respecto, a disciplina, o amor e a paixón pola nosa cultura, a danza e o folclore. Finalmente, outro obxectivo primordial é achegar a cultura a toda a xente de Portomarín e doutros lugares onde imos, así como transmitila aos peregrinos que pasan por esta etapa do Camiño, polo que a difusión da nosa cultura é o obxectivo.

Como é acollida da por parte dos peregrinos desa transmisión da nosa cultura?

Os peregrinos desfrutan. Nós temos actuacións formais, nas que imos vestidos co traxe ou coa camiseta da asociación, e intentamos interactuar con eles. Ademais, cando facemos foliada, animamos aos peregrinos a que se unan e ensinámoslle como se fai, polo que nos gravan e aprenden de nós, gústalles moito.

Durante un ano natural que actividades adoitan facer?

Temos actividades lúdicas e outras máis culturais. As lúdicas teñen o obxectivo de promover a convivencia de todos os integrantes do grupo e mellorar o ambiente, polo que facemos saídas entre nós. Con respecto ás culturais, temos clases de baile e de música tradicional, tanto de gaita e percusión, como de canto, no noso

local. Ademais, organizamos saídas a festas patronais, participamos na Festa da Augardente de Portomarín, estivemos na Cabalgata de Reis, todos os domingos de agosto hai domingos folclóricos e nós participamos en dous deles, recuperamos a saída do Maio, na que unha persoa vai dentro da estrutura de xestas e flores mentres cantamos pola rúa; cada ano organizamos unha foliada e tamén os cantos de taberna en xuño... E tamén facemos tamén actividades con outras asociacións, como o Festival de Nadal, no que participamos coa ANPA e unha coral. Despois de todo iso, en verán saímos amenizar algunha sesión vermú ou procesión.

De que maneira dinamizan a vida cultural de Portomarín?

Eu creo que agora mesmo somos un pilar fundamental do eido cultural de Portomarín e oxalá sempre siga así e non se perda. E non só somos nós; nós incentivamos esa colaboración co resto de asociacións e é importante que se manteñan vivas porque, se non, é un pobo fantasma no inverno. Na nosa asociación, ademais, ao ter unha historia de tantos anos, pasaron moitas persoas por aquí, polo que creo que a asociación é importante para todo o mundo da vila, xa que, dunha maneira ou doutra, formaron parte dela. Eu, por exemplo, levo desde os 5 anos e nunca pensei que sería a presidenta, pero o que facemos é algo que une á vila e a asociación forma parte do noso carné de identidade, porque todo o mundo ten unha unión con ela.

Ademais da colaboración con outros colectivos, contan con axuda das institucións?

Si, colabora con nós o Concello de Portomarín e a Deputación de Lugo. Formamos parte de Tradigalu e des-



de a Deputación adherímonos a actividades como a Rede de Circuitos de Teatro, pedimos a visita da apalpadora... Somos unha entidade sen ánimo de lucro e necesitamos axudas para desenvolver as nosas actividades. Por exemplo, hai dous anos conseguimos unha subvención dos fondos Next Generation, coa que puidemos desenvolver un proxecto de dinamización polas parroquias de Portomarín todos os domingos do inverno. Foi todo un reto, pero foi moi gratificante porque achegámonos a parroquias onde había anos que non se facía festa e puidemos divulgar a música por todos os lugares, non quedarnos só na capitalidade do municipio, co que tamén puideron coñecernos.

Hai, entón, algunha necesidade?

Como somos unha asociación pequena, necesitamos recursos económicos para adquirir algún obxecto, como colares, pendentes, etc. para os traxes; ou algunha prenda de roupa. Tamén axudas para poder mercar algún instrumento, xa que moita xente non se pode permitir ter un propio. E logo, máis que unha necesidade, é unha denuncia, xa que

segue a haber o estigma de ver o tradicional como algo sen interese, polo que moitos nenos déixannos na adolescencia, e logo hai algúns que volven e outros que non. Cremos que é importante transmitir a cultura como algo interesante e bonito desde a sociedade e desde as institucións, xa que, como está aí, crese que non hai que facer nada, e temos que mantelo nós. E outra necesidade que temos é ter máis rapaces, homes, xa que o 80 % dos integrantes da asociación son mulleres. Existe o estereotipo de que os homes non poden ir bailar, é algo que se ve, hai moitas máis mulleres que homes no mundo da danza, e nós queremos que se animen a participar.

Como ve o futuro da asociación?

O principal é que isto siga medrando en membros, porque cantos máis sexamos, mellor, e que se manteña canto máis se poida no tempo para que todo o mundo poida desfrutar do traballo que facemos na asociación. Ademais, queremos promover que os nenos manteñan ese interese por manter todo isto e formar parte da asociación, que teñan o seu corazón aquí.



COGAMI impartiu sesións informativas

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) celebrou dúas sesións informativas no Pazo Xeral Paredes de Portomarín, destinadas a mulleres con discapacidade. As actividades estiveron centradas en temas de gran relevancia para o colectivo, como a utilización do Sergas Móvil e a valoración e recoñecemento da discapacidade.

Durante a primeira sesión, os asistentes tiveron a oportunidade de aprender a utilizar a aplicación Ser-

gas Móvil, unha ferramenta que facilita a xestión de citas médicas, chamadas ao 061 e outros servizos sanitarios de maneira cómoda e accesible. Os representantes de Cogami explicaron, paso a paso, como solicitar citas e realizar trámites de saúde a través da aplicación, co obxectivo de mellorar o acceso dos usuarios aos servizos sanitarios.

Na segunda, a sesión abordou a 'Valoración e recoñecemento da discapacidade', proporcionando informa-

ción clave para que as persoas con discapacidade poidan comprender e aproveitar as vantaxes e medidas de apoio dispoñibles para mellorar a súa calidade de vida.

Estas actividades foron deseñadas para mulleres con discapacidade, co fin de fomentar a súa inclusión e garantir que teñan acceso á información e recursos necesarios para o seu benestar.

As actividades contaron coa colaboración do Concello de Portomarín.



rábade

Rábade acollerá en marzo a Foliada de Primavera, Axeigada

O 22 de marzo, o Centro Sociocultural será no epicentro da música e a tradición galega coa celebración da segunda edición da Axeigada, a Foliada de Primavera.

O evento, organizado pola agrupación folclórica Axeigo coa colaboración do Concello de Rábade, incluírá unha ampla programación con obradoiros, sesión vermú, cantos de taberna e concertos, ademais da tradicional foliada aberta, onde músicos e asistentes poderán gozar dunha

xornada de festa e cultura popular. Desde a organización animan a toda a veciñanza e visitantes a estar atentos ás vindeiras publicacións para coñecer máis detalles sobre esta celebración que promete encher Rábade de música e baile tradicional. Desde Axeigo, esperan “unha gran acollida desta segunda edición da Axeigada, xa que a primeira foi todo un éxito. Sorprendeunos a cantidade de xente que veu desfrutar e esperamos que este ano veña máis”.

O concello contará cunha andaina e un monólogo polo 8M

O Concello de Rábade programa dous actos con motivo do Día Internacional da Muller para o vindeiro venres 7 de marzo.

Ás 12:00 horas farase unha andaina con saída da Praza do Concello. Ao remate haberá unha chocolatada e agasallos para todos e todas as parti-

cipantes ata fin de existencias. Xa pola tarde, ás 20:00 horas o Centro Sociocultural acollerá o monólogo de Leti da Taberna Enredada. As actividades, organizadas polo Concello de Rábade, están cofinanciadas polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

María José Gómez defende as transmisións de explotacións

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, puxo en valor o papel das oficinas rurais no asesoramento para favorecer a transmisión de explotacións a través do Banco posto en marcha pola Xunta a semana pasada. Nunha visita á oficina rural de Friol, na que estivo acompañada polo alcalde, a conselleira salientou que calquera persoa interesada no devandito Banco poderá dirixirse á súa oficina rural para informarse e recibir asesoramento.

Nesta liña, Gómez lembrou que Galicia conta actualmente con ata 69 oficinas rurais, das cales 19 están situadas na provincia de Lugo. Todas elas, remarcou, constitúen “o punto de encontro da Consellería coa veciñanza no territorio” e están abertas aos agricultores, gandeiros e silvícolas para atender as súas necesidades e demandas. Neste caso concreto, o persoal das oficinas prestará apoio e tutelará os procesos de transmisión de explotacións por medio do Banco, unha tarefa para a que vén reci-



bindo formación específica.

Por outra banda, María José Gómez destacou tamén o compromiso da Xunta coa mobilización de terras agrarias, facendo especial fincapé no decidido impulso ás parcelarias, así como tamén ás diferentes ferramentas recollidas na Lei de recuperación da terra agraria. Neste sentido, puxo de relevo a figura das permutas de especial interese agrario, un instrumento moi áxil e acaído para mobilizar terras e no que o Concello de Friol foi pioneiro, sendo quen de mobilizar xa por esta vía arredor de 400

hectáreas no seu termo municipal. Na visita, a conselleira puxo tamén en valor os esforzos do seu departamento para a reforma, adaptación e mellora da rede de oficinas rurais, como entes claves na dinamización do agro. No caso concreto da oficina de Friol, o investimento supera os 32.000 euros. Con estes fondos acometéronse obras de reforma para a redistribución de espazos, illamento térmico, renovación da carpintería interior e exterior, obras e aparatos de climatización, pintado, alumeadado, sinalización e mobiliario.

o corgo

Os Cinco Ríos do Corgo organiza o V Campionato de Tute

O 15 de marzo terá lugar no centro sociocultural do municipio do Corgo o V Campionato de Tute, organizado pola Asociación Os Cinco Ríos.

A inscrición para participar no campionato, que se fará por parellas, deberá completarse antes do 8 de marzo e terá un custo de 100 puntos, que inclúe tamén a cea posterior.

A cea contará cun menú que inclúe entrantes, xamón cocido, churrasco, larpeira, café e bebida. Ademais, a cea está aberta tamén a persoas que non participen no campionato pero queiran unirse á celebración. O prezo para asistir á cea será de 15 euros para os socios da Asociación e de 20 euros para os non socios.

Os premios do campionato serán atractivos: 1000 puntos para a parella vencedora, 500 puntos para a segunda e 250 puntos para a terceira. Ademais, haberá premios para a repesca, cos seguintes galardóns: 500 puntos para o primeiro, 250 puntos para o segundo e 150 puntos para o terceiro. Na 2ª repesca, os premios serán aínda máis saborosos: o primeiro levará 2 xamóns Torre de Núñez, os segundos recibirán 2 paletillas Torre de Núñez e os terceiros 2 queixos de Jamones Jacob.

O BNG reclama unha mellora da seguridade no cruce da N-VI

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, demanda ao Goberno do Estado actuacións inmediatas para a mellora da seguranza viaria da N-VI ao seu paso polo termo municipal do Corgo, prestando especial atención á altura do centro de saúde. A organización nacionalista propón a instalación de pasos de peóns e outros elementos de regulación e calmado de tráfico, como semáforos, para reducir o risco de accidentes e mellorando a calidade de vida da veciñanza.

A N-VI atravesa o termo municipal do Corgo e constitúe unha vía cunha alta circulación de tráfico. Con especial atención, cabe sinalar o cruzamento situado na zona próxima ao Centro de Saúde ante a situación de perigo actual e futuro. Neste mesmo lugar, é onde se atopan algúns comercios de maior afluencia do concello e, proximamente, instalaranse os Servizos Sociais do Corgo. Ademais, nesta zona lévase a cabo unha feira mensual cunha grande afluencia de xente e de vehículos.

“Neste tramo de especial circulación non existen nin pasos peonís



nin semáforos que permitan regular o tránsito de vehículos e peóns. Só conta con sinais horizontais de pintura desgastada sobre o asfalto que a meirande parte dos vehículos non respectan” sinala o deputado do BNG. Néstor Rego, neste sentido, sinala que a falta de medidas e da sinalización adecuada está a causar accidentes, atropelos e problemas de seguranza viaria. O Ministerio de Transportes, demanda Rego, debe estudar este cruzamento e iniciar actuacións para mellorar a seguranza viaria neste punto a través da instalación

de pasos de peóns para reducir o risco de accidentes, así como analizar a posibilidade de construír neste punto unha rotonda para a regulación e o calmado do tráfico. “Unha mellora integral non só neste punto senón no tramo completo da N-VI que atravesa o termo municipal do Corgo” enfatiza. Segundo explica o deputado nacionalista, estas actuacións non requiren dun investimento elevado mais o cambio que se produciría sería substancial, sobre todo na mellora da seguranza viaria e a calidade de vida da veciñanza.

Convocan un curso para aprender a construír pandeiretas

O Centro Sociocultural será o escenario, o sábado 29 de marzo, dun curso para aprender a construír a súa propia pandeireta. O obradoiro, organizado pola asociación A Legua Dereita en colaboración con O Reberete, ten como obxectivo chegar a artesanía e a música tradicional á cidadanía. A actividade, que se desenvolverá en dúas sesións, de 11.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.00 horas, ofrece a posibilidade de elaborar este instrumento desde cero e levar para a casa unha pandeireta feita polas propias mans do alumnado. O curso ten un prezo de 40 euros para o alumnado de A Legua Dereita e 70 euros para o resto de participantes. Desde a organización lembran que a inscrición é obrigatoria e que as prazas son limitadas, polo que animan a anotarse antes do 28 de febreiro para garantir a participación. Para iso, as persoas interesadas poden contactar a través do teléfono 659 779 462 ou das redes sociais de @leguadereita.

A iniciativa enmárcase dentro dun proxecto máis amplo de promoción da música tradicional galega, apostando pola recuperación e posta en valor dos instrumentos autóctonos.

Arranca a obra do primeiro centro de atención ao autismo de Galicia

Friol deu un paso adiante coa presentación do primeiro centro de atención integral a persoas con autismo en Galicia, un proxecto cualificado como “pioneiro e vangardista” que foi recibido con entusiasmo por administracións, asociacións e familias. O acto, organizado polo Concello, tivo lugar nunha carpa xunto ao espazo onde xa comezaron as obras, na rúa do Carballal. A infraestrutura, que ocupará unha parcela que combina zona urbana e rústica, permitirá integrar dous enfoques para a atención ás persoas con TEA.

O evento foi inaugurado polo alcalde de Friol, José Ángel Santos, quen agradeceu a colaboración de todos os implicados e destacou especialmente o apoio financeiro da Xunta, que destinará 4 millóns de euros ao proxecto. “Este centro representa a unión das administracións públicas en prol das persoas con autismo e as súas familias”, declarou Santos, quen asegurou que marcará “un antes e un despois” para Friol, para Galicia e para o colectivo TEA.

Mercedes Fernández, presidenta da Federación de Autismo de Galicia, salientou a relevancia deste centro, que se converterá nun apoio esencial tanto para as persoas con Trastorno do Espectro Autista como para os seus familiares. Durante a súa intervención, lembrou que actualmente hai 27.000 persoas con autismo en Galicia, unha cifra en



aumento, e subliñou a necesidade de crear espazos que garantan unha vida digna e con dereitos iguais para estas persoas. “Non podemos seguir recaendo o peso dos cuidados só nas familias; necesitamos recursos como este centro para fomentar a autonomía e a independencia das persoas con TEA”, afirmou Fernández.

OS DETALLES DO PROXECTO. O proxecto, que estará xestionado por Aspanane, contará cun edificio de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. O soto albergará os servizos comúns, como a cociña, lavandería, vestiarios, garaxe e salas de instalacións. Na planta baixa situaranse os talleres, unha aula de psicomotricidade, salas de reunións e as áreas administrativas. As dúas plantas superiores acollerán tres módulos autónomos de oito persoas

por planta, cunha capacidade total para 48 usuarios, e algúns módulos estarán destinados ao respiro familiar.

No acto tamén participou o recoñecido especialista en xenética Ángel Carracedo, quen emocionou aos asistentes cunha intervención centrada na orixe do trastorno, as necesidades de coidado e os avances na investigación. Carracedo destacou que o centro de Friol é un exemplo de como os pacientes poden estar máis próximos aos seus fogares, algo esencial na atención integral.

Fabiola García, conselleira de Política Social, pechou o evento resaltando que o centro será “un recurso pioneiro que converterá Galicia nun referente na atención ao autismo, ao tempo que contribuirá á creación de emprego e ao asentamento de poboación no rural”.

Comeza a rehabilitación do centro social de Carballo cun obradoiro

A través do Obradoiro de Emprego Cumes da Terra Cha VIII e con un orzamento de case 60.000 euros estase reformando integralmente o edificio social de Carballo.

Este proxecto, que está sendo executado por alumnos do obradoiro de emprego, está previsto que rematen as obras no prazo de dous meses. Estas lévanse a cabo sobre a edificación existente, que é a antiga escola unitaria da parroquia de Carballo, e do seu entorno inmediato.

Farase unha demolición de beirarrúa traseira e lateral dereita, tamén de escaleiras de acceso á planta primeira (para instalar unhas novas) e rampla de soporte, demolición tamén do pavimento interior de planta baixa para reposición previo illamento do mesmo. Abrirase unha gabiá na fachada dereita e na traseira para realización de impermeabilización de



muro. Retirarase capa de terra vexetal en parcela, para posterior execución de pavimentado con soleira de formigón pulido ou pavimento de lastra de formigón.

Levaranse a cabo tamén a impermeabilizacións e illamentos coa formación de impermeabilización a base de lámina asfáltica adherida sobre capa de formigón aplicado na

cara exterior. E tamén se cambiarán as ventás fixas de formigón na planta baixa por novas ventás de aluminio brancas, segundo a disposición das existentes na planta primeira.

Parte destes traballos que se indican xa están realizados. Os que faltan por realizar, está previsto que se poidan ter rematados para finais do mes de abril.

Entregados os premios do primeiro Concurso de Tapas friolés



Entregáronse no concello de Friol os premios aos gañadores da primeira edición do Concurso de Tapas, que corresponden, tanto ao Restaurante Orixes como proposta gañadora, como ás tres persoas participantes que gañaron no sorteo, e tamén houbo uns agasallos para as rapazas que participaron no concurso de deseño do cartel.

Esta entrega fíxose despois do recuento dos votos emitidos, que se levou a cabo a semana pasada, e despois de facerse público que o establecemento gañador resultou ser Restaurante Orixes, coa súa proposta Polbo á grella con crema de pataca, crocante de xamón e aire de pementón, que acadou un 8,9 de nota media, e despois de saber tamén o nome dos premiados no sorteo.

En este acto de entrega no que estiveron presentes representantes de varios establecementos hosteleros participantes, e membros do equipo de Goberno Municipal, tamén participaron todas as persoas gañadoras dos distintos premios. Estaban os representantes do Restaurante Orixes, tamén estaban as

tres persoas premiadas que resultaron agraciadas no sorteo que se realizou entre os folletos válidos entregados nas distintas urnas (Juan Verde recibiu o 1º premio, Katia Pena levou o 2º premio, e o 3º premio recolleuno a nai de Lucía Varela), e tamén convocaron ás alumnas do centro escolar público de Friol que participaron no concurso de deseño do cartel, co que se promocionou o citado concurso de tapas, ás cales lles entregaron uns detalles por animarse a participar, e foron Antía Ramos Iglesias, Noemí Agruñá Fernández e Susana Pena Villar, que foi a que creou o deseño ganador.

O gañador recibiu un lote de produtos valorado en 300 euros, o primeiro premio do sorteo entre os participantes de este concurso consiste nun lote de produtos valorado en 200 euros máis 200 en efectivo. O segundo premio consta dunha viaxe para dúas persoas á Bodega Jaros (visita á bodega, ao viñedo e cata, ademais do xantar). E o terceiro premio son dúas botellas de viño Jaros e Adega d' Berna e un lote de produtos El Globo.

XUÍZ DE PAZ



Tivo lugar a toma de posesión do novo xuíz de paz titular, Manuel Prado Fraga, que xa realiza as súas funcións no Xulgado. Despois de que Ricardo García Morandeira presentara a súa renuncia ao cargo en setembro do pasado ano, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia indicou ao Concello de Friol para que iniciara o procedemento de elección dun novo titular.

A CHMS traballa en catro ríos da comarca

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa os traballos de conservación e mellora dos ríos da demarcación.

Na provincia de Lugo, 4 brigadas compostas por 5 operarios especializados cada unha, traballan nos municipios de Outeiro de Rei, en 2 tramos que suman máis de 7,5 quilómetros dos ríos Pequeno e Santa Marta; en Quiroga, en 3,5 km do río Quiroga; e, a próxima semana, iniciarán as actuacións programadas en 650 metros do rego Lavandeira, ao seu paso por Lugo.

En Outeiro de Rei, trabállase nos ríos Pequeno e Santa Marta, intervencións de natureza puntual e selectiva, consistentes na retirada de árbores secas, en pé e derrubados ou con estabilidade comprometida, ademais de eliminación de tapóns e de Especies Exóticas Inva-

soras (*Phyllostachys* sp.)

No río Quiroga, nun tramo que presenta a capacidade hidráulica merma e situado en zona ARPSI, retíranse tapóns illados, árbores secas ou comprometidas e especies exóticas invasoras (*Phyllostachys* sp.), ademais, realízanse podas selectivas para mellorar a composición da vexetación de ribeira.

Por último, no rego Lavandeira, iniciarase unha actuación a próxima semana; traballos de natureza puntual e selectiva para a retirada de tapóns ao longo de 650 m en zona ARSI, actuacións que mellorarán a capacidade hidráulica do leito.

É importante destacar que no caso de curtas de amieiros, están a aplicarse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de *Phytophthora alni*.

Actuacións que mellorarán a capacidade hidráulica dos leitos evitando os obstáculos ao paso de auga.

Xosé Ferreiro deixa a súa acta de concelleiro despois de dez anos

O Pleno Municipal do Concello de Outeiro de Rei acolleu hoxe a despedida de Xosé Ferreiro como concelleiro do BNG, quen formalizou a súa renuncia ao cargo por motivos persoais. “Foi unha honra poder traballar por este concello que ten moito potencial e que estou seguro que os meus compañeiros concelleiros van seguir a traballar para mellorar”.

Destes anos como membro da corporación municipal vaise satisfeito de que o BNG deixase a súa pegada cun traballo “serio” e que así o valorase a cidadanía, indica.

Trátase, segundo explica Ferreiro, dun cambio “natural e tranquilo”, no que el continuará vinculado ao BNG de Outeiro de Rei. “Eu non teño apego aos cargos nin me custa abrir nin pechar ciclos, as persoas non poden eternizarse nos postos”, comenta o nacionalista, quen define a súa sucesora como unha “persoa moza que pode achegar unha visión nova e fresca a este grupo municipal”, con-



vencido de que desenvolverá un bo traballo a prol de Outeiro de Rei.

Noelia P. Fompedriña é mestra e veciña da parroquia de Cela, unha persoa que está vinculada ao mundo do asociacionismo. Noelia P. Fompedriña agradece o traballo que fixo Ferreiro nestes anos como concelleiro e asume o reto de entrar no grupo municipal “con ilusión e con ganas

de achegar ideas para conseguir que o concello de Outeiro de Rei sexa un concello mellor”.

Chegou á política da man da CIG onde foi secretario comarcal durante varios anos. Destaca tamén o seu paso pola Deputación, onde exerceu o cargo voceiro e formou parte do Goberno provincial en coalición co PSOE.

EN BREVE



DEBATE. O salón de actos da Casa da Cultura de Outeiro de Rei acolleu a sesión *A debate no eirado*, un programa dixital enfocado ás redes sociais e á mocidade a iniciativa de Xurdir Producións. Durante o acto, púidose escoitar e debater a David (Maquinaria Agrícola, Robra), Óscar Mouriz (Gandeiro, Folgueira), Ana Pozo (Bar O Pozo, Outeiro de Rei), Alba (presidenta da Asociación de Penas de Rodas) e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao. O evento estivo presidido por Alba Tojo.



ALMORZOS. Alumnado de Primaria do CEIP Laverde Ruiz participou no segundo almuerzo saudable organizado polo Concello en colaboración coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) co fin de promover bos hábitos alimentarios entre os nenos e nenas. Esta actividade desenvólvese unha vez ao mes e o día elixido é o xoves, ás 9.30 horas, pero nesta ocasión fíxose o mércores para non coincidir coas actividades de Entroido.

Remata a obra de humanización do campo da feira de Grolos

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, realizou unha visita ao Campo da Feira de Grolos do concello lucense de Guntín, que vén de rematar os seus traballos de mellora e humanización.

A iniciativa foi impulsada polo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Comarca de Lugo, que opera nesta contorna, no marco da medida Leader. Neste sentido, a conselleira salientou o traballo levado a cabo polos GDR, aos que definiu como “axentes clave” para a posta en valor do territorio e a execución deste programa europeo, que procura impulsar o desenvolvemento rural a través dunha estratexia participativa, baseada nun enfoque de abaixo cara arriba, garantindo a participación activa dos principais axentes locais.

María José Gómez sinalou que este tipo de actuacións supoñen “un punto de inflexión” para as persoas que viven nas contornas rurais, fomentando a dinamización social da zona ao tratarse dun dos lugares de



reunión de referencia para a veciñanza desta localidade.

A conselleira asegurou que estes proxectos teñen unha repercusión “moi positiva” sobre estas zonas rurais, xa que contribúen a mellorar as condicións para crear e manter emprego e á dinamización do tecido socioeconómico, impulsando a súa economía con proxectos de traballo que asentan poboación.

Neste sentido, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vén de asinar un novo convenio de colaboración cos GDR para a aplicación de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo que conta cun

orçamento de 56,9 millóns de euros ata 2027. Deste investimento uns 17,6 millóns de euros destinaranse a gastos de funcionamento dos propios GDR, que poderán dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial.

Por outra banda, os 39,6 millóns de euros adicionais serán para as operacións a terceiros, que se executarán a través de diferentes liñas de axudas. Así, os GDR poderán impulsar medidas relacionadas con sectores como o agroalimentario, gandeiro, forestal, turístico, ambiental ou do pequeno comercio.

Invisten case 2 millóns en mellorar a estrada LU-530 entre Lugo e Castroverde

A Xunta realizará melloras na estrada autonómica LU-530, que conecta a autovía A-6 en Lugo coa entrada a Castroverde. O orzamento da obra ascende a preto de dous millóns de euros. O proxecto abrangue un treito de 16,4 quilómetros, desde o punto quilométrico 3+600 en Lugo ata o punto 20 en Castroverde. Na súa intervención, Arias indicou que os traballos están en fase de adjudicación. O obxectivo principal da actuación será a reparación do pavimento nas zonas deterioradas. Para iso, procederá a fresar localmente o asfalto e substituírse o firme con mestura bituminosa en quente en todo o ancho da vía. Posteriormente, aplicarase unha nova capa de rodadura con mestura asfáltica de tipo discontinuo de altas prestacións, o que mellorará a seguridade vial. Ademais, a obra incluírá a renovación da sinalización horizontal e a

instalación de captafaros, dispositivos que aumentan a visibilidade en condicións nocturnas ou meteorolóxicas adversas.

O delegado tamén lembrou que están previstas melloras na seguridade no tramo inicial da estrada, no municipio de Lugo, na zona de Castelo. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas destinará máis de 132.000 euros á primeira fase destas obras, que comezarán nas vindeiras semanas co obxectivo de rematar antes de que remate o primeiro semestre do ano.

Esta primeira fase inclúe a adecuación de varios tramos dunha senda peonil, que se completará nunha segunda fase, así como a creación de dous novos pasos de peóns nos puntos quilométricos 1+640 e 2+060, preto das paradas de transporte público recentemente rehabilitadas pola Xunta.

O concello acollerá a finais do mes de marzo o III Concurso de Tapas

O Concello de Castroverde acollerá os días 28, 29 e 30 de marzo o III Concurso de Tapas, un evento gastronómico que reunirá diversos establecementos locais nunha competición chea de sabor e creatividade.

Os bares e restaurantes participantes ofrecerán elaboracións únicas para deleitar a veciños e visitantes. Entre eles atópanse A Lenda, coa súa tapa Que locura, Lucio Rodinos con Néboa na serra, O Camiño con Tapilla sixtina, O Pendello de Moisés con De cine, Roma con Sabores da terra e Taberna Senador con Airiños celtas.

O concurso desenvolverase en distintos horarios: o venres 28, de 20.30 a 23.30 horas; o sábado 29, de 13.00 a 15.30 horas e de 19.30 a 23.30 horas; e o domingo 30, de 13.00 a 15.30 horas.



Na edición de 2024, a tapa gañadora foi Airiños do mar da Taberna Senador, demostrando o alto nivel gastronómico dos participantes. O evento está organizado polo Concello de Castroverde e conta coa colaboración da Deputación de Lugo, a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo, e Estrella Galicia.

O BNG denuncia a falta de servizo de pediatría na comarca

O BNG denuncia a falta de servizo de pediatría nos concellos da Fonsagrada, Baleira e Castroverde durante os meses de febreiro e marzo, unha situación que afecta ás familias da zona e que, segundo a concelleira Iria Castro, evidencia a "falta de planificación e recursos" no sistema de saúde público.

O luns 10 de febreiro, as familias destes tres concellos descubriron que non podían pedir cita para pediatría nin en febreiro nin en marzo, sendo derivadas á atención primaria (médico de cabeceira) ou directamente ao PAC (Punto de Atención Continuada) do Sagrado Corazón.

"As alternativas que se propoñen ás familias non son válidas", denunciou Castro, subliñando que os médicos de cabeceira non son especialistas en pediatría e que, ademais, algunhas familias se ven obrigadas a desprazarse ata 60 quilómetros para acceder ao servizo de pediatría no PAC. Esta non é a primeira vez que se produce unha falta de servizo. En xaneiro, durante as vacacións de Nadal, o servizo de pediatría tamén estivo ausente durante dúas semanas, e, segundo o BNG, o SERGAS leva anos sen cubrir vacacións nin baixas de pediatras na zona.

A concelleira nacionalista remarcou que a escaseza de pediatras é "a punta do iceberg" dun sistema de saúde que opera ao límite, onde a falta de persoal sanitario afecta a calidade xeral dos servizos.

A vila conmemora o 8M co espectáculo teatral-musical '10 Mulleres'

O Concello de Castroverde organiza un evento especial para conmemorar o Día Internacional da Muller, o sábado 8 de marzo ás 19.00 horas no Centro Sociocultural Paco Pestana.

O acto central será a representación de *10 Mulleres*, un espectáculo teatral-musical a cargo de Asociación Zuncurrundullo, cunha duración aproximada de 35 minutos.

A obra narra a historia de dez mulleres que, a pesar das dificultades, son capaces de transformar a súa traxedia en esperanza, nunha posta en escena que promete emocionar e reivindicar a forza feminina.

O Concello de Castroverde anima a toda a veciñanza a asistir e participar nesta homenaxe á loita e resiliencia das mulleres, un acto que combina cultura e reflexión para celebrar o 8M.

A Xunta financiará o 80% dos gastos das obras da antiga Casa Cuartel



O alcalde de Guntín, Ángel Pérez, reuniuse co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, para analizar as principais demandas e necesidades do municipio naqueles ámbitos que son competencia da Administración autonómica e para avaliar posibles vías de colaboración. Arias trasladoulle ao rexedor a vontade do Goberno galego de traballar de maneira conxunta no desenvolvemento de iniciativas que garantan o benestar de todos os veciños e veciñas

do municipio.

Na xuntanza, entre outras cuestións, lembrouse que Guntín foi unha das entidades locais beneficiarias dunha nova orde de axudas plurianual convocada pola Consellería de Presidencia que está dirixida a entidades locais coo fin de financiar actuacións de eficiencia enerxética en infraestruturas municipais, cubrindo, neste caso, o 80% dos gastos das obras que van executar na antiga Casa Cuartel.

Inician a reconstrución dun muro de contención na estrada LU-P-2408

A Deputación de Lugo vén de iniciar as obras de reconstrución dun muro de contención na estrada provincial LU-P-2408, no Concello de Guntín, á altura da ponte no punto quilométrico 0,690.

Este tramo da vía, que conecta as localidades de Costañeira con Montecelo pasando por Vilarcabreiro, sufrira un afundimento no marxe dereito da calzada debido ao colapso parcial do muro de acompañamento da obra de paso que atravesaba o leito do río de Perros.

A institución provincial destina un investimento próximo aos 34.000 euros para realizar estas obras, que consisten na construción dun novo muro de escollera co obxectivo de reforzar a plataforma da estrada e evitar futuros desprendementos. A Deputación anunciou que, durante a execución dos traballos, non será necesario cortar o tráfico, polo que se garante a continuidade da circulación.

As obras, que se prevé que finalicen nun prazo de dous meses, sempre que as condicións meteo-

rolóxicas o permitan, comezaron coa demolición e desmontaxe da barrera de seguridade existente, así como o corte do firme da estrada. A continuación, procederase á súa reconstrución e regulación para garantir unha base sólida para o novo muro.

A cimentación do muro realizarase con formigón ciclópeo, un material de alta resistencia que proporcionará a estabilidade necesaria. Unha vez completada esta fase, executarase o muro de escollera, que ofrecerá mellores garantías de seguridade e estabilidade a longo prazo. Este material tamén se integrará de maneira respectuosa co entorno natural.

Unha vez finalizada a construción do muro, realizarase a reconstrución do firme, restaurando a funcionalidade e seguridade da estrada. A Deputación destaca que estas obras se realizarán sen afectar ao leito do río, cumprindo así coas normativas medioambientais vixentes e preservando o ecosistema da zona.

COLABORACIONES

O prometido é débeda: O uso do móbil e das redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

Remataba o meu último "Pupitre" cun compromiso de falar nesta colaboración dos perigos sociais e do uso adecuado do móbil e das redes sociais nos nosos centros educativos.

Para cumprir coa palabra dada, imos aló. O primeiro ao que hai que prestar atención é que o uso do móbil non reste tempo a outros aspectos esenciais da vida cotiá como descansar, estudar, xogar en entornas non dixitais, etc.

Os rapaces deben ser conscientes da responsabilidade que su-



pón o uso do móbil e das novas tecnoloxías e das posibles consecuencias legais e riscos para a súa seguridade e a súa intimidade. Moitos deles non están acostumbrados a saber xestionar e relacionarse a través das redes sociais, podendo ser o seu uso unha causa de problemas entre os máis pequenos.

Debemos advertirles dos perigos máis importantes da utilización

das novas tecnoloxías: o grooming, onde un adulto gaña a súa confianza cun propósito sexual; o sexting ou intercambio de fotografías ou vídeos de contido erótico entre os propios rapaces ao que logo, en certas ocasións, chega tamén a extorsión; o cyberbullying, que consiste no acoso entre menores coa intención de humillar, atemorizar ou enfadar que, en internet, pode chegar a ter moito mais alcance e facer dano, non só aos menores, senón tamén á familia e amigos; challenges, que son retos perigosos que poden poñer en risco a vida do menor e incorrer nalgún delito; o Happy Slapping, que son gravacións de agresións e difusión en liña.

Abordando xa a segunda parte do meu compromiso de falar do bo

uso do móbil e das redes sociais nos centros educativos debemos resaltar que non usen o móbil no centro agás cando o pida o profesor. Que non se fotografie nin grave a ninguén sen o seu consentimento e, sobre todo, moito coidado con difundir imaxes íntimas ou ofensivas, insultar ou difamar, xa que son delitos moi graves. Se un rapaz sofre ou coñece quen poida estar nunha situación deste tipo debe comunicarllo aos profesores ou a familia. É fundamental non ser cómplices destas situacións de acoso ou de

violencia escolar e non aceptar a calquera nas redes sociais. Para rematar, outros consellos que son moi importantes ter en conta, son: Non crer todo o que se escribe, ser crítico e reflexionar pero, sobre todo, respectar as diferenzas, analizar detidamente o que se vai publicar e empregar sempre o respecto, sexa cal sexa a canle. Controlar o tempo empregado neste mundo das novas tecnoloxías é fundamental, para non exceder e deixar o espazo adecuado para as relacións persoais.

Vergonza

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Etamén estupor, rabia, tristura, ... e algún outro sentimento negativo máis poderíamos engadir trala nova da que se fixeron eco os diversos medios de comunicación, o descubrimento de ducias de inmigrantes africanos en situación irregular que traballaban na recollida de arandos, en Begonte, a carón da autovía A 6.

Resulta abraiante e desconcertante que nos acabemos dando conta anos despois da realidade desa explotación agrícola. Custa caro crer e entender que ninguén iniciase unha exhaustiva investigación do que alí estaba a pasar. Un segredo a voces que por fin sae á luz, porque as sospeitas eran moitas sobre esa explota-

ción agraria.

Mirouse para outro lado; desde as autoridades locais e as forzas sindicais, ata as organizacións non gubernamentais que agora se afanan en denunciar. A inspección de traballo debería ter actuado e levar a cabo a súa función, que para iso está.

En primeiro lugar, chamaba a atención a orixe das persoas que traballaban recollendo o froito, xa que a práctica totalidade das mesmas, ou ben eran do leste de Europa, principalmente romansas, ou africanas, sen apenas empregados locais. Claro, din algúns que a xente de aquí non quere traballar, que hai moito lacazán, que non se quere dobrar o lombo, que se prefiren cobrar as paguiñas, o vicio e demais. Algo haberá de todo iso, non o iremos negar, pero se somos quen de reflexionar unha miguiña, concluiremos que as condicións de traballo nese tipo de plantacións adoitan

ser, canto menos, cuestionables.

En segundo lugar, cómpre que nos paremos a pensar se esta fórmula é a axeitada no noso agro, se o futuro do campo galego vai ir nesa dirección. Porque a un xiríngalle que sexa unha empresa a oito centos quilómetros de distancia a que arrende varias hectáreas de monte veciñal para destinalo a cultivar arandos, fresas, ou o que se terce. E a continuación, que xurdan de súpeto centos de persoas para recoller o froito, que os traen de sabe Deus onde, que traballen ata a extenuación en xornadas interminables, que os leven descansar a antros e que nunhas semanas desaparezan. Non son uns emprendedores da zona que desenvolven unha idea empresarial, creando postos de traballo de calidade e favorecen a economía da zona, dándolle un valor engadido a todo elo. En absoluto é así, senón todo o contrario, o estilo do señorito andaluz que se cre co

O RECUNCHO DE CANELINA



dereito de pernada e que está por riba do ben e do mal.

Debemos preguntarnos, finalmente, se queremos que casos como este sexan habituais no futuro, porque o acontecido é de suma gravidade. Unha situación de semi escravitude estaba tendo lugar diante dos nosos ollos, aproveitándose da vulnerabilidade de inmigrantes sen papeis en regra, polo que non podía

existir unha relación contractual, utilizando unha antiga barra americana situada no concello de Ordes, a mais dunha hora de distancia, para que nela fosen durmir. Resulta moi gráfico e significativo a elección da pousada para estes traballadores, outro lugar onde tamén prima o abuso contra a dignidade humana. O dito, vergoñento, e tamén noxento.

DEPUTACIÓN

O Pleno esixe á Xunta que retire as reformas sobre a dependencia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que retire as reformas na Lei de Servizos Sociais porque “deterioran a calidade da atención á dependencia”. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de febreiro tras unha moción dos socialistas que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Avanzou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, que os cidadáns maiores están intranquilos “polo enorme atraso que leva a Xunta nas solicitudes de dependencia. E o Goberno galego en vez de poñer medios para resolver a situación, o que fai é castigar aos concellos”. Puxo como exemplo o Servizo de Axuda no Fogar, lembrando que a Xunta pretende sancionar aos municipios que non cubran o SAF.

Nese sentido, explicou que a Xunta acumula atrasos importantes na valoración das persoas que solicitan a dependencia, pero tamén atrasa en facer efectiva a prestación desde o momento en que esta se concede. Unhas cifras ás que se suman as máis de 1.800 persoas recoñecidas polo Goberno galego que demandan praza nunha residencia.

O texto da moción recolle, en concreto, instar á Xunta de Galicia a que retire de inmediato os cambios introducidos na Lei de Servizos Sociais que permiten a persoas sen titulación adecuada tramitar e informar as solicitudes da Lei de Dependencia; que habilite medidas reais para garantir a correcta valoración da Dependencia, a resolución en prazo das solicitudes e que acorte o prazo de espera entre que se concede a prestación e esta se fai efectiva; que se



deseñe un plan de reforzo do sistema público de Servizos Sociais para dar resposta tanto ás necesidades actuais das persoas que esperan por unha praza de residencias, como ás situacións de incremento de demanda que fai previsible o proceso de envellecemento da poboación.

A reclamación ao Goberno do Estado para que cumpra a súa obriga de cofinanciar o 50% da dependencia e saldar a débeda acumulada de máis de 2.500M€ con Galicia foi aprobada cos votos a favor dos deputados do PP, a abstención do BNG e o voto en contra do PSOE “que se nega a reclamar a Sánchez o que está a negar a Galicia”, segundo incide o portavoz, Antonio Ameijide.

Balado explica que “o nivel mínimo que se paga por cada persoa atendida mensualmente debe financeiro o Estado” que só aporta 76€ dos 100€ que debera achegar para o grao I e só 132€ para o grao II cando debera aportar 150€. “Isto supón que a débeda dende o 1 de agosto de 2023 polo impago das contías mínimas ascenda a 12,3M€ adicionais”.

O Pleno sacou tamén adiante unha

moción dos socialistas para pedirle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de promoción de vivenda pública “urxente” que cubra as necesidades na provincia de Lugo, onde constan 2.252 demandantes. A proposta saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Aprobadas ademais por aclamación dúas declaracións institucionais consensuadas para reivindicar o Día Internacional da Muller que se conmemora o vindeiro 8 de marzo e outra para promover a prevención, a investigación, o diagnóstico precoz e o tratamento das enfermidades raras. A Deputación instará á Xunta a crear unha Valedoría de Igualdade, que asesore e asista as mulleres diante de posibles situacións de discriminación por razón de xénero que se produzan no sector privado. A iniciativa do BNG, presentada como proposta do goberno provincial aprobouse no pleno. Tamén saíu adiante a unha moción que reclama á Xunta unha nova convocatoria de axudas á incorporación e plans de mellora na actividade agraria.

A Deputación reforza o apoio á Reserva da Biosfera Terras do Miño

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que a Deputación de Lugo reforzará en 2025 o apoio ao tecido asociativo que traballa no territorio.

No marco dos órganos reitor e participativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, aprobouse unha asignación de 220.000 euros, o que supón un incremento do 270% respecto ao ano anterior.

Na sesión tamén participaron o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera.

Segundo destacou García Porto, este aumento responde ao compromiso da institución co medio rural e a protección ambiental, cumprindo así co anunciado previamente polo presidente da Deputación. “O traballo dos colectivos é fundamental para consolidar Terras do Miño e os seus 26 concellos como un referente en protección ambiental e desenvolvemento sostible e inclusivo”, sinalou a deputada.

Para 2025, establecéronse dúo liñas de axuda. A primeira, destinada a financiar actividades, dóbrase desde os 60.000 euros ata os 120.000 euros. A segunda, unha nova liña de financiamento de in-

vestimentos, contará cunha dotación de 100.000 euros.

Así mesmo, os órganos reitor e participativo aprobaron a proposta de actuacións estratéxicas para este ano, aliñadas co Plan de Xestión 2024-2034. Este centrarase na conservación, o desenvolvemento sostible e o apoio loxístico da Reserva. Na programación anual inclúense preto de 100 actividades, como iniciativas de educación e divulgación ambiental no Centro de Interpretación, proxectos nos hortos urbanos do Rato e diversas accións nos municipios da Reserva.

Durante a sesión, García Porto informou que a Reserva da Biosfera Terras do Miño superou con éxito a segunda revisión decenal realizada polo Consello Científico Español e aprobada polo Consello Internacional de Coordinación das Reservas da Biosfera da Unesco.

Este proceso de avaliación, que se leva a cabo cada dez anos, permite analizar o funcionamento, zonificación e grao de implicación da poboación, proporcionando un estudo cualitativo das accións implementadas no territorio.

No marco desta sesión, aprobouse tamén a incorporación da Asociación Frodeira, do Concello de Láncara.

Presentan as liñas estratéxicas en materia de turismo para o 2025

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu unha reunión deste órgano participativo e consultivo, no que avanzou as accións da institución provincial para este ano 2025 e se ratificaron as bases dos Premios de Turismo que serán en setembro.

García Porto sinalou que a institución provincial seguirá a reforzar o seu modelo de turismo de calidade e sostible, deseñado para posicionar a provincia como “un destino de refe-

rencia” baseado nunha oferta diversa e respectuosa co medio ambiente que é capaz de fomentar o desenvolvemento económico local. Entre as iniciativas destaca unha nova edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, este ano coa participación de 132 colectivos sen ánimo de lucro.

“A proxección nacional e internacional tamén seguirá a ser un eixo clave na estratexia turística da nosa provincia”, avanzou Pilar García Porto. Sinalou que a institución xa participou en este comezo de ano en fei-

ras e eventos da transcendencia de FITUR, Dakar ou Madrid Fusión e ten ademais confirmada a colaboración en grandes citas deportivas, como La Vuelta. Ademais as rutas fluviais seguirán a ser unha proposta estratéxica fundamental na Ribeira Sacra durante o 2025.

O Consello de Turismo ratificou ademais as bases da sexta edición dos premios á excelencia do turismo da provincia nas diferentes categorías: Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Regresa esta primavera o programa de música tradicional Tradigalu

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha unha nova edición de Tradigalu, que levará actuacións de grupos de música tradicional, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A área de Cultura reforza o programa que contará cun 350.000 euros – 100.000 máis que na última anualidade - e que ten como principal obxectivo promover e difundir a música popular e tradicional, fomentando a súa presenza nas programacións musicais e culturais de asociacións e concellos.

A deputada Iria Castro destacou que “ampliamos a dotación do programa, que o ano pasado volveu ter unha gran demanda por

parte das asociacións e concellos e que xenera unha parte importante da actividade das agrupacións de música tradicional, fundamentais na conservación do noso patrimonio musical”. En 2024, Tradigalu permitiu programar máis de 250 actuacións.

As asociacións e colectivos interesados en participar no programa poden consultar as bases na web cultura.deputacionlugo.gal e trasladar as súas demandas a área de Cultura a través do enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal. A área de Cultura asume o 80 por cento do custo da actuación.

Asociacións e concellos deben aboar aos grupos o 20 por cento restante.

DEPORTES

Lóstregos Lvcvs Moto Club organiza a cuarta Motorromería o día 29



O próximo 29 de marzo, o Lóstregos Lvcvs Moto Club celebrará a cuarta edición da Motorromería, un rally mototurístico pensado para iniciarse na navegación por roadbook, o tradicional libro de ruta.

A ruta é adecuada para todo tipo de motos desde 125 cc, e está dividida en dúas etapas, coa comida como punto de encontro entre ambas. Así, a ruta será de 140 km pola mañá e outros 100 km pola tarde, despois dunha pausa para comer. O percorrido transitará principalmente por estradas secundarias nos arredores das montañas próximas a Lugo. Aínda que en algúns tramos se poderá pisar algo de terra para acceder a miradoiros ou espazos naturais, as estradas son accesibles para calquera tipo de moto, incluso con pasaxeiro, e están deseñadas para gozar do paisaxe, non para correr.

Durante o percorrido, os participantes poderán gozar de distintas

visitas a museos, miradoiros e lugares de interese cultural, etnográfico e natural, onde deberán demostrar o seu paso a través dun carné de control de paso, selando ou fotografando os puntos de interese.

A xornada comezará ás 9:00 horas cun almorzo en Lugo e a comida será tipo picnic con produtos galegos, na mellor tradición da Motorromería. Despois da xornada mototurística, os participantes reuniranse para unha festa final cunha cea, que se celebrará sobre as 20:00 horas nun restaurante de Lugo.

O prezo da inscrición é de 45 €, e inclúe o rutómetro, as visitas, o dorsal para a moto, as pegatinas, o carné de paso, o almorzo, a comida e a cea de fin de festa.

As inscricións abriron o sábado 22 de febreiro, e para máis información ou para realizar a inscrición, os interesados poden chamar ao teléfono 619 987 809.

O CB Breogán convoca as Xornadas de Tecnificación

A Fundación Breogán e o Club Baloncesto Breogán SAD presentan a IV Edición das Xornadas de Tecnificación, un evento deportivo pensado para nenos e nenas de entre 8 e 16 anos que desexen mellorar as súas habilidades no baloncesto. As xornadas desenvolveranse do 14 ao 16 de abril no anexo do Pazo dos Deportes, en horario de 9.00 a 16.00 horas.

Os participantes terán a oportunidade de adestrar con xogadores e técnicos do CB Breogán, ademais de recibir formación especializada da man de profesionais como Maísa López, do Ensino Lugo, e Paula Fernández-Ahujá, do Estudiantes Lugo. Tamén asistirán a charlas formativas

impartidas por expertas como Astrid Reque Veiga, educadora social, que falará sobre os valores no deporte, e Esther Castedo, do Ensino Lugo, quen abordará o tema dos soños, esforzo e baloncesto.

As prazas están limitadas a 25 nenos nados entre 2013 e 2017, e 25 máis para aqueles nados entre 2009 e 2012 e os participantes recibirán agasallos exclusivos, como unha camiseta personalizada, xantar e un identificador de equipaxe.

O prezo de inscrición é de 170 euros, con descontos dispoñibles para irmáns (15 euros por cada un) e para socios benefactores (20 euros de desconto e prioridade na inscrición).

O PortaMiñá destaca no Galego Infantil coa segunda posición

Disputouse en Pontevedra o Campionato Galego Infantil de natación, onde o equipo PortaMiñá logrou unha meritoria segunda posición na clasificación conxunta.

Tras unha intensa competición de dous días, o conxunto lucense loitou ata o final co Pabellón de Ourense, que finalmente se proclamou campión do torneo.

Por categorías, o equipo feminino do PortaMiñá tamén obtivo o segundo posto, mentres que o conxunto masculino finalizou en quinta posición. Este evento marcou o peche dos campionatos galegos de inverno nas súas distintas categorías, onde o PortaMiñá demostrou ser un dos grandes dominadores da natación autonómica grazas aos brillantes resultados obtidos.

MEDALLAS. Celia López colgouse o ouro en tres probas individuais: 50 costas, 100 costas e 100 bolboreta na categoría de 15 anos. Alba Lema, pola súa banda, logrou o primeiro posto nos 100 metros costas (14 anos). Adrián Fernández brillou con catro ouro nas probas de 400 libres, 800 libres, 1500 libres e 400 estilos (14 anos). Ademais, os relevos femininos do 4x100 estilos, 4x100 libres e 4x200 libres tamén conseguiron o ouro, cun equipo composto por Aroa



Illán, Laura Abuín, Celia López e Antía Prieto.

Pola súa parte, Antía Prieto logrou a medalla de prata nos 200 metros libres e 200 estilos (14 anos). Aroa Illán subiu ao segundo chanzo do podio en tres probas: 200 estilos, 50 libres e 400 libres (15 anos). Alba Lema completou a colleita de pratas coas súas actuacións en 50 costas e 200 costas (14 anos).

Finalmente, na categoría de 15 anos, Aroa Illán fíxose co bronce nos 100 metros libres, mentres que Miguel Zambrano logrou o terceiro posto nos 200 metros bolboreta. Antía Prieto, na categoría de 14 anos, obtivo o bronce en 400 estilos. Finalmente, Celia López sumou outro bronce nos 50 metros bolboreta (15 anos).

Con este resultado, o equipo PortaMiñá reafirma o seu excelente desempeño na natación galega e segue consolidándose como un dos referentes do panorama autonómico.

NATAción ARTÍSTICA. Por outra banda, o equipo sénior do PortaMiñá logrou unha destacada medalla de bronce na rutina acrobática durante o Campionato Autonómico de Inverno de Natación Artística, disputado en Ourense.

O equipo estivo formado polas exnadadoras Cristina López, Marta Fernández, Ángela Varela, Raquel López, Lola Mourenza, Lara Rivero, Claudia Pia, Uxía Díaz e Naila Díaz, que contaron co apoio da súa exadestradora Lorena Millares.

Lugo acollerá ata o mes de xuño 16 grandes eventos deportivos

A cidade de Lugo contarán na programación deportiva ata o mes de xuño cun total de 16 grandes eventos. O atletismo e o fútbol serán os grandes protagonistas, pero a programación inclúe citas destacadas noutras disciplinas como voleibol, motocross, judo, piragüismo e ximnasia rítmica.

As instalacións municipais e contornas naturais de Lugo acollerán competicións de nivel internacional, nacional e autonómico.

Entre os eventos máis destacados atópase unha das probas puntuables para o Mundial de Motocross, que se disputará no circuito municipal Jorge Prado os días 10 e 11 de maio. O circuito acollerá as probas do Campionato do Mundo de MXGP, MX2 e WMX, ademais dunha proba do Campionato Europeo de 250 c.c. As entradas xa están á venda en distintas modalidades: xeral, tribuna e VIP.

Ademais, o Pavillón Municipal dos Deportes será sede do Preeuropeo de Voleibol masculino Sub-19, entre o 24 e o 27 de abril.

Entre as probas máis emblemáticas a nivel autonómico destacan o Descenso do Miño, a máis veterana de Galicia e segunda en importancia en España tras o Descenso do Sella, que se celebrará o 7 de xuño. Tamén resalta a sétima edición da Media Maratón El Progreso Cidade de Lugo, que terá lugar no mes de maio.

O calendario deportivo inclúe dous campionatos autonómicos: o Campionato Galego de Judo Infantil e Cadete, que se disputará o 5 de abril en Frigsa, e a Final da Copa Galicia de Fútbol Sala, que terá lugar o 17 de abril no Pavillón Municipal dos Deportes.

No eido local, algúns eventos están consolidándose como referentes deportivos en Lugo. O Torneo Cidade de Lugo de Ximnasia Rítmica ce-

lebrará a súa cuarta edición o 15 de abril.

Ademais, terán lugar o Torneo de Fútbol 8 Sagrado Corazón e a segunda edición do Descenso de Carrilanas no barrio da Ponte, prevista para o 12 de abril.

Outra das novidades deste ano é a inclusión dunha sexta proba no circuito de carreiras populares Corre con Nós, que se celebrará o 8 de xuño en Frigsa.

Outras probas do mesmo circuito inclúen a Corre con Elas (16 de marzo en San Fiz), a Corre con Nós + XTI (20 de abril en As Saamasas) e a carreira na contorna do Pazo de Feiras e Congresos (11 de maio).

Tamén haberá diversas probas de carácter solidario, como a carreira da AECC, prevista para o 12 de abril na Praza Horta do Seminario, e a XV Carreira Popular Solidaria Profe Alberto, que terá lugar o 25 de maio no barrio da Milagrosa.

“Gústame competir e pelexar cos meus rivais”

A Escola Shihan valora á Iria Enríquez polo seu “gran talento” e implicación, “con moito adestramento”, sendo a consecuencia uns “resultados moi bos”

Jessica Fernández

A karateka da Escola Deportiva Shihan de Lugo, Iria Enríquez, con só 11 anos posúe un impresionante palmarés, con numerosas medallas a nivel galego nas modalidades de Kata e Kumite, así como logros a nivel nacional en Kumite.

Por esta razón, e como recoñecemento aos seus 7 anos adestrando karate, foi convocada para participar nun adestramento coa Selección Española de Karate de Albacete, no que se reuniron algunhas das promesas máis destacadas desta disciplina, polo que esta oportunidade foi un importante recoñecemento ao talento e esforzo de Iria.

“No adestramento coa Selección Española paseino moi ben. Ademais, xa tiña competido con algunhas amigas que estaban alí e tamén puideron facer novas amigas. Sentínme moi arroupada tanto polos meus compañeiros e tamén polos ‘coaches’ da Selección”, explicou Enríquez, que, a pesar da súa curta idade, expresa a súa experiencia como unha profesional adulta.

Por outro lado, di que “foi moi difícil o campionato de Albacete, porque subiu moito o nivel, así que tiven que pelexar como nunca. A pesar de todo, co meu esforzo, conseguín unha medalla de bronce”, destaca. Así, conseguiu o terceiro posto en Kumite Infantil <30 kg na Liga Nacional de Albacete.

Esta oportunidade non só supón un gran paso na súa carreira deportiva,



senón tamén un motivo de orgullo para o seu club e para o deporte lucense. Dende a Escola Deportiva Shihan, os seus adestradores e compañeiros celebran este logro e confían en que seguirá acadando éxitos no futuro. “No caso de Iria xúntase un gran talento con moito adestramento, polo que os resultados son moi bos. Un deportista así hai un entre moitos”, destacan desde o Club.

O KARATE. Con todo, desde o club sosteñen que “todos os nenos e nenas da Escola traballan moi ben, é un deporte individual, polo que estamos moi satisfeitos de que cada un vaia conseguindo os seus obxectivos persoais e deportivos. Nós intentamos axudarlles a conseguir eses fins e que cada un poida aprender na medida da súas posibilidades e que estean contentos, que é do que se

trata ao facer un deporte”, comentan. Pola súa parte, Iria Enríquez destaca que “o que máis me gusta da escola Deportiva Shihan é adestrar o karate cos meus compañeiros, tanto en Kata como en Kumite, e aprender cousas novas cada día, xa que é un deporte que me gusta moito, sobre todo a competir e pelexar cos meus rivais”. Ademais, explica que “intento ir a todas as ligas nacionais porque hai moito nivel e pásoo moi ben”, subliña.

Ademais da súa participación no adestramento da Selección Española e o seu bronce na Liga de Nacional, tamén hai que resalta que no pasado mes de decembro conseguiu a medalla de prata na final da Liga Nacional que se celebrou en Pontevedra, no que se clasificaban as 8 mellores deportistas de Kumite Infantil de toda España.

Álex Ortiz dirixirá ao CD Lugo B ata 2026

O Club Deportivo Lugo chegou a un acordo con Álex Ortiz para a súa incorporación como novo adestrador do CD Lugo B.

O técnico malagueño regresa así á cidade amurallada despois de ter dirixido ao filial albivermello durante as tempadas 2020-21 e 2021-22, na que logrou o histórico ascenso á Segunda Federación con xogadores destacados como Andrés Castrín, Leandro Antonetti e Dani Vidal.

David Páez, quen asumira de forma interina o cargo de primeiro adestrador do filial, continuará desempeñando as súas funcións como Director da canteira do club.

Ortiz, nado o 1 de outubro de 1987, firma un contrato co CD Lugo B ata 2026 e incorporárase de maneira inmediata ás sesións de ade-



tramento do filial albivermello, co obxectivo de seguir impulsando o crecemento dos novos talentos da canteira.

Con este movemento, o club confía na experiencia e o coñecemento de Álex Ortiz para continuar co traballo desenvolvido nas tempadas anteriores e levar ao filial a novos retos na competición.

Unión do Norte buscou a mellor clasificación para as semifinais da Galega

O equipo Unión do Norte, formado polas categorías de academia do Muralla R.C. e que compite xunto a Capóns de Vilalba, Astérix de Viveiro e Fendetestas de As Pontes, citouse en Vigo co obxectivo de lograr unha boa clasificación na segunda fase da Liga Galega para afrontar as semifinais con máis opcións.

Ambos os equipos, Sub 14 e Sub 18, xogaron nos grupos de cabeza da segunda fase da liga e xa teñen asegurada a súa participación nas semifinais. Non obstante, buscaban mellorar a súa clasificación para contar con máis posibilidades nesta fase crucial da competición.

O equipo Sub 14 arrancou a segunda fase como segundo clasificado da liga regular, cunha soa derrota, ante

o CRAT de Coruña. A pesar desta derrota, os M14 manteñen a segunda posición do grupo, despois de perder contra o líder Vigo. O próximo enfrontamento será contra o CRAT de Coruña, nun partido clave para asegurar a súa posición.

Pola súa parte, o equipo Sub 18 afrontou o seu terceiro partido desta segunda fase dende a terceira posición e, finalmente, logrou clasificarse como terceiro. Agora xogaranse o pase á final nas semifinais contra Mareantes, que se disputarán o próximo 8 de marzo.

Con estes resultados, Unión do Norte segue demostrando a súa solidez e motivación de cara as próximas semanas, na busca de alcanzar o éxito nas semifinais da Liga Galega.

Entregados os premios da III Copa de España Feminina de Billar

O Club de Billar Adai acolleu esta fin de semana a III Proba da Copa de España Feminina de Billar 2024/2025 no Corgo.

A competición contou coa participación de 24 das mellores xogadoras do panorama nacional, consolidándose como unha cita clave no calendario deste deporte.

Esta proba foi a terceira das catro que conforman a Copa de España Feminina da actual tempada. O circuito comezou en outubro en Viella (Asturias), continuou en novembro en Córdoba e concluirá en abril en El Campello (Alicante). Todas elas son determinantes para definir a clasificación das xogadoras que representarán a España nos próximos Campeonatos de Europa de Billar.



O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, felicitou ao Club de Billar Adai por ter conseguido traer “a un núcleo rural da provincia de Lugo unha proba nacional desta relevancia” e destacou a importancia do club na dinamización da zona a tra-

vés de clases, torneos e outras actividades que organiza durante todo o ano.

Ademais, Arias reafirmou o compromiso do Goberno galego para seguir colaborando con iniciativas coma esta.

NOVA CANASTRA



Seis días despois de ser inaugurada a nova canastra de baloncesto instalada na praza de Augas Férreas nun acto no que estiveron representantes do Goberno local xunto co do director xeral do CB Breogán, Salva Arco; o xogador Dragan Apic; e a mascota do equipo, Máximus, así como o xerente de equipo do Ensino Lugo CB, Cata Polini, esta caeu logo de soltarse da base.

DE RUTA EN RUTA

Lugo: Ruta Río Mera e Monte Pena de Rei

Comeza na ponte romana e percorre un sendeiro cheo de encanto, pasando pola Fábrica da Luz e cruzando a pasarela peonil

A Ruta Río Mera e Monte Pena de Rei de Lugo ten un percorrido de 23 km e é de dificultade moderada, durante a cal se poden descubrir as paisaxes máis fermosas da cidade e dos seus arredores, deixando ao paso recunchos de gran valor ambiental e patrimonial.

A ruta comeza na ponte romana de Lugo, un dos símbolos da cidade, e percorre un sendeiro cheo de encanto, pasando pola Fábrica da Luz e cruzando a pasarela peonil que leva ao barrio de San Lázaro. Desde aquí, a senda enlaza co paseo fluvial do río Miño, onde se comeza a desfrutar dunha paisaxe fluvial sen igual, rodeada por unha vexetación que preserva a serenidade e tranquilidade da zona. O río Mera, que se cruza pouco despois, é o gran protagonista desta primeira parte do percorrido. Unha vez no río, a ruta emprende o camiño cara ao Muiño do Castro, que se atopa á dereita do sendeiro. Este pequeno e antigo muiño é un testemuño da vida rural que marcou a historia da zona. Ao avanzar, a ruta introduce aos sendeiristas nun encantador bosque de follaxe caducifolia, onde a natureza parece con-



servar toda a súa autenticidade. O percorrido continúa entre zonas de rápidos do río e pequenas cascadas que aportan unha beleza única ao camiño.

Ao chegar á ponte do Mera, o percorrido segue a súa marcha, sempre pegado ao río, pero agora a senda transita por unha zona máis tranquila e afastada da civilización. Esta parte do camiño destaca pola súa paisaxe máis abrupta e as pasarelas que salvan pequenas formacións rochosas. O Muiño da Costa, outro dos puntos de interese, atópase neste tramo, xunto ao río.

A segunda parte do camiño leva a un cruzamento de sendeiros, onde se toma a senda de xiros á esquerda para continuar ata o final do sendeiro do río. Neste punto, a ruta enlaza cunha pequena estrada que dirixe cara á aldea de Penarrubia, un pobo que conserva a súa arquitectura tradicional. Despois de camiñar uns 300 metros, un desvío á esquerda leva aos peregrinos cara á aldea, pero o verdadeiro atractivo da ruta atópase ao des-

viarse unha vez máis, esta vez cara ao Monte Pena de Rei.

O Monte Pena de Rei, o monte máis elevado ao redor de Lugo, é a seguinte gran meta deste percorrido. A 650 metros de altura, o cume do monte ofrece unhas vistas espectaculares da cidade de Lugo e das súas contornas. O sendeiro que leva á súa cume é un continuo ascenso rodeado de bosques autóctonos, que engaden un toque máxico ao percorrido. A variedade de vexetación, que vai desde pinos ata especies de árbores de follaxe caduca, fai que cada paso sexa un pracer visual.

Unha vez alcanzada o cume, a ruta comeza o descenso de volta, agora polo sendeiro que conduce a Penarrubia. Ao baixar, os sendeiristas poden gozar dunha paisaxe máis serena, que leva ao pobo, onde se aprecian exemplos da arquitectura tradicional galega. A aldea, coas súas casas de pedra e tellados de lousa, é o lugar perfecto para un descanso antes de continuar co camiño.

Despois de Penarrubia, a ruta toma un novo desvío cara ao Monte Pe-



narrubia, un pequeno monte que tamén ofrece vistas espectaculares, aínda que neste caso non se chega á súa cume, onde se atopan unhas antenas de telecomunicación. Ao continuar pola ruta, un pequeno sendeiro introduce aos camiñantes nunha nova zona de bosques autóctonos, sen deixar de percorrer paisaxes de gran beleza natural.

O último tramo da ruta leva aos sendeiristas de volta á senda fluvial do

río Miño, un camiño que, pegado ao río, leva de novo ata a ponte romana de Lugo, pechando así un percorrido circular que deixa unha sensación de satisfacción, tanto pola beleza do camiño como pola súa diversidade paisaxística.

A ruta é unha opción perfecta para aqueles que queiran coñecer o Lugo máis natural e gozar dunha experiencia única de sendeirismo nas súas inmediacións.



DATOS



5 horas



23 quilómetros



Dificultade fácil-media



3.777,00 €
2.999,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

TRACTOR CUB CADET LT2 NR92

Motor: Cub Cadet OHV - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidad recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciones



FINANCIACIÓN**
12 PAGUE EN MESES SIN INTERESES



MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO



MOTOSIERRA HUSQVARNA 120 MARK II

Motor: Husqvarna 38,2 cm³ - 1,4 kW.
Ancho de hoja: 35 cm.
Velocidad cadena: 3/8 BP-1,3 mm.
Peso: 4,85 kg.

1,4 kW 438,2 cm³ 35 cm 3/8 BP-1,3 mm 4,85 kg

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com